Sobre as medidas urxentes previstas pola Xunta de Galicia para garantir no CEIP Santa Mariña de Cabral e no CEIP Igrexa-Candeán, de Vigo, a impartición dunha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade

CSV: BOPGDSPG-Vcxm3ZJV-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 11826 (12/POP-001836)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis
Sobre as medidas necesarias para garantir o dereito do alumnado do IES de Valadares, de Vigo, a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade

- 11833 (12/POP-001837)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a estratexia que prevé a Consellería do Mar para impulsar o diálogo coas confrarías co fin de abordar a xestión dos bancos marisqueiros

- 11844 (12/POP-001838)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 4 máis
Sobre as medidas que prevé levar a cabo o Goberno galego encamiñadas a cumprir a Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias no ámbito da atención sanitaria

- 11850 (12/POP-001839)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis
Sobre as medidas que prevé poñer en marcha a Xunta de Galicia para mellorar a calidade educativa e a atención á diversidade na Escola de Educación Infantil Rúa Aragón, de Vigo

- 11856 (12/POP-001840)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina
Sobre a dotación docente do CPI O Cruce, de Cerceda

- 11861 (12/POP-001841)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 5 máis
Sobre a dotación de persoal administrativo na Oficina Agraria Comarcal de Castro Caldelas

- 11866 (12/POP-001842)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia orientadas a desenvolver unha política integral de I+D

- 11872 (12/POP-001843)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis
Sobre o estado das instalacións do CEIP Altamar, de Vigo

- 11879 (12/POP-001844)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-Vcxm3ZJV-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre o plan do Goberno galego para a mellora da ordenación do territorio e da eficiencia na xestión dos recursos na Administración local en caso de fracasar a fusión voluntaria de concellos

- 11891 (12/POP-001845)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis
Sobre a reprogramación das obras de ampliación do CEIP Plurilingüe Inmaculada, de Ourense

- 11895 (12/POP-001846)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 5 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego das conclusións do informe do Consello da Cultura Galega relativas ao impacto socioeconómico do Proxecto Gama

- 11910 (12/POP-001847)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a posibilidade de lles facilitar aos facultativos da atención primaria a capacidade de solicitar probas diagnósticas complementarias e de recibilas informadas

- 11920 (12/POP-001848)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e Ruanova Vilas-Boas, Brais
Sobre o acordo acadado na Mesa de Diálogo Social de Seguridade Social do 31 de xullo deste ano no relativo á xubilación no sector manufactureiro

- 11924 (12/POP-001849)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións que ten o Goberno galego para o curso 2024-2025 no referido á dotación do CEIP Canosa-Rus, de Coristanco, de persoal especializado e profesionais de Audición e Linguaxe

- 11936 (12/POP-001850)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Fernández Davila, María Cristina
Sobre a situación dos centros educativos da Costa da Morte no referido ás súas necesidades de dotación docente

- 11940 (12/POP-001851)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar
Sobre as achegas da Xunta de Galicia ás entidades locais para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos

CSV: BOPGDSPG-Vcxm3ZJV-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 11949 (12/POP-001852)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para rectificar as eivas sinaladas polo Consello de Contas na súa política de planificación e execución dos fondos europeos

- 11982 (12/POP-001853)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto da colaboración no financiamento da nova EDAR da Illa de Arousa

- 11989 (12/POP-001854)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre o acordo acadado polo Goberno central para o traspaso ás mutuas das probas e tratamentos sanitarios das persoas en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns

- 11997 (12/POP-001855)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a xestión dos encoros das bacías hidrográficas de competencia autonómica co fin de controlar o impacto do seu baleirado na salinidade das augas das rías

- 12003 (12/POP-001856)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a postura que pensa adoptar a Xunta de Galicia na tramitación do parque eólico Hedreira, situado nos concellos de Beariz, A Lama e Avión

- 12010 (12/POP-001857)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 4 máis
Sobre as estratexias da Xunta de Galicia para mellorar a comercialización e distribución dos produtos locais de agricultura ecolóxica sen dependencia das grandes distribuidoras

- 12015 (12/POP-001858)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 6 máis
Sobre a inundación producida na planta de cardioloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, o 25 de setembro de 2024

1.4.4.1.1. Preguntas orais
1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

CSV: BOPGDSPG-Vcxm3ZJV-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 12115 (12/PUP-000045)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuidade do Departamento de Lingua Portuguesa do IES San Paio, de Tui

- 12118 (12/PUP-000046)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre o alcance previsto do paquete de medidas anunciado polo Goberno galego para solucionar o problema dos stocks de viño

1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 12132 (12/POPX-000017)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gómez Besteiro, José Ramón
Sobre as medidas que pensa implementar nas políticas da Xunta de Galicia para afrontar os principais problemas que vive a mocidade galega na actualidade

- 12133 (12/POPX-000018)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a valoración que fai da ampliación do contrato da concesión da AP-9 realizada polo Goberno do Estado en 2000

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2024
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-Vcxm3ZJV-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:14:59
Nº Rexistro: 11985
Data envio: 26/09/2024 17:14:59.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de setembro, sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar (doc. núm **10609**, [**12/INT-000467**]).

Moción

"O Parlamento reproba as declaracións do presidente da Xunta de Galiza desprezando o Consello da Cultura Galega así como o informe realizado por este organismo sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas. Así mesmo, a Cámara insta o Goberno galego a:

1. Diante dos graves prexuízos ambientais, territoriais e socioeconómicos que tería a implantación dunha fábrica de celulosa en Palas de Rei e na súa contorna, deixar de apoiar a súa instalación.

2. Apoiar o tecido socioeconómico das comarcas afectadas polo proxecto de Altri a través do impulso do Plan Ulloa-Ulla-Arousa que permita mobilizar con carácter plurianual 250 millóns de euros e integrado polas seguintes actuacións:

a) Apoio aos sectores produtivos das comarcas da Ulloa, Terra de Melide, Arzúa e Deza a través da mobilización de superficie agraria útil que permita o acceso das explotacións da zona a base territorial. Neste senso, a Xunta de Galiza priorizará a culminación dos procesos de concentración parcelaria pendentes desde hai décadas.

CSV: BOPISDBDGaWcmp87J1v87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:14:59
Nº Rexistro: 11985
Data envio: 26/09/2024 17:14:59.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Impulso de programas específicos dirixidos a apoiar a PEMES e cooperativas así como á creación dun grande polo agroalimentario.

c) Desenvolvemento dun proxecto de protección e recuperación das augas do encoro de Portodemourous e de mellora da calidade das augas do río Ulla en cumprimento co disposto na Directiva Marco da Auga.

d) Realización dun estudo de viabilidade dunha planta de produción de fibras téxtiles a partir da reciclaxe de roupa."

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2024 17:13:10

CSV: BOPIS0BOG-2Mcxgs8Z1V87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 10:48:36
Nº Rexistro: 12028
Data envio: 27/09/2024 10:48:36.081

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de setembro, sobre as novidades na política da Xunta de Galiza respecto dos residuos municipais (doc. núm **5103**, [**12/INT-000306**]).

Moción

"O Parlamento insta a Xunta a:

1. Retirar a proposta de suba unilateral e abusiva do canon de SOGAMA, que suporía un incremento desde os 56 euros (canon coa bonificación do 15%) até os 108 euros.

2. Abrir unha vía de diálogo coas entidades locais en relación co modelo de xestión dos residuos municipais e os seus custos, co obxectivo de acadar un acordo de país en materia de residuos que deberá ser refrendado polo parlamento no prazo máximo de seis meses.

3. Iniciar un programa de colaboración coas entidades locais en materia de residuos, coas seguintes liñas de actuación:

-Colaboración e asesoramento para a elaboración e aprobación de ordenanzas municipais de residuos, así como de plans de prevención e xestión de residuos.

-Colaboración e asesoramento para a posta en marcha de servizos de inspección de residuos.

CSV: BOPRIS0BOG-XXXXXXXX-XXXXXXXX
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 10:48:36
Nº Rexistro: 12028
Data envio: 27/09/2024 10:48:36.081

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Colaboración e asesoramento para a implantación de sistemas de recollida separada de biorresiduos e doutras fraccións (téxtiles, enseres, mobiliario) de recollida separada obrigatoria a partir de 2025.

-Colaboración no establecemento de taxas ou prestacións patrimoniais, que permitan implantar o pagamento por xeración e que reflictan o custo real da recollida, transporte e tratamento dos residuos.

4. Crear un fondo para a mellora da xestión dos residuos municipais, dotado cos ingresos do imposto ao vertido e á incineración. Este fondo destinarase ao fomento de boas prácticas e ao financiamento de iniciativas municipais aliñadas coa xerarquía de residuos e co cumprimento dos obxectivos de redución, recuperación e reciclaxe.

5. Retirar o título VII ("Residuos biometanizables") do proxecto de lei de beneficios sociais e económicos dos recursos naturais de Galiza, porque condiciona o modelo de xestión dos biorresiduos municipais e está feito de costas aos intereses e á opinión das entidades locais."

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 27/09/2024 10:48:06

CSV: BOPRIS0BPG-cv-01-Entrada-10-97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 11:50:16
Nº Rexistro: 12031
Data envio: 27/09/2024 11:50:16.550

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 24 de setembro, sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos (doc. núm. 5504).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Que se recade con carácter finalista, o imposto derivado da Lei 7/22 do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para una economía circular, co destino de bonificar aos concellos, e que estes poidan manter o canon existente antes da súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2023, mantendo tamén a bonificación extra do 15 %, que no caso de Sogama, se viña aplicando aos concellos que cumpran os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:

a) Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.

b) Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada de materia orgánica.

c) Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario.

2. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de

CSV: BOPSDBOG-03k4z3ZJV-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais por seren detraídos do Fondo de Cooperación Local.

3. Incrementar as subvencións aos concellos para a implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

4. Que se constitúa unha comisión de traballo entre Sogama, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a Fegamp para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de orzamento da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon a través da implantación do contedor marrón, da compostaxe individual ou comunitaria, ou modelos de xestión alternativos.

5. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes en Galicia, como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 e establecer mecanismos de colaboración cos diferentes sistemas de xestión e modelos de reciclaxe xa existentes no noso territorio.

6. Promover campañas de sensibilización e concienciación social para favorecer o consumo responsable, inmaterial e reutilizable, así como a necesidade de separación en orixe para a posterior reciclaxe.

7. Impulsar e mellorar o programa de compostaxe doméstico, orientando non só a concellos senón tamén a organismos públicos ou privados, que polas súas características xeren gran volume de lixo orgánico (prisións, escolas,

CSV: BOPSDBPG-03k4z3ZJV-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

residencias maiores ou menores, hospitais.....), instaurando a obriga de desenvolvelos nos organismos de carácter público.

Parlamento de Galicia, 27 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/09/2024 11:48:40

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/09/2024 11:48:49

CSV: BOPSDBPG-07ikr4ZZJV-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 17:37:05
Nº Rexistro: 12068
Data envio: 27/09/2024 17:37:05.912

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 25 de setembro, sobre o balance das políticas de normalización lingüística (doc. núm **1377**, [**12/INT-000068**]).

Moción

"O Parlamento insta a Xunta a recuperar o consenso e impulsar un Acordo pola Lingua sustentado no compromiso de impulsar as seguintes medidas:

1.- Impulsar un proceso participativo, amplo e plural, para avaliar o desenvolvemento do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega por parte do goberno da Xunta, vinte anos despois da súa aprobación, e actualizar as medidas de reforzo positivo do galego ás necesidades e oportunidades comunicativas actuais e de futuro.

2.- Revisar a Lei de Normalización Lingüística de 1983 para actualizar e adaptar un texto de referencia para a normalización social do galego á realidade da sociedade galega do século XXI e das contornas sociais, culturais, económicos e tecnolóxicos actuais.

3.- Elaborar un novo decreto que regule a aprendizaxe da e desde a lingua galega no sistema educativo, que elimine a discriminación do galego no ensino e

CSV: BOPARDG-BC/MBE2S-67
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 17:37:05
Nº Rexistro: 12068
Data envio: 27/09/2024 17:37:05.912

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garanta a súa aprendizaxe, en cumprimento da Lei de normalización lingüística, da Carta Europea das Linguas Minorizadas e conforme as medidas aprobadas por unanimidade no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega:

2.1.22. Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.

2.1.23. Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.

2.1.24. Na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

2.1.27. Na educación secundaria obrigatoria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

2.1.28. Nos bacharelatos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

2.1.29. Nos ciclos formativos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

4. Eliminar o artigo 7 do Anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza para a sociedade dixital, referido á redución de presenza e uso da lingua galega na CRTVG coa entrada doutras linguas, o que implicaría renunciar ao papel central que os medios públicos galegos deben desempeñar na normalización da lingua galega.

CSV: BOPRSDBC3C1M6ZZ3V67
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2024 17:37:05
Nº Rexistro: 12068
Data envio: 27/09/2024 17:37:05.912

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Desenvolver a Iniciativa Xabarín pola programación infantil e xuvenil en galego nos contidos audiovisuais, tal e como se aprobou por unanimidade no Parlamento galego en maio de 2021."

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2024 17:35:32

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2024 17:35:49

CSV: BOPRSDBCBC0MBE2SV67
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2024 11:00:53
Nº Rexistro: 12072
Data envio: 28/09/2024 11:00:53.800

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Lara Méndez López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 24 e 25 de setembro do 2024, sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia (12/INT-000201, doc. núm. 2985).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acordar coa Fegamp o incremento do financiamento local a través do Fondo de Cooperación Local, con criterios obxectivos de reparto, para incrementar a autonomía financeira das entidades locais, que se vén obrigadas a asumir competencias impropias que a Xunta de Galicia non está a exercer.

Santiago de Compostela, 28 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 28/09/2024 10:59:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/09/2024 10:59:50

CSV: BOPSDBOGSVXXPN0ZKG-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 12:02:13
Nº Rexistro: 11623
Data envio: 20/09/2024 12:02:13.053

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os representantes das ANPA e os grupos municipais da oposición veñen denunciando a falta de compromiso e de responsabilidade da consellería de educación cara á situación dos centros educativos da cidade.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de "deixamento absoluto" cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, atópase indignada ao non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir neste comezo de curso. Os recortes que está a aplicarse repercuten non só na calidade da docencia que reciben os nenos e nenas, senón tamén na carga do profesorado.

Nos centros da cidade de Ferrol atopamos distintas problemáticas que, en todos os casos, afectan a calidade educativa:

O IES Ferrol Vello comeza o curso con dous docentes menos, que trae como consecuencia a supresión dun itinerario en 4º da ESO, Ciencias Sociais e as Humanidades. Nun centro pequeno como é o IES Ferrol Vello, dous profesores representan un alto porcentaxe do cadro docente, polo que máis alá da perda das optativas de latín e de economía, significa a perda de moitas das horas que dedicaba o profesorado a programas educativamente tan interesantes como os recreos dinámicos, titorías entre iguais, os recunchos dá calma, ou a

CSV: BOPSDEG-7/xfmaZdv-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posibilidade de constituír grupos de aprendizaxe específico de linguas, etc., poñendo en risco unha serie de programas efectivos e fundamentais para un ensino integrador, equitativo e de calidade.

No IES Canido tamén se reducen dous docentes e outros dous no IES Sofía Casanova, de maneira que tamén suprímense especialidades e as materias son impartidas por profesorado de areas afíns que teña dispoñibilidade.

O IES Catabois, cunha alta porcentaxe de familias en risco de exclusión social e de migrantes, que non teñen nin o español nin o galego como primeira lingua, non ten en este momento persoal para realizar o reforzo para a acollida lingüística necesaria para o seu progreso no sistema educativo.

No CEIP Ledicia, único centro de ensino público no barrio de Caranza, con 27 alumnos en 2º de primaria, catro dos cales teñen necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), non se concedeu até agora un desdobramento, unicamente concédese un profesor compartido co CEIP Isaac Peral, co que contando coas horas dos profesores de música e educación física que prestaban apoio noutros grupos, poderán facer desdobramento só os dous días que teñan asignado ese profesor compartido quedando desatendidos os outros grupos.

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, cando en realidade estase producindo, no caso do concello de Ferrol, unha redución de profesorado e dos especialistas, PT e AL, que son fundamentais, como é o caso do IES Ferrol Vello, que non poden ser substituídos polos reforzos do Programa PROA+, que son benvidos, pero que son profesores de apoio para aquelas aulas que teñan polo menos un 30% con NEAE.

CSV: BOPISDBDGaIXtWVfm9JdvH-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 12:02:13
Nº Rexistro: 11623
Data envio: 20/09/2024 12:02:13.053

A Consellaría de Educación di estar avaliando os datos para organizar as unidades escolares en función das matrículas centro a centro para tomar decisións sobre agrupamentos. Isto e inadmisible xa que realizase tardiamente co curso comezado, provocando nos equipos directivos incertezas e ter que realizar novas programacións cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Manter os efectivos do curso pasado é a oferta de itinerarios educativos nos centros do Concello de Ferrol e realizar ou desdobre de unidades necesaria así como a dotación de recursos humanos e materiais que fagan posible ou cumprimento dás cocientes máximas.
- Dotar de profesorado especialista en PT e AL nos centros para dar apoio ao alumnado con necesidades especiais (NEAE), permitindo así unha verdadeira educación inclusiva nos centros ferroláns.
- Incorporar ao persoal do plan PROA+ como persoal de apoio e non como substitución do profesorado especialista en AL e PT. Dotar nos centros de Ferrol de persoal de reforzo de competencias lingüísticas para o alumnado migrante especialmente nos centros un numero importante de poboación migrante.

Santiago de Compostela, 19 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPSDEG-7/v/mazdv-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 12:02:13
Nº Rexistro: 11623
Data envio: 20/09/2024 12:02:13.053

Grupo
Parlamentario
Socialista

Julio Abalde Alonso na data 20/09/2024 12:00:07

Silvia Longueira Castro na data 20/09/2024 12:00:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/09/2024 12:00:25

CSV: BOPSDEG-7xx/fm3/dtv-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 13:19:35
Nº Rexistro: 11637
Data envio: 20/09/2024 13:19:35.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á inclusión na nova licitación da concesión do transporte público do Barbanza dun servizo entre os concellos da zona e a estación de ferrocarril ubicada en Catoira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo, o conselleiro de Presidencia transmitiulle aos alcaldes da comarca do Barbanza que a concesión do transporte regular na zona sería obxecto dunha nova licitación.

Segundo se fixo público pola propia Consellaría, "a medida busca garantir a prestación do servizo segundo as demandas e necesidades das persoas usuarias, detectadas a través do labor de seguemento que está a realizar a Xunta … e cumprir o acordo unánime do Parlamento no que se instaba ao Goberno a empregar todas as ferramentas incluídas no Prego de cláusulas administrativas para a mellora na prestación do seu servizo público na comarca do Barbanza", que fora impulsado polo BNG e tomado na Comisión 2ª o 30 de novembro de 2023.

Sen dubida, unha decisión que satisface a este Grupo Parlamentar e, de seguro, ao conxunto da cidadanía da comarca, despois de anos denunciando as moitas deficiencias e incumprimentos por parte da empresa concesionaria do transporte no Barbanza.

CSV: BOPRSDBOC2ylymx3ZJTZ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 13:19:35
Nº Rexistro: 11637
Data envio: 20/09/2024 13:19:35.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, se o que se quere lograr por parte da Consellaría é precisamente dar resposta ás demandas e necesidades das persoas usuarias do transporte público nesa comarca, é imprescindíbel coñecer tamén que, ademais da mellora dos servizos que xa se prestan, existe unha alta demanda de ampliación dos mesmos.

Nomeadamente, resulta incomprensíbel que a conexión, a día de hoxe, entre a nosa comarca e a beira sur da ría de Arousa sexa practicamente inexistente, máxime cando hai un número importante de persoas, sobre todo estudantes mais non só, que se desprazan acotío á estación do ferrocarril ubicada en Catoira, por ser a máis cercana, para facer uso dos trens hacia Santiago, A Coruña, Pontevedra, Vigo ou outros destinos.

Un servizo de autobús que conecte a comarca do Barbanza con esa estación de ferrocarril é unha necesidade e, nun primeiro momento, pode consistir nunha liña Catoira-Ribeira as fins de semana, que permita voltar aos estudantes os venres á tardiña. Do mesmo xeito, os domingos en sentido Ribeira-Catoira, con paradas nos catro concellos da comarca.

En definitiva, de levarse a cabo, sería o comezo dun servizo de autobús ata o de agora inexistente e que, en función dos usuarios e usuarias do mesmo, podería ampliarse paulatinamente, tanto no referido aos horarios como ao número de paradas.

Se, tal e como recoñeceu a propia Consellaría de Presidencia no mes de xullo, "a importancia estratéxica do transporte público fai precisa unha actualización constante que atenda as demandas reais e se adapte ás características territoriais …", é máis acaído ca nunca considerar a necesaria conexión entre as dúas beiras da ría de Arousa, co obxectivo de facilitar a mobilidade e a accesibilidade á mesma no conxunto do territorio.

CSV: BOPRSDBOC2ysxxx3EJTE-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 13:19:35
Nº Rexistro: 11637
Data envio: 20/09/2024 13:19:35.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

. Incluír na nova licitación da concesión do transporte público do Barbanza un servizo de autobús entre os catro concellos desta comarca e a estación de ferrocarril de Catoira, con cando menos dous horarios Catoira-Ribeira os venres pola tarde e outros dous Ribeira-Catoira os domingos pola tarde.

. Contemplar nos pregos desa nova licitación a posíbel necesidade de ampliar o servizo progresivamente, en función dos usuarios e usuarias do mesmo, tanto en canto aos horarios como ao número de paradas."

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Paulo Ríos Santomé
Deputada e deputado do G.P. do BNG
Rosana Pérez Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2024 12:59:45

CSV: BOPRSDBOCZ-ycxx3EJTZ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 13:19:35
Nº Rexistro: 11637
Data envio: 20/09/2024 13:19:35.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2024 13:13:36

Rosana Pérez Fernández na data 20/09/2024 13:13:38

CSV: BOPIS/DBOC/xyxxx3ZFE-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2024 11:02:40
Nº Rexistro: 11677
Data envio: 23/09/2024 11:02:40.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de mellorar o servizo de pediatría da Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Fisterra leva máis de cinco anos sen que se cubra o servizo de pediatría, unha praza de especialista, que segue vacante. O nenos e nenas de Fisterra seguen a ser desprazados ao centro de saúde de Cee, cando o PP afirmou en plena campaña electoral, que as prazas de pediatría na Costa da Morte, cubriríanse a través do procedemento extraordinario para prazas de difícil cobertura e comezarían a traballar o 18 de marzo, e despois desa data, a situación non variou.

Tampouco acertou a Consellería de sanidade a dicir a verdade, cando afirmaba que este verán pasado a praza vacante ía ser cuberta por unha pediatra. Un novo engano que só sirve para que as nais e pais teñan que seguir desprazándose ao centro de saúde de Cee.

Dáse a circunstancia, que recentemente o pediatra que ocupaba a praza nos centros de primaria de Muxía e Dumbría, pasou a cubrir a praza no centro médico de Cee, polo que agora mesmo, este presta servizo para os nenos e nenas de Fisterra, Corcubión, Cee, Muxía e Dumbría, quedando dúas novas vacantes sen proveernos concellos abandonados.

CSV: BOPISDEGxxx

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2024 11:02:40
Nº Rexistro: 11677
Data envio: 23/09/2024 11:02:40.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta reordenación da xerencia da área Sanitaria Coruña-Cee, non fai máis que provocar unha saturación do servizo no centro de Cee, ao retrasarse as revisións dos rapaces e rapazas, así como a súa vacinación e sobre cargando o traballo dun só pediatra, xusto cando se inicia o curso escolar e comeza a proliferación de catarreiras e contaxios. Ademais de provocar desprazamentos innecesarios en coche aos pais e nais, que de cubrirse as prazas vacantes, non terían que facelos.

O mesmo problema se dá no concello de Carnota, que dende maio deste ano, unha das pediatras do centro de saúde de Muros, deixou de desprazarse e prestar servizo no centro carnotán, dado que acudía ao mesmo os luns, mércores e venres de 8,30 a 12,00 horas. Dende maio, teñen que ser os pais e nais dos nenos e nenas as que teñan que desprazarse ao centro de saúde de Muros para acudir á consulta, unha medida incomprensible, posto que a Xunta opta por deixar de prestar este servizo en Carnota, perxudicando aos veciños, e promovendo o desprazamento de ducias de coches diariamente, cando sería mellor que só se desprazara un só coche, o do/a pediatra, unha medida por tanto moi pouco acorde coa sustentabilidade ambiental.

Foron algunhas nais as que se queixaron e reclamaron por escrito para reverter esta situación, sen que a unidade xestora de atención primaria dese unha resposta motivada satisfactoria, cinguíndose exclusivamente ao argumento de optimización dos recursos, mais afirmando que os nenos e nenas de menos de 3 anos os está a valorar o pediatra do centro máis próximo, e os maiores desa idade, os valoran o médico de atención primaria para determinar as accións correspondentes, eliminando así a atención especializada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

CSV: BOPISDBDGaxfaRM3TJ4Q-E
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2024 11:02:40
Nº Rexistro: 11677
Data envio: 23/09/2024 11:02:40.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1- Proveer as prazas de pediatría nos centros de saúde de Fisterra, e de Dumbría e Muxía, de forma urxente, cun profesional médico especialista.

2- Ofrecer novamente o servizo de pediatría no centro de saúde de Carnota nas mesmas condicións anteriores a maio deste ano, como mínimo."

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Montserrat Prado Cores
Deputado e deputada do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 23/09/2024 10:54:57

María Montserrat Prado Cores na data 23/09/2024 11:01:55

Olalla Rodil Fernández na data 23/09/2024 11:02:18

CSV: BOPRSDBEG-xBRD37dQ-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Ernesto Abalde Alonso, Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste inicio do curso 2024/2025, as familias dos nenos escolarizados no CEIP O Pindo (Carnota), e na escola unitaria referente para o alumnado do Ézaro (Dumbría) e de diversos núcleos de Carnota, especialmente Pindo, Curra, Quilmas, Panchés e Caldebarcos, veñen denunciando a precaria situación na que se atopan os centro e a deficitaria atención educativa que están tendo os seus fillos e fillas neste curso.

A Comunidade educativa do centro está constatando este curso como dende a Consellería de Educación estase facendo unha pésima xestión, con recortes totalmente inaceptables e unha redución de persoal totalmente inexplicable e que socava o bo proxecto levado a cabo nos últimos cursos.

Tanto a Dirección do centro, como o alcalde do Concello de Carnota, como a ANPA do centro fixeron chegar á Administración educativa as peticións básicas que se precisan para que o alumnado sexa atendido; a día de hoxe, co curso comezado, seguen sen respostas e sen solucións.

As súas xustificadas demandas para o curso 2024/2025 foron remitidas aos servicios territoriais e abordadas na reunión mantida entre o alcalde de Carnota e o conselleiro de Educación o pasado 2 de setembro, a quen fixeron chegar de novo as peticións de toda a comunidade educativa: Consello Escolar,

CSV: BOPISDBDG-Verif1920Dv1-P
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

familias con alumnado que presenta necesidades educativas específicas e profesionais educativas do centro educativo, sen que ata o momento obtiveran resposta.

As súas xustas peticións son: dotar de máis horas de mestres especialistas en PT e AL. Actualmente contan con un PT durante 5 horas, redución do 50 % respecto ó curso pasado, totalmente insuficientes polo que se solicita recuperar as horas do curso anterior. Especialista AL a tempo completo: actualmente non dispoñen de especialista AL cando o curso pasado dispoñían de 10 horas de AL. A Consellería comprometeuse a dotar un AL a tempo completo, pero ata este momento nos se asignou. Igualmente solicitan Persoal Auxiliar Coidador para un alumno que, segundo o Equipo de Orientación da propia Consellería, precisa do apoio de especialistas en PT, AL e Persoal Auxiliar Coidador e que, a día de hoxe, está desatendido.

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades e a equidade. cando na realidade estase a producir unha diminución na calidade da educación e discriminación da escola rural provocando unha fuxida cara as zonas urbanas. Situación que se ve confirmada co peche de seis escolas unitarias este curso.

O propio conselleiro de Educación é coñecedor de primeira man da situación no CEIP O Pindo e destas demandas polo que é incomprensible a inacción e a falta de resposta da Consellería.

CSV: BOPSDEG-Vex1920-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar unha resposta urxente á comunidade do CEIP O Pindo en Carnota dotando do persoal necesario de mestres Especialistas (PT e AL) e Persoal Auxiliar Coidador para a atención do alumnado do centro, especialmente o máis vulnerable.

Santiago de Compostela, 23 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/09/2024 10:33:53

Patricia Iglesias Rey na data 24/09/2024 10:34:12

Silvia Longueira Castro na data 24/09/2024 10:34:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/09/2024 10:34:31

CSV: BOPSDEG-Ve1ZQM-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 11:38:53
Nº Rexistro: 11745
Data envio: 24/09/2024 11:38:53.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández,** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á reprobación das afirmacións banalizadoras da violencia machista do Presidente da Xunta sinalando que as actuacións dun cargo público acusado de exercer a violencia machista é algo "persoal".

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista é un dos principais problemas da sociedade e froito da vixencia do patriarcado. É fundamental no seu combate a unanimidade no seu recoñecemento, na súa condena, na súa visibilización e na posta en marcha de recursos para a sensibilización, a intervención e a reparación.

Un dos ámbitos simbólicos máis importantes é o da representación pública e política. Tanto pola súa importancia na sociedade como polo contexto actual no que vivimos, no que a dereita negacionista está impoñendo unha axenda de recortes e de retrocesos, nos que o simbólico ten un papel central e busca erosionar progresivamente consensos que tiñamos acadado. Así, estamos a ver como hai un intento de banalizar a violencia de xénero equiparándoa e homologándoa a calquera tipo de violencia, como se a súa orixe e explicación nada tivese que ver coa desigualdade das mulleres e o intento de dominación patriarcal. Asemade, estamos a ver que ademais dunha volta ao cuestionamento das vítimas e de divulgación de bulos que se tiñan reducido, como o das denuncias falsas, hai unha crecente onda de pensamento que busca sinalar os homes

CSV: BOPISDBDCQW7GBNZXW76
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 11:38:53
Nº Rexistro: 11745
Data envio: 24/09/2024 11:38:53.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como vítimas ao mesmo nivel que as mulleres. Como proba deste retroceso vemos gobernos que impulsan recursos de atención á violencia sexual para os homes, como se máis do 90% das agresións sexuais non fosen sobre mulleres (e tendo en conta que son a inclusión de delitos como o da prostitución os que fan que se reduza o peso das mulleres nestas estatísticas).

A condena social á violencia machista é un elemento fundamental no seu combate, con independencia das condenas xudiciais que poida consumar a xustiza. Por iso, é necesario que cando un cargo público, cunha responsabilidade de exemplaridade, é acusado dunha cuestión tan grave como cometer violencia machista, sexa apartado das súas responsabilidades. As organizacións políticas e as corporacións das distintas institucións deben ser conscientes de que a violencia machista dáse na sociedade no seu conxunto e polo tanto nos seus espazos, e actuar en consecuencias.

Por estes motivos, resulta de todo inadmisible que o Presidente da Xunta de Galiza, o máximo responsable de facer efectivas no noso país as políticas de igualdade e violencia machista, banalice este tipo de situacións reducíndoas a algo persoal conforme recollen as declaracións recollidas pola prensa após o Consello da Xunta do 23 de setembro de 2024.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento Galego acorda, por resolución, reprobar as afirmacións banalizadoras e reducionistas do Presidente da Xunta de Galiza ao afirmar que a renuncia dos cargos públicos acusados de violencia machista é unha cuestión persoal e a reafirmarse na súa vontade de combater calquera discurso que reduza a importancia a

CSV: BOPISDBDGCWV7GNZXW76
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 11:38:53
Nº Rexistro: 11745
Data envio: 24/09/2024 11:38:53.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

violencia machista como un problema social e colectivo de primeira orde e consecuencia da vixencia do sistema patriarcal."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2024 11:34:04

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2024 11:38:33

CSV: BOPGDPCQV7GNZXW76
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O programa Alerta Escolar son un conxunto de accións administrativas, informativas e operativas que implica ás consellerías competentes en materia de educación e sanidade, permitindo a atención urxente ó alumnado cunha serie de condicións crónicas potencialmente graves como son as crises alérxicas, crises comiciais ou crises diabéticas.

Este programa ten como obxectivo principal o recoñecemento temperá así como o tratamento inmediato e enérxico de situacións que poden poñer en perigo a vida do paciente como a hipoglucemia no paciente diabético ou relacionada con metabolopatías, as convulsións e anafilaxe có fin de mellorar ó paciente e reducir as complicacións.

O Programa Alerta Escolar pretende a coordinación entre o profesorado, facendo que sexa capaz de recoñecer a emerxencia médica provocada por un cadro agudo das patoloxías descritas e de prestar unha primeira atención mentres non chegan os recursos adecuados en coordinación ca Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Na actualidade, os estudantes de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato da nosa comunidade suman ó redor de 220.000 alumnos e forman parte deste programa máis de 10.000 nenos rexistrados na actualidade, o que supón un 4,5%.

CSV: BOPISDBDGKvgxtaZLw67
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Dende este Grupo parlamentario cremos que o establecemento destes programas permiten mellorar a atención dos cativos máis vulnerables e a súa seguridade en caso de emerxencia, sempre dende o eido da educación e da prevención.

É por elo que consideramos que se debería incrementar as accións formativas ca finalidade de introducir algo tan común coma o asma, como unha das enfermidades incluídas no programa.

O obxectivo fundamental sería facilitar a identificación precoz do neno cunha crise asmática en calquera nivel, pero especialmente desde un centro educativo mediante unha actuación coordinada multidisciplinar (profesores, médicos e coordinadores do 061) e garantir a implantación de forma inmediata todas as medidas que demostraron a remisión ou melloría da crise.

Activar o programa Alerta Escolar en todos os pacientes con crise asmática grave rexistrados permitiría reducir os tempos dende o diagnostico, o inicio do tratamento e a administración da medicación co fin de reducir as complicacións. Á vez que se promove a sensibilización ós profesores e pacientes da importancia da prevención, detección e tratamento precoz da crise asmática.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promocionar o Programa Alerta Escolar entre a comunidade educativa có fin de incrementar a poboación escolar rexistrada”.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2024 10:38:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2024 10:38:59

Raquel Arias Rodríguez na data 24/09/2024 10:39:08

Víctor Baladrón Lamas na data 24/09/2024 10:39:23

CSV: BOPGDSDBCKvgxTaZLw67
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Nicole Grueira Fernández na data 24/09/2024 10:39:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/09/2024 10:39:46

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/09/2024 10:39:59

Noelia Pérez López na data 24/09/2024 10:40:11

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/09/2024 10:40:26

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/09/2024 10:40:42

CSV: BOPSDBOCKVgxZ3ZUv67
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:22:39
Nº Rexistro: 11754
Data envio: 24/09/2024 12:22:39.762

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A escola é o lugar onde maior tempo pasan os mozos. Esta etapa educativa desempeña un papel esencial na aprendizaxe dos nenos, promovendo a socialización e o desenvolvemento de habilidades, sentando as bases para unha aprendizaxe continua ó longo da vida.

Na escola, ademais de formarse, os nenos crecen como persoas, crean a súa personalidade e desenvólvense psicoloxicamente, converténdose nun período moi importante na súa vida.

Esta etapa non está exenta de complicacións, podendo xurdir alteracións da conduta graves nos nenos, precisando de atención especializada. Estas alteracións refírense a unha serie de problemas emocionais e de comportamento que se presentan en nenos e adolescentes, podendo ter un impacto significativo na vida diaria do neno e nas súas relacións cos demais.

É importante destacar que o diagnóstico destas alteracións conductuais pode ser difícil, xa que moitas das cualidades necesarias para o diagnóstico, como a actitude desafiante e a desobediencia das regras, son difíciles de definir.

Se estas alteracións da conduta non son tratadas a tempo, poden ter graves consecuencias no futuro, por iso cómpre identificar precozmente a nenos cun cadro de axitación ou ansiedade non controlable en calquera nivel.

CSV: BOPSDRG-VDFBAZE-14
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

Esta identificación faise especialmente interesante poder realizala dende os centros educativos mediante unha actuación coordinada multidisciplinar (profesores, médicos coordinadores do 061) e garantindo a implantación de forma inmediata de todas as medidas que demostraron a remisión ou melloría da crise.

Sensibilizar ós profesores, pais e pacientes da importancia da prevención, detección e tratamento precoz dun cadro de axitación ou ansiedade non controlable é capital. Polo que é importante tomar en serio os síntomas e buscar tratamento canto antes, podendo incluír terapia psicolóxica, adestramento en habilidades sociais e apoio ós pais e educadores.

Dende este grupo parlamentario cremos na importancia de aproveitar a colaboración entre sanidade e educación para reforzar a detección de determinados cadros que se poden desenvolver na poboación moza co obxectivo de darlle unha atención rápida e axeitada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a introducir no Programa Alerta Escolar ós nenos con alteracións conductuais graves có obxectivo de sensibilizar á comunidade da importancia da prevención, detección e tratamento precoz das alteracións conductuais graves”.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2024 10:44:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2024 10:44:21

Raquel Arias Rodríguez na data 24/09/2024 10:44:29

Víctor Baladrón Lamas na data 24/09/2024 10:44:42

Nicole Grueira Fernández na data 24/09/2024 10:44:53

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/09/2024 10:45:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPSDBOG-VDGBAZ5-74
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:22:39
Nº Rexistro: 11754
Data envio: 24/09/2024 12:22:39.762

PARLAMENTO DE GALICIA

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/09/2024 10:45:16

Noelia Pérez López na data 24/09/2024 10:45:28

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/09/2024 10:45:42

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/09/2024 10:45:58

CSV: BOPSDRG-VDFBAZE-14
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:23:07
Nº Rexistro: 11756
Data envio: 24/09/2024 12:23:07.965

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A epilepsia é un conxunto de enfermidades do sistema nervioso causadas pola alteración da actividade eléctrica cerebral que provoca síntomas repentinos, moitas veces con perda de coñecemento, que se denominan crise epilépticas (CE). Segundo a localización das neuronas que producen as crises, podemos clasificar a epilepsia en focal (debida unha activación dun grupo delimitado de neuronas) ou xeneralizada (por afectación de neuronas que participan en redes de descarga rápida bilateral).

Na nosa Comunidade autónoma uns 27.000 galegos sofren esta enfermidade, cunha incidencia de 1.400 novos casos cada ano. A pesar do avance en novos fármacos a epilepsia farmacorresistente ou refractaria continua sendo un problema de saúde pública importante ó afectar ó 30% dos pacientes con epilepsia, o que supoñería un total de 8.000 pacientes en Galicia con epilepsia refractaria (400 casos novos cada ano). Ademais estímase que as crises epilépticas supoñen ata o 1% das consultas nos servizos de urxencias.

O Código CRISE é un instrumento que ten como obxectivo principal o recoñecemento temperá así como o tratamento precoz e enérxico das crises epilépticas urxentes (crises en acúmulos e crises de alto risco) e do estado epiléptico có fin de mellorar a supervivencia e reducir as complicacións.

O obxectivo do código crise é identificar precozmente o paciente cunha crise epiléptica en todos os ámbitos asistenciais mediante unha actuación coordinada multidisciplinar, e garantindo a implantación de forma inmediata de todas as medidas que demostraron

CSV: BOPGDSDEG-[illegible]
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

diminuír a morbimortalidade por crise epilépticas entre os que destacan: administrar benzodiacepinas e o resto de tratamento antiepiléptico indicado tan pronto como se diagnostique unha situación de estado epiléptico.

É importante destacar que a crise epiléptica é unha emerxencia médica e require atención inmediata, polo que si se experimenta algún síntoma débese acudir ós servizos de urxencias ou chamar ó 061. Polo que sensibilizar ós profesionais e pacientes da importancia da prevención, detección e tratamento precoz das crises epilépticas é prioritario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Implantar o código crise en todas as Areas Sanitarias de Galicia e difundir o programa entre os profesionais da área sanitaria.

2.- Incluír a todos os pacientes diagnosticados de crisis epilépticas refractarias no programa Código CRISE".

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2024 10:51:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2024 10:51:22

Raquel Arias Rodríguez na data 24/09/2024 10:51:29

Víctor Baladrón Lamas na data 24/09/2024 10:51:45

Nicole Grueira Fernández na data 24/09/2024 10:51:56

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/09/2024 10:52:06

CSV: BOPSDBOG-02kjp2HMv-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/09/2024 10:52:19

Noelia Pérez López na data 24/09/2024 10:52:32

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/09/2024 10:52:50

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/09/2024 10:53:07

CSV: BOPSDRG-02xjz2MV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:23:35
Nº Rexistro: 11758
Data envio: 24/09/2024 12:23:35.637

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

As melloras dixitais que se poden aplicar á xestión dos quirófanos impacta directamente na eficiencia, seguridade, e calidade da atención médica. Unha programación optimizada permite unha mellor planificación e programación das cirurxías, reducindo o tempo de espera e mellorando o uso dos recursos dispoñibles.

Os sistemas de xestión intelixente reducen erros humanos mediante a configuración de alertas automatizadas e verificacións de seguridade. Ademais facilitan un acceso rápido e preciso ós rexistros médicos do paciente o que permite ó equipo cirúrxico tomar decisións informadas e reducir riscos.

Os datos recompilados poden ser analizados para identificar áreas de mellora, desenvolver protocolos máis efectivos e realizar auditorías de calidade.

Ademais, uns bos sistemas de xestión proporciona aos pacientes e as súas familias información clara e oportuna sobre os procedementos, tempos de espera e coidados postoperatorios.

En resumo, as melloras na dixitalización da xestión dos quirófanos son cruciais para mellorar a eficiencia, seguridade, calidade da atención e satisfacción do paciente, ademais de optimizar recursos.

Asociado a este proxecto de dixitalización é tamén moi importante abordar a homoxeneización e a dixitalización do consentimento informado, proceso mediante o

CSV: BOPGDSDBDGGVEBQEZXLBJ87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cal os pacientes outorgan o seu consentimento para procedementos médicos ou cirúrxicos de maneira electrónica.

A Consellería de Sanidade, desenvolveu un programa de xestión intelixente de quirófanos (SAVAQ) a través dun programa de CPI (compra pública de tecnoloxía innovadora) que xa se encontra despregado en algún dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, no SACYL e no OSAKIDEZTA.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Finalizar o proceso de dixitalización dos quirófanos nas sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

2.- Abordar unha dixitalización homoxénea dos consentimentos informados dos pacientes en todo o Servizo Galego de Saúde, có fin de facilitar a accesibilidade e información".

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2024 10:57:48

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2024 10:58:02

Raquel Arias Rodríguez na data 24/09/2024 10:58:09

Víctor Baladrón Lamas na data 24/09/2024 10:58:25

Nicole Grueira Fernández na data 24/09/2024 10:58:35

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/09/2024 10:58:45

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/09/2024 10:58:57

Noelia Pérez López na data 24/09/2024 10:59:09

CSV: BOPSDBCGVEXPZ2MJB87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:23:35
Nº Rexistro: 11758
Data envio: 24/09/2024 12:23:35.637

PARLAMENTO DE GALICIA

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/09/2024 10:59:24

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/09/2024 10:59:44

CSV: BOPSDBCGVEXJZ2MJB87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:24:03
Nº Rexistro: 11760
Data envio: 24/09/2024 12:24:03.496

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Europa e Galicia teñen unha aposta clara para desenrolar o potencial dos datos sanitarios mantendo o control do cidadán sobre seus propios datos, facendo un uso primario da información sanitaria para mellorar a prestación de asistencia, investigación e innovación e potenciando o intercambio, uso e reutilización dos datos sanitarios a través dun marco coherente, fiable e eficiente.

Galicia é a primeira comunidade autónoma en contar con especialistas que asesoran á sanidade pública de forma específica ó constituír o 12 de marzo de 2024 o seu consello técnico asesor en intelixencia artificial e o espazo de datos do sistema público de saúde galego.

O consello asesor está regulado pola ORDE do 26 de outubro de 2023 pola que se crea e regula o Consello Técnico Asesor en Intelixencia Artificial e Espazo de Datos do Sistema Público de Saúde de Galicia e se establece a súa composición, organización e funcionamento.

Entre as funcións do consello está o asesoramento na política da Consellería de Sanidade en materia de intelixencia artificial e uso seguro e ético dos datos ou a elaboración de mapas de demanda temperá para definir, entre outras cousas, en que áreas se debe dirixir a investigación ou que solucións precisa a atención sanitaria.

CSV: BOPISDBDGaWqm3MDKfc-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia e España son referentes na aplicación destes modelos. Respecto ó uso primario dos datos, temos unha receita electrónica e unha historia clínica interoperable dende hai moito tempo que comparten todos os cidadáns galegos e españois.

Ó mesmo tempo temos un portal do cidadán cun uso estendido por parte del que nos sitúa no ano 2022 en cifras de consulta de 12 millóns de informes clínicos e máis de 200.000 descargas de imaxes médicas.

Respecto ó espazo de datos, que permitirá federar a información co espazo de datos nacional (actualmente en fase de análise e construción) e europeo. Galicia conta con 9 Petabytes de información almacenada, 1,5 Petabytes de imaxe dixital.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a publicar un modelo de gobernanza do espazo de datos do sistema sanitario galego que permita mellorar a prestación de asistencia, investigación e innovación".

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2024 11:08:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2024 11:08:52

Raquel Arias Rodríguez na data 24/09/2024 11:08:59

Víctor Baladrón Lamas na data 24/09/2024 11:09:16

Nicole Grueira Fernández na data 24/09/2024 11:09:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/09/2024 11:09:43

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/09/2024 11:09:55

Noelia Pérez López na data 24/09/2024 11:10:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPSDBOG-Wcm3MOK7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:24:03
Nº Rexistro: 11760
Data envio: 24/09/2024 12:24:03.496

PARLAMENTO DE GALICIA

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/09/2024 11:10:28

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/09/2024 11:10:43

CSV: BOPSDBC-Wcm3MDK7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:24:32
Nº Rexistro: 11762
Data envio: 24/09/2024 12:24:32.355

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Nos últimos anos, a Medicina Personalizada e de Precisión (MPP) tense constituído coma un novo paradigma de atención sanitaria que trata de integrar todas as características dun individuo (factores biolóxicos, estilo de vida e ambientais e incluso preferencias e crenzas) para unha estimación de risco de enfermidade adecuada e unha prevención dirixida, así coma para o diagnóstico temperá, o prognostico, a selección e o seguimento dos tratamentos dirixidos máis adecuados.

Para dotar o sistema sanitario galego de ferramentas coas que incorporar a MPP, a Xunta de Galicia decidiu comezar o seu roteiro nun eido de especial complexidade e implicación coma o do cancro, para o que presentou a Estratexia de Oncoloxía de Precisión de Galicia. Esta Estratexia, estableceu 17 liñas de traballo de carácter transformador na organización que, unha vez implementadas, permitirían non só mellorar o diagnóstico e tratamento do cancro senón actuar coma elemento facilitador do despregue dunha estratexia de medicina precisión integral no Servizo Galego de Saúde.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPSDBOG5Rdxgl3ZA67
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Merecen especial mención neste senso, as accións xa iniciadas relacionadas coa organización e coordinación en rede da infraestrutura de análise xenético-molecular e o desenvolvemento de programas de garantía de calidade comúns xa iniciadas nos pasados meses, por sentar as bases organizativas que acelerarán e facilitarán a extensión a outros ámbitos patolóxicos. De xeito similar, as políticas de xestión e análise de datos e a adecuación de infraestrutura de tecnoloxías da información, avanzada a través do programa SIXENS, aplicaranse directa e practicamente independente a especialidade médica á que corresponda o dato ou mostra de orixe. Outras medidas previstas coma o programa de formación en oncoloxía de precisión, ou reforzo da rede de biobancos serán extensibles coma modelos ou directamente aplicables a unha estratexia de MPP.

Asemade, é de especial importancia mencionar o carácter diferencial que supón a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, líder e centro de referencia en innovación no eido da xenómica a nivel estatal, coma elemento nucleador e acelerador do despregue dunha estratexia de MPP.

Tendo en conta o carácter pioneiro do camiño xa percorrido, compre reforzar o impulso destas medidas para que Galicia siga avanzando na incorporación das formas máis avanzadas de atención aos seus servizos sanitarios, por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

CSV: BOPSDBC5B/dxgIEZNA67
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:24:32
Nº Rexistro: 11762
Data envio: 24/09/2024 12:24:32.355

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir traballando no eido da Medicina Personalizada e de Precisión desenvolvendo unha nova Estratexia de Medicina de Precisión Integral no Servizo Galego de Saúde, como unha oportunidade para avanzar na equidade de acceso establecendo un marco de implantación homoxéneo, máis alo do eido da oncoloxía, nos restantes procesos asistencias que o precisen e en todas as Areas Sanitarias".

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2024 11:15:30

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2024 11:15:45

Raquel Arias Rodríguez na data 24/09/2024 11:15:51

Víctor Baladrón Lamas na data 24/09/2024 11:16:04

Nicole Grueira Fernández na data 24/09/2024 11:16:14

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/09/2024 11:16:24

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/09/2024 11:16:37

Noelia Pérez López na data 24/09/2024 11:16:48

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/09/2024 11:17:02

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/09/2024 11:17:17

CSV: BOPRSDBC5B0xgIBZA67
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:25:02
Nº Rexistro: 11764
Data envio: 24/09/2024 12:25:02.417

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Os avances científicos, biolóxicos e tecnolóxicos da última década no ámbito da medicina xenómica como son as técnicas de secuenciación de nova xeración, no ámbito da dixitalización (Big data ou Intelixencia artificial), no da embrioloxía (novas e máis avanzadas técnicas de reprodución humana asistida), na farmacia e cirurxía personalizada (terapias avanzadas, orteses, próteses ou guías cirúrxicas realizadas mediante fabricación aditiva), abriron o camiño para que a medicina do futuro sexa xa un feito.

Podemos dicir que a Medicina Personalizada é o elemento troncal da Medicina do século XXI, sendo un desafío para os sistemas de saúde a súa implementación ordenada e eficiente para beneficio de todos os cidadáns. A pesar do impulso que se estivo realizando nos últimos anos a nivel nacional e desde as comunidades autónomas para a consolidación da medicina personalizada de precisión no Sistema Nacional de Saúde (SNS), e a propia implantación dunha carteira de xenómica común, segue existindo un punto chave con impacto directo no seu avance: os recursos humanos e a ordenación destes no Estado español.

Máis aló do pulo existente a nivel social para a creación da especialidade de xenética clínica, para unha implantación real e definitiva da medicina personalizada nos centros sanitarios públicos é preciso poder incorporar de maneira efectiva equipos de atención multidisciplinares nos que se incorporen outros perfís profesionais que integrados nos actuais equipos asistenciais, permitan o avance cara a una medicina avanzada, personalizada e de precisión.

A necesidade de avanzar na constitución e consolidación de equipos multidisciplinares con profesionais que inclúan novas áreas de coñecemento ou titulacións, xa foi

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPARLDOC2yldkGZ2uLg
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

resaltado por distintos expertos neste eido. Ata o día de hoxe, non se comezou ningunha acción adicional para dar resposta a estas necesidades.

Estes perfís profesionais actualmente están a realizar actividades no ámbito sanitario, maioritariamente contratados a través de fondos de investigación ou innovación pero que pola propia inercia do cambio que estamos a vivir na medicina, xa están a desenvolver tarefas dentro dos distintos procesos asistenciais, por exemplo como apoio na posta en marchar de técnicas de nova secuenciación nos Servizos de Anatomía Patolóxica e Oncoloxía médica para diagnóstico en mostra tumoral ou na biopsia líquida, como apoio no procesado terciario dos datos de secuenciación obtidos, nas unidades de reprodución asistida, ou nos centros de fabricación de terapias avanzadas.

Por tanto, é tempo xa da súa incorporación ordinaria no cadro de persoal dos centros sanitarios en categorías e postos para cuxo acceso se requiren as mesmas esixencias de titulación, cualificación e outros requisitos de competencia e capacitación profesional, nos diferentes servizos de saúde que conforman o SNS.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España:

CSV: BOPGDSDEG-[illegible]
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:25:02
Nº Rexistro: 11764
Data envio: 24/09/2024 12:25:02.417

1.- Realizar un estudo a nivel nacional para avaliar os perfís profesionais que son demandados polos centros sanitarios do Servizo Nacional de Saúde (SNS) para unha adecuada implantación da Medicina Personalizada de precisión.

2.- Identificar e definir as esixencias de titulación, cualificación e outros requisitos de competencia e capacitación profesional e proceder, de ser o caso, á súa normalización a través da modificación da normativa que fose precisa.

3.- Promover, xunto ás demais administracións competentes, a incorporación regrada destes profesionais aos servizos e/ou unidades dos centros sanitarios do Sistema Nacional de Saúde".

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2024 11:20:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2024 11:20:40

Raquel Arias Rodríguez na data 24/09/2024 11:20:47

Víctor Baladrón Lamas na data 24/09/2024 11:21:00

Nicole Grueira Fernández na data 24/09/2024 11:21:11

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/09/2024 11:21:21

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/09/2024 11:21:34

Noelia Pérez López na data 24/09/2024 11:21:45

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/09/2024 11:21:59

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/09/2024 11:22:14

CSV: BOPSDBC2ydx0GZ1t-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PP | PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia vén apostando por novas medidas en materia de saúde mental especialmente dende 2020. A pandemia puxo de relieve os problemas de saúde mental e foi preciso reaccionar e mellorar a atención neste eido.

A recente creación da especialidade de psiquiatría infanto-xuvenil no ano 2021 puxo de manifesto a necesidade de aumentar a idade de atención nestas unidades dos 16 aos 18 anos. Isto melloraría a atención a estes pacientes, xa que esa transición da especialidade infanto-xuvenil á de adultos pode supoñer un gran cambio para eles.

Estas medidas son agora máis posibles que nunca en Galicia grazas ao aumento de recursos ambulatorios con unidades de saúde mental infanto-xuvenís e hospitais de día.

Ese aumento de recursos dase no marco do Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19 2020-2024. Grazas a este plan puxéronse en funcionamento hospitais de día de saúde infanto-xuvenil nas sete cidades galegas, así como a Unidade de hospitalización psiquiátrica do Álvaro Cunqueiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

CSV: BOPGDSDBGCFWe0mMZzJ0-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:25:31
Nº Rexistro: 11766
Data envio: 24/09/2024 12:25:31.588

PARLAMENTO DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Aumentar a idade de atención da psiquiatría infanto-xuvenil aos 18 anos.

2.- Crear un programa de transición á idade adulta para os pacientes psiquiátricos adolescentes".

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2024 11:25:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2024 11:25:33

Raquel Arias Rodríguez na data 24/09/2024 11:25:40

Víctor Baladrón Lamas na data 24/09/2024 11:25:54

Nicole Grueira Fernández na data 24/09/2024 11:26:04

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/09/2024 11:26:14

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/09/2024 11:26:27

Noelia Pérez López na data 24/09/2024 11:26:39

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/09/2024 11:26:53

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/09/2024 11:27:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPSDBOCT-Vo0nbZJ9-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 12:29:15
Nº Rexistro: 11780
Data envio: 24/09/2024 12:29:15.211

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Como xa advertiu o Goberno galego en numerosas ocasións, o Estado incumpre sistematicamente a súa obriga de cofinanciar o 50% da dependencia, e segue financiando escasamente un 30%, polo que na actualidade acumula xa unha débeda coa nosa Comunidade de 2.500M€.

O Real Decreto 675/2023 de 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, anunciado no BOE do 19/07/23, establecía a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación e con efectos económicos do 1/08/23. É importante recordar que esta reforma fíxose a escasos 4 días das últimas eleccións xerais.

Coa reforma do sistema de dependencia advírtese que o Goberno do Estado incumpre dende o 1 de agosto de 2023, todos os meses o artigo 9 da Lei devandita Lei, que dispón que:

"Artigo 9: Participación da Administración Xeral do Estado

CSV: BOPISDBDGPVGenstza9v07
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. O Goberno, oído o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, determinará o nivel mínimo de protección garantido para cada un dos beneficiarios do Sistema, segundo o grao da súa dependencia, como condición básica de garantía do dereito á promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia. A asignación do **nivel mínimo** ás Comunidades Autónomas realizarase considerando o número de beneficiarios, o grao de dependencia e a prestación recoñecida.

2. O financiamento público deste nivel de protección correrá a conta da administración Xeral do Estado que fixará anualmente os recursos económicos na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de acordo con os criterios establecidos no artigo 32".

É dicir, o nivel mínimo que se paga por cada persoa atendida mensualmente debe financialo a Administración Xeral do Estado. O certo é que dos 100 euros que debera achegar para o grao I, só aporta 76 euros; e tan só 130 euros para o grao II cando debera aportar 150 euros. Isto supón, que dende a entrada en vigor do Real Decreto a débeda con Galicia polo impago das contías mínimas ascenda a 12,3 millóns de euros adicionais.

E non é un importe fixo mensual, senón que se trata dunha débeda que crece mensualmente na medida en que Galicia, cumprindo coas súas obrigas, incrementa mensualmente o número de persoas atendidas.

Este novo decreto de dependencia do Goberno central obrigou a reformar a normativa autonómica e a buscar a financiación nun momento no que o exercicio económico

CSV: BOPARLDG-PY-Gzs8ZA0-07
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

galego xa estaba comprometido. Para a nosa Comunidade, a entrada en vigor deste Real Decreto supuxo un sobrecuste de 80 millóns de euros adicionais anuais.

Esta norma tamén variou as intensidades do SAF entre un 85% para grao I e máis dun 34% para grao III, que lles afecta ás administracións locais. O Goberno central actuou sen consultar aos Concellos si tiñan capacidade para ampliar as horas, se os contratos vixentes admitirían este incremento ou se había financiación e traballadores para levalo a cabo. Ante esta situación, a Xunta de Galicia tivo que incrementar os complementos autonómicos para que os galegos con dependencia non tiveran que pagar mais polos mesmos servizos.

Ademais, o Goberno Central tamén ten a obriga de financiar o nivel acordado tal e como establece o artigo 10 da Lei Dependencia. Debido á prorroga dos Orzamentos do ano 2023, a achega da Administración Xeral tamén se ve conxelada. Non se incrementa o importe do nivel acordado a pesares de que a Administración galega cumpre cos seus compromisos establecidos no convenio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España:

1. Que cumpra o artigo 9 da Lei de dependencia e achegue os importes mínimos por cada dependente atendido establecidos polo seu propio Real Decreto de reforma do sistema de dependencia que estableceu e que está obrigado a financiar.

2. Que salde a débeda con Galicia polo incumprimento do pago das contías mínimas das prestacións económicas dende a entrada en vigor do decreto.

CSV: BOPRSDBCPY-Gzrs87a9-07
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. Que cumpra a Lei de Dependencia que lle obriga a cofinanciar o 50% e salde a débeda acumulada con Galicia, en definitiva que aborde o déficit estrutural da financiación da dependencia".

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2024 12:18:36

Raquel Arias Rodríguez na data 24/09/2024 12:18:53

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/09/2024 12:19:08

Víctor Baladrón Lamas na data 24/09/2024 12:19:16

Nicole Grueira Fernández na data 24/09/2024 12:19:36

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/09/2024 12:19:48

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/09/2024 12:20:02

Noelia Pérez López na data 24/09/2024 12:20:16

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/09/2024 12:20:30

Cecilia Vázquez Suárez na data 24/09/2024 12:20:45

CSV: BOPSDBCPY2Ozss3ta9A7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 13:17:45
Nº Rexistro: 11788
Data envio: 24/09/2024 13:17:45.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Daniel Pérez López,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a ampliación da planta xudicial no partido de Carballo e a necesidade de incrementa o cadro de persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial correspondente ao último exercicio finalizado reflicte un novo incremento no número de asuntos rexistrados, tanto na sección penal como fundamentalmente na civil.

A entrada de asuntos de carácter civil no ano 2023 foi case un 15% superior á de 2022, máis dun 21% superior á de 2021, e un 62% máis elevada da de 2017. Nos últimos anos o rexistro de procedementos civís superou con moito o número máximo establecido polo baremo aprobado polo CXPX para xulgados de primeira instancia e instrución.

Idéntica evolución experimentou a execución de sentencias pasando das 391 rexistradas en 2017 ás 567 incoadas no 23.

A evolución do asuntos penais tramitados na sección penal experimentou un leve incremento, se ben en violencia sobre a muller pasouse dos 157 asuntos incoados no 2017 aos 287 do 2023. Alén do preocupante da evolución do número de procedementos tramitados nesta materia, non existe dúbida que se trata de asuntos que

CSV: BOPS[illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 13:17:45
Nº Rexistro: 11788
Data envio: 24/09/2024 13:17:45.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exixe dunha especial atención e urxencia, exixindo en moitos casos prolongar a xornada ordinaria de traballo.

Malia a evolución da carga de traballo indicada anteriormente, segundo consta na documentación publicada polo Consello Xeral do Poder Xudicial, o incremento do cadro de persoal dos Xulgados de Carballo foi mínima. O cadro de persoal dos xulgados de Carballo, decanato incluído, o 1 de xaneiro de 2024 é o mesmo que había o 1 de xaneiro de 2017 coa única excepción do corpo de tramitación procesual do xulgado de primeira instancia e instrución núm.1 que se incrementou nunha persoa.

Se a carga de traballo medra considerablemente, mesmo superando os límites marcados como máximos polo CXPX, e o cadro de persoal apenas sofre variacións, cal será a consecuencia de tal discordancia??

Pois coherentemente o número de asuntos en tramitación experimentou un notable incremento, como tamén o tempo que a cidadanía ten que agardar pola resolución dos seus procedementos.

Se a finais de 2017 había 831 procedementos en tramitación na sección civil dos Xulgados de Carballo, no 2023 había 2436, isto é, 4 veces máis. Se en 2017 había 1695 sentenzas en execución, no 2023 eran 2457 as sentenzas que estaban pendentes de ser executadas.

Igualmente, o número de asuntos en tramitación na sección penal tamén sufriu un notable incremento, dun 30% nos procedementos penais de carácter xeral, e de máis dun 80% nos de violencia sobre a muller.

A elevada entrada de asuntos, nomeadamente de carácter civil, precisa da creación dunha nova unidade xudicial, como dende hai anos ven demandado o BNG os

CSV: BOPGDSDBDCAWkp0gfZxB7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 13:17:45
Nº Rexistro: 11788
Data envio: 24/09/2024 13:17:45.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diferentes operadores xurídicos do partido xudicial e sindicatos como a CIG, e que neste exercicio tamén a Comisión Mixta TSX de Galiza e Xunta, mais non a entenden prioritaria, como se deduce da orde que ocupa na prelación de unidades reclamadas, polo que non é esperable a súa creación neste exercicio.

En consecuencia a carga de traballo que soportan os Xulgados de Carballo e a complexidade e adicación dos mesmos, demandan dun aumento do cadro de persoal e con carácter inmediato da adopción de medidas de reforzo para evitar que as consecuencias da falta de xestión e dotación de medios os siga a pagar a cidadanía que ve como se incrementan os tempos de resolución dos seus procedementos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a demandar a urxente creación dun Xulgado de Primeira Instancia e Instrución no partido xudicial de Carballo. En tanto non se amplía a planta xudicial, adoptar as medidas de reforzo que permitan axilizar os tempos de resolución dos procedementos e reducir a elevada pendencia que soportan as unidades xudiciais existentes."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

CSV: BOPRSDBCAVgo0gfZxv87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 13:17:45
Nº Rexistro: 11788
Data envio: 24/09/2024 13:17:45.470

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/09/2024 13:14:27

Daniel Pérez López na data 24/09/2024 13:17:14

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2024 13:17:35

CSV: BOPSDBOCAVgcg0fZXv87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 13:23:38
Nº Rexistro: 11795
Data envio: 24/09/2024 13:23:38.559

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a estratexia para a redución do consumo de alcol na mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos feitos públicos polo Observatorio español das Drogas e das Adiccións, lamentablemente Galiza encóntrase á cabeza do Estado en mortalidade atribuíble ao consumo de alcol (40 de cada 100.000 persoas), só por detrás de Asturias que rexistra unha taxa de 42,1 persoas por cada 100.000.

Ademais, estes mesmos datos reflicten que o consumo de alcol está amplamente estendido entre as persoas mozas galegas pois 93,2% delas declara consumir bebidas alcohólicas algunha vez na vida; 76,4% algunha vez no último ano; e 64,5% no último mes.

Mais os problemas non terminan aquí; os datos tamén evidencian que no noso país existe un problema moi acusado no relativo ao consumo de alcol entre persoas menores de idade. Na faixa de idade de 14 a 18 anos (ensinanza secundaria) 58% das crianzas do noso país afirman ter bebido alcol no último mes, dato que supera a media do Estado (56,1%). O mesmo acontece nas que beberon nos últimos 12 meses (77,2% en Galiza por 73,6% no Estado).

CSV: BOPRSDBDGAdGXmkZUy-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 13:23:38
Nº Rexistro: 11795
Data envio: 24/09/2024 13:23:38.559

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta as problemáticas demostradas derivadas do consumo de alcol e drogas, o Goberno galego debe actualizar a súa estratexia no relativo á prevención do consumo de alcol e drogas, sobre todo entre a mocidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O parlamento insta a Xunta de Galiza a deseñar antes da fin da XII Lexislatura unha estratexia renovada para reducir o consumo de alcol e drogas entre a mocidade galega".

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Iria Carreira Pazos
Deputado e deputada do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 24/09/2024 13:10:18

CSV: BOPRSDBDGAdGXm3Zuy-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 13:23:38
Nº Rexistro: 11795
Data envio: 24/09/2024 13:23:38.559

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 24/09/2024 13:10:31

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2024 13:10:41

CSV: BOPSDBDGAdCXmi3zUy-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 17:01:33
Nº Rexistro: 11814
Data envio: 24/09/2024 17:01:33.372

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos oficiais publicados recentemente son contundentes: segundo PescadeGalicia, o 1 de xaneiro ata o 12 de agosto, as vendas en lonxa son de 2,58 millóns de quilos, un 40 % por baixo do mesmo período do 2023 e a metade da media dos últimos 23 anos.

Esta crise pásalle factura sobre todo ás mariscadoras e mariscadores, tanto os que faenan a pé como en embarcación, e tamén aos pescadores de baixura e litoral: desde xaneiro facturaron 33,45 millóns de euros, un 26 % menos que o ano pasado por estas datas e un 37 % menos que a media do que vai de século, nin o incremento de prezos compensa a drástica redución de capturas cando o prezo do quilo de marisco este ano é un 43 % superior á media desde o ano 2000.

Ante todo este panorama a Consellería do Mar non solo nega a realidade, senón que se esconde tras xustificacións puntuais, busca culpables noutras administracións e anuncia día tras día o Plan de competitividade e sostenibildiade do sector marisqueo 2023-2025, que nin os axentes do sector coñece, e afirma que toma todas as medidas necesarias para a protección do sector marisqueiro.

CSV: BOPSDEG-Vx3xsAZdE-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A realidade non é así: as medidas e axudas que se anuncian non se plasman en convocatorias e cando é así, a carga burocrática e a tramitación fai que non chegan ou tardan en recibir ás persoas afectadas, por exemplo as axudas como consecuencias dos peches dos bancos neste ano 2024 aínda non están xestionadas totalmente e as axudas de 550 euros, que se aceleraron por razóns electorais do PP, cando para máis de 7.000 persoas beneficiarias escasamente chegaron a 4.000, quedando sen abonar aproximadamente 2 M€ dos 4,5 inicialmente asignados.

O propio conselleiro afirmou en sede parlamentaria, estar en contacto directo co sector e que toma todas as medidas de protección do medio e das persoas traballadoras do mar, sen embargo, as propias confrarías trasladan publicamente a súa preocupación pola "ausencia de solucións dilixentes e efectivas" ante os "graves problemas" que atravesa o sector do marisqueo galego.

É demostración do malestar do sector por como a Consellería está a xestionar as convocatorias para poder acollerse ás axudas pola paralización temporal do FEMPA (Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura), tanto polos criterios como pola cantidade total que finalmente percibe cada mariscador/a que nada ten que ver, afirman, co prometido pola Consellería do Mar. Para esas confrarías pontevedresas non hai dúbida de que «existe un incumprimento manifesto» do que había anunciado a Consellería do Mar.

A Consellería leva moito tempo perdido, pero o sector marisqueiro non ten tempo, a Consellería ten que actuar xa.

CSV: BOPRSDBG-Nova-Ordenanza-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha de modo inmediato as medidas do Plan de competitividade e sostenibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025 no relativo as axudas estables para os traballadores dos mar afectados polos períodos de paralización de actividade como consecuencias da baixa produtividade dos bancos marisqueiros.
2. Aplicar criterios realistas, negociados co sector, así como unha xestión burocrática áxil para acceder a solicitude e concesión da axuda.

Santiago de Compostela, 24 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/09/2024 16:58:59

Carlos López Font na data 24/09/2024 16:59:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/09/2024 16:59:17

CSV: BOPSDEG-Vx3xAZdE-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11830
Data envio: 24/09/2024 19:27:43.135

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Conselleiro do Mar afirmou recentemente en sede parlamentaria, estar en contacto directo co sector para a definición e execución do, tanta veces citado como descoñecido, Plan de Competitividade e Sostenibilidade do Marisqueo de Galicia 2024-2025, no que basea a Consellería todas as medidas de protección do medio e dos traballadores do mar. Sen embargo, as propias confrarías trasladan publicamente, unha e outra vez, a súa preocupación pola ausencia, ou descoñecemento, de solucións dilixentes e efectivas ante os graves problemas que atravesa o sector do marisqueo galego, o que pon de manifesto a falta de comunicación é sensibilidade da Consellería as demandas do sector.

A Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) solicitou publicamente a creación de mesas técnicas de traballo para a mellora da xestión do marisqueo. Esta solicitude foi rexeitada polas confrarías de pescadores solicitando a convocatoria urxente dos pósitos de marisqueo da Federación Galega para analizar e acordar una posición común tras la solicitude da Comisión Mar-Industria, que cualifican de «intromisión» e pretensión de erixirse nos representantes do sector do marisqueo, xa que na Comisión Mar-Industria non existen representantes do sector extractivo do marisqueo.

CSV: BOPSDEG-Atlak3ZMX-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Queda patente unha vez máis que a Consellería do Mar segue sen exercer as súas competencias no sistema de xestión do marisqueo en Galicia, regulado mediante o Decreto 153/2019, no que se determina que corresponde á Administración autonómica o establecemento e a regulación das medidas dirixidas á conservación, á xestión e á explotación responsable, racional e sostible dos recursos mariños vivos e que, entre estas medidas, encoméndalle a adopción, despois da "audiencia do sector afectado", de plans de xestión, definidos como medidas reguladoras da actividade marisqueira», e dicir, a Xunta ten as competencia exclusivas para a xestión marisqueira e correspóndelle a toma das medidas necesaria e a audiencia ao sector afectado.

Ante esta situación de público desacordo entre os distintos axentes implicados no sector marisqueiro, o conselleiro adopta una posición ambigua, que non axuda nada a coordinación e unión necesaria para facer fronte a situación dramática que esta a vivir o sector marisqueiro en todas as súas vertentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a exercer as súas competencias exclusivas na xestión do marisqueo en Galicia abrindo canles efectivos de diálogo entre todos os axentes do sector, dando voz na xestión dos bancos marisqueos aos representantes da actividade extractiva do marisqueo a pé ou en embarcación, como sector afectado pola actividade marisqueira, e lidere a coordinación co resto dos axentes implicados na actividade económica do marisqueo en Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de setembro do 2024

CSV: BOPSDBCGAL4ALMX-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11830
Data envio: 24/09/2024 19:27:43.135

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/09/2024 19:21:57

Carlos López Font na data 24/09/2024 19:22:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/09/2024 19:22:17

CSV: BOPSDBPCGAbaKMXK-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11842
Data envio: 25/09/2024 09:22:18.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas**, **Iria Carreira Pazos**, **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o 6.º informe do Comité de Expertos da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias en relación coa lingua galega na atención sanitaria e ás persoas maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional ratificado polo Reino de España en 2001, ten un artigo dedicado á sanidade, que establece que os estados membros se comprometen a "asegurar que os servizos sociais como hospitais, residencias de anciáns e albergues ofrecen a posibilidade de recibir e atender na súa propia lingua empregando unha lingua rexional ou minoritaria a aqueles que precisen coidados por mor de enfermidade, a idade ou outras razóns".

O 6.º informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento no Estado español da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, publicado o 24 de setembro, indica no que se refire á área da sanidade:

"Nos centros sanitarios, o Servizo Galego de Saúde usa o galego en parte da sinalización e da documentación. Porén, a maioría do persoal sanitario non está formado para prestar a atención sanitaria en galego. Acontece algo semellante nas residencias de anciáns, nas que se usa o galego na meirande parte das actividades. O coñecemento do

CSV: BOPISDBDg-1GHM2ZUQ-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11842
Data envio: 25/09/2024 09:22:18.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galego non é obrigatorio no proceso de contratación do persoal médico, ao contrario do que demandan os representantes dos falantes".

Hoxe en día, aínda é imposíbel acceder a unha parte moi importante dos consentimentos médicos e outra documentación en galego, ademais de que non existe ningún mecanismo que permita que a cidadanía poida escoller a lingua de atención médica. A administración debería informar ao persoal dos servizos sanitarios de cales son os dereitos lingüísticos dos e das pacientes, e establecer mecanismos para que non sexa preciso facer un esforzo adicional para obter a atención e a información escrita en galego.

O feito de que o coñecemento de galego non sexa un requisito para acceder á función pública supón un importante atranco para a atención na lingua dos e das pacientes.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O parlamento insta o Goberno galego a desenvolver no prazo máximo de 1 ano as seguintes medidas, de acordo coa Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, ratificada polo Estado español no ano 2001:

1.ª Garantir que os hospitais, as residencias de anciáns e os albergues ofrezan a posibilidade de recibir e atender na propia lingua das persoas destinatarias do servizo.

2.ª Introducir a lingua galega como requisito para o acceso a traballar nos servizos de atención sanitaria públicos.

3.ª Levar a cabo unha campaña de información entre os profesionais da medicina pública e privada verbo da utilidade terapéutica de utilizar a lingua do

CSV: BOPRSDBEG-1ChY2ZUO-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11842
Data envio: 25/09/2024 09:22:18.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

paciente, os dereitos dos usuarios e usuarias a atenderen en galego e invitándoos a practicar a oferta positiva cos seus pacientes".

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/09/2024 09:05:52

Mercedes Queixas Zas na data 25/09/2024 09:06:04

Iria Carreira Pazos na data 25/09/2024 09:06:19

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2024 09:06:38

CSV: BOPRSDBEG-1CNY2ZU0-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11842
Data envio: 25/09/2024 09:22:18.062

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 25/09/2024 09:06:54

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2024 09:07:10

CSV: BOPIS/DBOG-VCnY2ZLUQ-Z
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:55:43
Nº Rexistro: 11863
Data envio: 25/09/2024 10:55:43.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a política de I+D en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para o Bloque Nacionalista Galego a ciencia, a investigación e a innovación son o eixo sobre o que debe pivotar o presente e o futuro económico de Galiza.

E para iso precísase unha política integral dirixida a fortalecer un ecosistema investigador galego que, con todas as dificultades (que son moitas), foi consolidándose nos últimos anos nun escenario altamente competitivo.

Para o BNG, son tres os elementos fundamentais que deben conformar a política de I+D:

• Un investimento estable e constante.

• Un programa de recursos humanos que garanta condicións laborais dignas e un horizonte profesional estable.

• Coordinación e cooperación entre e cos axentes do ecosistema investigador galego.

Porén, Galiza coxea en todos eles como evidencian os datos:

CSV: BOPRSTDBC5C0mbBJ2-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:55:43
Nº Rexistro: 11863
Data envio: 25/09/2024 10:55:43.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1) A respecto do investimento, o noso País (1%) continúa moi lonxe do marco europeo (2,2%) e tamén da media de investimento do estado (1,44%).

2) Galiza carece dunha carreira investigadora completa o que xera unha enorme inestabilidade laboral ao persoal científico galego especialmente nas etapas de consolidación ou profesionalización.

3) As competencias en materia de I+D+i no executivo galego estiveron, até a XII lexislatura que agora comeza, fraccionadas entre dúas consellarías (Educación e Industria) o que en si mesmo torpedeou a necesaria coordinación entre os axentes do ecosistema investigador que nin sequera tiñan un único organismo ao que se dirixir en materia de I+D.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Situar o investimento en I+D+i no 3% do Orzamento para 2025.

2. Constituír unha mesa de traballo antes de rematar o actual período de sesións que integre os axentes do ecosistema investigador para deseñar un programa forte de retención e captación de talento garantindo unha carreira profesional completa para o conxunto do persoal científico-técnico galego."

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

CSV: BOPRSDBOG-20240927-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:55:43
Nº Rexistro: 11863
Data envio: 25/09/2024 10:55:43.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 25/09/2024 10:50:00

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/09/2024 10:51:58

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2024 10:52:00

CSV: BOPRISDRO-c0ccmb3ZJY-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:30
Nº Rexistro: 11876
Data envio: 25/09/2024 11:30:30.236

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre para fomentar a cooperación e colaboración dos concellos na xestión dos servizos públicos e mellorar a eficiencia na xestión dos seus recursos e a súa financiación..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 19 de setembro, deuse a coñecer en Santiago de Compostela, nun acto da Consellería de Presidencia, a presentación do estudo non vinculante 'Reforma do mapa municipal de Galiza' para o impulso de procesos de fusión entre concellos, elaborado pola Fundación "Juana de Vega" e polas tres universidades galegas, e na que participaron varios autores dun equipo especializado na caracterización socioeconómica e demográfica dos municipios galegos. O estudo encargado polo propio presidente Alfonso Rueda hai dous anos, sendo vicepresidente, foi financiado inicialmente a través dun convenio de 72.600 € asinado no mes de outubro do 2021, e no ano 2022 por outro convenio de 1,5 millóns de euros asinado coa mesma fundación e con cargo aos orzamentos do ano 2022.

O estudo recolle a organización político-administrativa de Base local en Europa, Estado español e Galiza, así como a evolución da planta municipal ao longo da historia no noso país, dende a creación dos concellos como tales. Repasa as formas de cooperación municipal, como as comarcas, mancomunidades, áreas metropolitanas e

CSV: BOPRSDBDGJVCAN0ZUW47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:30
Nº Rexistro: 11876
Data envio: 25/09/2024 11:30:30.236

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consorcios desde unha perspectiva xeográfica, analizando as fortalezas e debilidades destas entidades, observando ao tempo o marco xurídico a manexar nesta materia, e en concreto nos procesos de fusións municipais. No texto publicado, os autores argumentan a conveniencia dos procesos de fusión dende a perspectiva económica, aportando un estudo comparativo dos orzamentos de ingresos e gastos dos concellos en Galiza e no estado Español en función do número de habitantes e a súa implicación en materia de fusións. Aportan un estudo sociolóxico de 1.000 entrevistas, realizado entre o 31 de xaneiro e o 17 de febreiro de 2022, para coñecer a opinión da cidadanía galega sobre as fusión municipais e outras alternativas de adaptación da planta local. Por último, os autores elaboran unha análise dos procesos de fusión en Galiza (Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade) e de outros potenciais procesos de fusión ou agregación municipal, en concreto as fusións de Santiago de Compostela e Teo, Noia e Lousame, Sanxenxo e Meaño, Alfoz e O Valadouro, O Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín, a fusión dos concellos da comarca do Deza, e a fusión de Lalín-Rodeiro-Dozón. Remata o traballo cunha relación de 14 propostas de actuacións para incentivar os procesos de redimensionamento da planta local galega.

O informe da fundación chega tarde, tendo en conta que os traballos xa estaban rematados a mediados do ano pasado, mais o PP decidiu facelo público, de forma interesada e calculada, nun momento no que o sistema de financiación dos concellos está en entredito por insuficiente, e debe ser superado despois da última reforma aprobada hai xusto vinte anos, pois é unha demanda unánime da FEGAMP, onde todos os alcaldes e alcaldesas, de todos os partidos políticos entenden que chegou o momento de adoptar os acordos necesarios para aumentar a financiación dos municipios galegos, e poidan ofrecer sen afogo económico os servizos que prestan á cidadanía, tanto os que son de competencia propia, como de competencias impropias que executan de forma obrigada por delegación doutras administracións. A proposta do goberno galego de

CSV: BOPRSDBCGJVCAN0ZUW47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:30
Nº Rexistro: 11876
Data envio: 25/09/2024 11:30:30.236

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fusionar concellos para mellorar a súa financiación é unha escusa, a cortina de fume perfecta, para evitar aumentar nos vindeiros orzamentos de 2025 a partida orzamentaria do Fondo de Cooperación Local, a través do cal se realizan as transferencias aos concellos, como resultado da obrigada participación destes nos impostos da Xunta. De feito, a conclusión n.º 5 recomenda abordar de maneira urxente e inaprazable a reforma do financiamento local para reforzar a autonomía municipal e reducir a actual dependencia económica dos concellos das subvencións, unha proposta que durante anos ao PP galego parece entrarlle por unha orella e saírlle pola outra, ao negarse a aumentar o orzamento do FCL, de forma incondicionada e con cargo a eliminación das liñas de axudas destinadas aos concellos de carácter condicionado, polo que esperamos con inquietude a resposta do goberno galego: si acata as propostas dos expertos ou se limita simplemente a observar como convidado de pedra.

O PP xerou deliberadamente un debate para difuminar a cerna da problemática municipal, pois de todos é sabido que ata 2021, só Galiza protagonizou as únicas dúas fusións de concellos en España nas tres últimas décadas: Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade, fusións que non lograron ser exemplos de evolución demográfica nin de sostibilidade financeira, pois as arcas municipais melloraron pola inxección dos incentivos nas distintas axudas da Xunta, mais de non existir estas, a fusión non melloraría a súa financiación de forma autónoma.

As conclusións do informe amosan que a cidadanía ten unha predisposición favorable á fusión voluntaria dos concellos con ata un 83%, e considera que a redución do número destes melloraría a súa capacidade de prestación de servizos, mais a porcentaxe redúcese cando se pregunta polas fusións no propio concello. De feito, ante as primeiras declaracións negativas dos alcaldes dos concellos escollidos como cobaias, o propio conselleiro de presidencia apurouse o mesmo día da presentación a afirmar que "A Xunta non vai a fusionar a ninguén obrigatoriamente e que non se fixo o estudo para

CSV: BOPRSDBEG-JVCAN0ZUV47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:30
Nº Rexistro: 11876
Data envio: 25/09/2024 11:30:30.236

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fusionar obrigatoriamente pois o camiño é a voluntariedade". Unha voluntariedade que a realidade e a historia demostra que non existiu nin parece existir, polo que a divertida aposta estratéxica do PP saíulle cara aos cidadáns, pois co custo dos mesmos ben podían sufragar 80.000 horas do SAF.

Si o propósito das fusións non é outro que optimizar recursos para mellorar a eficacia e eficiencia dos servizos, é indiscutible que ese mesmo fin se pode conseguir a través da creación e impulso de mancomunidades comarcais, áreas metropolitanas ou consorcios, transferíndolle competencias, persoal e financiamento para xestionar conxuntamente servizos e optimizar así recursos e gasto, e sen perder a identidade e idiosincrasia a que se lle teme cunha fusión municipal. Bo sería, que a tan pregonada reforma da Lei da Administración Local de Galiza, que parece que tamén chegará tarde, se centrara en potenciar e fomentar estas entidades supramunicipais, que axudarían dende logo a estruturar o territorio comarcal noutras áreas distintas dos servizos, e en resolver a delimitación de forma concreta e precisa das competencias de cada administración.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

- Impulsar a reforma da Lei da Administración local de Galiza, co obxectivo de actualizala e de implementar medidas e ferramentas para mellorar a financiación dos concellos e a prestación de servizos mediante fórmulas de colaboración e cooperación, ademais de perfeccionar a organización e funcionamento nos mesmos.

CSV: BOPRSDBEGJVCAHN0ZW47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:30
Nº Rexistro: 11876
Data envio: 25/09/2024 11:30:30.236

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incrementar no orzamento do ano 2025 o Fondo Galego de Cooperación, con carácter de financiamento incondicionado, reducindo as liñas de axudas con carácter finalista e integrándoas no propio FGC, tal e como recomenda o informe dos expertos na súa conclusión 5ª.

- Aprobar unha lei galega de facendas locais que regule a participación dos concellos nos ingresos das distintas Administracións, consensuando con eles e clarificando a participación anual e os criterios de reparto."

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 25/09/2024 11:23:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/09/2024 11:29:36

CSV: BOPRSDBDGJVCAHWZWW47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:30
Nº Rexistro: 11876
Data envio: 25/09/2024 11:30:30.236

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2024 11:29:48

CSV: BOPRSDBEGJVCAN0ZWV47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:55:43
Nº Rexistro: 11893
Data envio: 25/09/2024 12:55:43.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Luis Bará Torres** e das deputadas **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Iria Carreira Pazos** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a valoración que fai o Goberno Galego respecto ao impacto socioeconómico do proxecto Gamma cuestionado polo Consello da Cultura Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto Gamma foi declarado unilateralmente como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) en 2022, así e todo, cando se deu a coñecer o calado real, a temática completa e o impacto de dito proxecto, xurdiu arredor de todo o país un rexeitamento maioritario á súa implantación.

Comezando por asociacións e organizacións na defensa ambiental até estudos das universidades dende diferentes eidos, o clamor pola paralización do proxectos percorreu o territorio, cristalizando en dúas mobilizacións masivas en Palas de Rei e San Caetano (Santiago de Compostela).

Así e todo, os estudos independentes sobre dito proxecto e o seu impacto seguen a continuar e, alén do prexudicial para o medio e para o patrimonio, está tamén o estudo, segundo os datos facilitados no propio proxecto, do suposto beneficio socioeconómico que traería o proxecto.

CSV: BOPRSDBPG-0000-0000-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:55:43
Nº Rexistro: 11893
Data envio: 25/09/2024 12:55:43.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo, o mes de setembro de 2024, viuse de coñecer o informe do estudo realizado polo Consello da Cultura Galega onde se analizou o impacto do proxecto de Altri dende unha ampla gama de eidos. Dende o medio ambiente até o turismo pasando, como xa se indicou nesta iniciativa, pola análise do impacto socioeconómico do proxecto.

Este informe, coñecido polo propio Goberno Galego, viu de concluír sobre varias cuestións que son de interese nun panorama puramente socioeconómico:

1) **Emprego:** A declaración de emprego directo e indirecto que se manifesta no proxecto non se axusta á realidade segundo a súa propia memoria. Como reflexa o informe do CCG non hai información cuantitativa que sosteña os datos de 500 empregos directos nin de 2500 empregos indirectos.

A este respecto os cálculos e as estimación que se derivan deste informe sitúan unha estimación á alza de empregos directos de 281 empregos, no caso de sumarlle os indirectos en toda Galiza elevaría ese número até os 544 empregos. Números que, entendendo que están suxeitos a desviacións por propagacións de erros, están moi lonxe dos anunciados pola propia empresa.

2) **Económico:** Neste sentido cabe separar dúas análises feitas polo informe, por un lado o relativo ao investimento previsto e aos resultados económicos do proxecto, e por outro o relativo á capacidade de arrastre do proxecto Gamma de xeito indirecto e inducido.

a) No relativo ao investimento previsto refírese unha carga moi elevada sobre que o 25% do investimento no proxecto estea condicionado a axudas públicas (arredor de 212-250 millóns de €).

Centrándose sobre o resultado económico derívanse catro consideracións:

CSV: BOPISDBD3068mgZ0V4-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:55:43
Nº Rexistro: 11893
Data envio: 25/09/2024 12:55:43.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1) O tamaño da industria do proxecto é moi elevado no que a activos se refire, duplica a a media das empresas do CNAE 17.11 no estado español.

2) A facturación é modesta en comparación ao tamaño cun ratio de ventas por volume de activos moi baixo

3) Consumos intermedios moi baixos cun ratio consumos/produción da orde do 48% (cando a media na Galiza para a rama R17 é do 74%), polo tanto ten un impacto indirecto moi baixo (encadeamento cara atrás).

4) Gastos de persoal moi baixos representando, para o proxecto Gamma, apenas o 6,5% do seu gasto (de aquí obtéñense as bases á hora de estimar os empregos que pode pagar, e polo tanto xerar, directamente a empresa).

b) Tendo en conta o resultado da análise da capacidade de arrastre da economía de xeito directo e inducido poden concluírse deste informe 3 cuestións:

1) Boa parte dos impactos indirectos irán a empresas afincadas fóra da Galiza**.**

2) O impacto indirecto na economía galega apenas sería de 0,30€ por euro de produción

3) No concreto das comarcas afectadas este impacto reduciríase até os 0,08€ por euro producido.

CSV: BOPRSDBPG-0000-0000-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:55:43
Nº Rexistro: 11893
Data envio: 25/09/2024 12:55:43.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3) **Proceso industrial e viabilidade da segunda fase do proxecto:** Hai unha discrepancia entre as dúas fases do proxecto, por unha banda os datos técnicos do proxecto refírense á produción máxima, no horizonte posterior ao 2030, e os datos económicos só á primeira fase de 2025 a 2030.

O informe do Consello da Cultura Galega pon de manifesto que "*o proxecto Gama desenvolveríase en dúas fases; porén, só é posible realizar unha análise do seu impacto socioeconómico limitada á primeira fase, á que se executaría no período 2025-2030, porque é a única da que existen datos económicos. Na documentación estudada non hai datos relativos aos compromisos, prazos nin financiamento do investimento que requiriría a segunda fase. Polo tanto, no plano económico unicamente existe o proxecto dunha planta que produciría 260.000 ADt/ano de celulosa soluble e 60.000 t/ano de Lyocell no horizonte de 2030*".

4) **Impactos negativos sobre outras actividades económicas:** Por último débense considerar os impactos negativos a nivel socioeconómico sobre o territorio no que se pretende implantar o proxecto. Así o informe do CGC establece varias consideracións:

a) Pode aumentar a competencia sobre o uso do solo que nas comarcas afectadas (Ulloa, Arzúa, Melide e Deza) ten unha implantación de uso agrícola e gandeiro consolidado, situando estas comarcas nunha tipoloxía de comarca rural activo.

b) Percíbese a posibilidade dun impacto negativo sobre a actividade turística e a DOP Arzúa-Ulloa.

CSV: BOPRSDBOG-080w3ZDV-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:55:43
Nº Rexistro: 11893
Data envio: 25/09/2024 12:55:43.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Por último tamén fai fincapé na percepción negativa que se pode ter á hora de consumos agrícolas e gandeiros do territorio afectado co conseguinte descenso da demanda.

En definitiva, este informe ven a sumar outra voz desfavorable á implantación da empresa Altri no corazón de Galiza. Nesta volta desmonta unha das partes máis importantes na defensa do proxecto, que é o seu impacto positivo para a economía e o emprego, rebaixando sobremaneira os datos facilitados pola empresa a este respecto, incluso poñendo de manifesto a falta de rigor en algúns deles.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O parlamento insta a Xunta a tomar en consideración as análises e conclusións do *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas*, realizado polo Consello da Cultura Galega no relativo ao impacto socioeconómico negativo e pular por reconsiderar a súa decisión unilateral de declarar o proxecto GAMA como proxecto industrial estratéxico e denegar autorización para asentar unha bomba medioambiental no corazón de Galiza".

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPRSDBPCG0000000000-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:55:43
Nº Rexistro: 11893
Data envio: 25/09/2024 12:55:43.014

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto

Iria Carreira Pazos

Ariadna Fernández González,

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/09/2024 12:42:30

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2024 12:42:39

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/09/2024 12:42:49

Iria Carreira Pazos na data 25/09/2024 12:43:10

Ariadna Fernández González na data 25/09/2024 12:43:20

Luis Bará Torres na data 25/09/2024 12:43:30

CSV: BOPIS/DRC-GV/86mg/0v-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11908
Data envio: 25/09/2024 15:58:26.577

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas a tomar para que os e as profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas diagnósticas precisas e que estas sexan informadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas consultas de Atención Primaria resólvense por enriba do 80% dos procesos de saúde da poboación, a maioría dos mesmos son atendidos e resoltos sen que sexa precisa a realización de probas diagnósticas. A pesar diso, nunha parte dos casos é preciso o acceso a probas complementarias para aumentar a precisión diagnóstica, axeitar os tratamento ou axudar a realizar derivacións mellor dirixidas o que aforra tempo e mellora a efectividade.

A accesibilidade ás probas complementarias desde as consultas de atención primaria: solicitude, realización, recepción de resultados, tempos de demora... son determinantes para a práctica clínica, para o diagnóstico precoz, non cronificación, prescrición de determinados fármacos, derivación ao hospital.

A pesar do anteriormente mencionado, seguen sendo moitas as dificultades para que os e as profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas complementarias que consideren necesarias e en moitos casos, de poder solicitalas, o resultado das mesmas non vai acompañado do informe do/da especialista correspondente.

CSV: BOPRSDBOCAV2ur13Zev57
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11908
Data envio: 25/09/2024 15:58:26.577

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O parlamento insta a Xunta a arbitrar todas as medidas precisas para que as e os profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas diagnósticas dispoñíbeis na súa área sanitaria e a que estas sexan informadas polos especialistas correspondentes".

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2024 15:46:53

Iria Carreira Pazos na data 25/09/2024 15:47:15

CSV: BOPRSDBCAVfoxr1 3Ea57
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11908
Data envio: 25/09/2024 15:58:26.577

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2024 15:47:28

CSV: BOPSDBOCAVfoxt13Zdv57
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:07:03
Nº Rexistro: 11918
Data envio: 25/09/2024 17:07:03.337

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o acordo asinado polo ministerio de Seguridade Social, patronal e sindicatos españois relativo á xubilación do sector manufactureiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do sistema de pensións do ano 2011 marcou un punto de inflexión. Non foi a primeira, e non diremos tampouco que foi a de maior alcance, mais veu condicionar todo o discurso político posterior e até os nosos días a partir do mesmo momento no que se aprobou.

Foi o goberno do presidente Zapatero, do PSOE, quen asinou esta reforma premido pola situación económica provocada pola crise financeira e os mandatos da UE. Parecía, pois, unha reforma de circunstancias, unha reforma conxuntural que todos os partidos políticos da esquerda no estado español se comprometeron a derrogar campaña tras campaña electoral. O propio PSOE, incapaz de defender a súa reforma, ven lanzando desde aquela mensaxes calculadamente confusos.

Non podía ser de outro xeito tendo en conta que a reforma do 2011 foi especialmente agresiva para as clases populares, xa que atrasar a idade de xubilación en todas as súas as formas, ordinaria, anticipada e parcial, e aumentar as carreiras de cotización e as penalizacións, impacta especialmente nas persoas que realizan traballos

CSV: BOPRSDBOG-0/afxxx3Zel0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:07:03
Nº Rexistro: 11918
Data envio: 25/09/2024 17:07:03.337

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis duros, peor retribuídos, ou que realizan xornadas parciais, mulleres na maioría dos casos.

Mais os feitos veñen constatar que nin o autodenominado goberno máis progresista da historia, nin o seu sucedáneo, tomaron ningunha medida dirixida a derrogar aquela reforma, senón que veñen empeñándose en acadar aqueles mesmos obxectivos que se explicitaban no ano 2011, atrasar a idade de xubilación, e aqueles outros non tan explícitos mais que tamén veñen marcando a axenda das sucesivas reformas do sistema público de pensións para favorecer o negocio das pensións privadas.

O acordo recentemente asinado entre goberno estatal, CEOE, CEPYME, CC.OO e UGT, e anunciado aos catro ventos, aínda a expensas de coñecer o que poida finalmente publicarse nos boletíns oficiais, vai mesma liña.

De feito, dunha primeira análise, apenas poden tirarse dúas conclusións. A primeira, a máis demoledora, que ningunha das medidas anunciadas significa recuperar o existente antes da reforma do 2011. A segunda, que ningunha das medidas anunciadas que significan mellorar o actualmente existente son claras e inequívocas, senón que precisan de importantes matizacións, caso da xubilación parcial para o sector manufactureiro e do novo sistema que se anuncia para establecer coeficientes redutores, moi demandado en certos sectores industriais importantes no noso país. Pola contra, aquelas medidas dirixidas a incentivar o atraso da idade de xubilación, por exemplo a través do que denominan xubilación activa, están xa bastante debulladas.

Para o BNG este novo acordo significa, polo tanto, consolidar aquela reforma do ano 2011 e os lesivos efectos que tivo para as clases populares, máis que comprobados nestes 13 anos que van desde a súa aprobación, redución da pensión media, atraso da idade efectiva de xubilación e a imposibilidade de establecer novos coeficientes

CSV: BOPGDSDBDGa0fafxm03Za9Q-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:07:03
Nº Rexistro: 11918
Data envio: 25/09/2024 17:07:03.337

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

redutores para ocupacións penosas, como por exemplo no sector naval. Sen que poidamos esquecer os efectos colaterais sobre o acceso ao primeiro emprego por parte da mocidade e mesmo sobre os salarios deses primeiros empregos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a promover a defensa do sistema público de pensións e dos dereitos dos traballadores e traballadoras, e a recuperar as modalidades e condicións para acceder á xubilación anteriores á reforma do ano 2011".

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPRSDBCG0/afxm3Zel0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:07:03
Nº Rexistro: 11918
Data envio: 25/09/2024 17:07:03.337

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/09/2024 16:48:14

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/09/2024 16:48:29

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2024 16:48:45

CSV: BOPRSDBCd0afxm3Zel0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe, falando de inclusión e apoio ao estudantado máis necesitado, posiblemente sexa un dos poucos aspectos que xeran consenso entre os diferentes grupos políticos e comunidades educativas. Aínda que é evidente que existen diferencias na maneira de aplicar as medidas de apoio.

34948827M ARMANDO OJEA (R: G16448011) na data 25/09/2024 15:27:42

CSV: BOPGDRC-ydxsz3BJ97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11906
Data envio: 25/09/2024 15:57:40.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a tomar para que os e as profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas diagnósticas precisas e que estas sexan informadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas consultas de Atención Primaria resólvense por enriba do 80% dos procesos de saúde da poboación, a maioría dos mesmos son atendidos e resoltos sen que sexa precisa a realización de probas diagnósticas. A pesar diso, nunha parte dos casos é preciso o acceso a probas complementarias para aumentar a precisión diagnóstica, axeitar os tratamento ou axudar a realizar derivacións mellor dirixidas o que aforra tempo e mellora a efectividade.

A accesibilidade ás probas complementarias desde as consultas de atención primaria: solicitude, realización, recepción de resultados, tempos de demora... son determinantes para a práctica clínica, para o diagnóstico precoz, non cronificación, prescrición de determinados fármacos, derivación ao hospital.

A pesar do anteriormente mencionado, seguen sendo moitas as dificultades para que os e as profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas complementarias que consideren necesarias e en moitos casos, de poder solicitalas, o resultado das mesmas non vai acompañado do informe do/da especialista correspondente.

CSV: BOPRSDBCGeVzxHFGzaL-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11906
Data envio: 25/09/2024 15:57:40.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Vai tomar a Xunta de Galiza as medidas precisas para que as e os profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas diagnósticas dispoñíbeis na súa área sanitaria e a que estas sexan informadas polos especialistas correspondentes?

Cal é a razón de que non sexa posíbel na actualidade?

Parécelle normal que probas diagnósticas solicitadas non sexan informadas?

Cando vai a Xunta de Galiza deixar de secundarizar á atención primaria con respecto á hospitalaria?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2024 15:56:09

CSV: BOPRSDBCGeVzxHFGzaV-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11906
Data envio: 25/09/2024 15:57:40.515

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 25/09/2024 15:56:25

CSV: BOPRSDBOGeVzxHFaZaLC
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:05:55
Nº Rexistro: 11916
Data envio: 25/09/2024 17:05:55.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o acordo asinado polo ministerio de Seguridade Social, patronal e sindicatos españois relativo á xubilación do sector manufactureiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do sistema de pensións do ano 2011 marcou un punto de inflexión. Non foi a primeira, e non diremos tampouco que foi a de maior alcance, mais veu condicionar todo o discurso político posterior e até os nosos días a partir do mesmo momento no que se aprobou.

Foi o goberno do presidente Zapatero, do PSOE, quen asinou esta reforma premido pola situación económica provocada pola crise financeira e os mandatos da UE. Parecía, pois, unha reforma de circunstancias, unha reforma conxuntural que todos os partidos políticos da esquerda no estado español se comprometeron a derrogar campaña tras campaña electoral. O propio PSOE, incapaz de defender a súa reforma, ven lanzando desde aquela mensaxes calculadamente confusos.

Non podía ser de outro xeito tendo en conta que a reforma do 2011 foi especialmente agresiva para as clases populares, xa que atrasar a idade de xubilación en todas as súas as formas, ordinaria, anticipada e parcial, e aumentar as carreiras de cotización e as penalizacións, impacta especialmente nas persoas que realizan traballos máis duros, peor retribuídos, ou que realizan xornadas parciais, mulleres na maioría dos casos.

CSV: BOPGDSDBDGxVxshN3WZL5w87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:05:55
Nº Rexistro: 11916
Data envio: 25/09/2024 17:05:55.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais os feitos veñen constatar que nin o autodenominado goberno máis progresista da historia, nin o seu sucedáneo, tomaron ningunha medida dirixida a derrogar aquela reforma, senón que veñen empeñándose en acadar aqueles mesmos obxectivos que se explicitaban no ano 2011, atrasar a idade de xubilación, e aqueles outros non tan explícitos mais que tamén veñen marcando a axenda das sucesivas reformas do sistema público de pensións para favorecer o negocio das pensións privadas.

O acordo recentemente asinado entre goberno estatal, CEOE, CEPYME, CC.OO e UGT, e anunciado aos catro ventos, aínda a expensas de coñecer o que poida finalmente publicarse nos boletíns oficiais, vai mesma liña.

De feito, dunha primeira análise, apenas poden tirarse dúas conclusións. A primeira, a máis demoledora, que ningunha das medidas anunciadas significa recuperar o existente antes da reforma do 2011. A segunda, que ningunha das medidas anunciadas que significan mellorar o actualmente existente son claras e inequívocas, senón que precisan de importantes matizacións, caso da xubilación parcial para o sector manufactureiro e do novo sistema que se anuncia para establecer coeficientes redutores, moi demandado en certos sectores industriais importantes no noso país. Pola contra, aquelas medidas dirixidas a incentivar o atraso da idade de xubilación, por exemplo a través do que denominan xubilación activa, están xa bastante debulladas.

Para o BNG este novo acordo significa, polo tanto, consolidar aquela reforma do ano 2011 e os lesivos efectos que tivo para as clases populares, máis que comprobados nestes 13 anos que van desde a súa aprobación, redución da pensión media, atraso da idade efectiva de xubilación e a imposibilidade de establecer novos coeficientes redutores para ocupacións penosas, como por exemplo no sector naval. Sen que poidamos esquecer os efectos colaterais sobre o acceso ao primeiro emprego por parte da mocidade e mesmo sobre os salarios deses primeiros empregos.

CSV: BOPGDSDBDGxVsshN9ZL5w87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:05:55
Nº Rexistro: 11916
Data envio: 25/09/2024 17:05:55.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Coñece a Xunta de Galiza o contido deste acordo da Mesa de diálogo social da Seguridade Social?

2. Coñece os efectos da reforma do ano 2011 sobre as pensións causadas con posterioridade á reforma? Pode ter efectos diferenciados por nivel de renda ou xénero?

3. Como estima a Xunta de Galiza que está a afectar á saúde das persoas o atraso da idade de xubilación na Galiza? Pode ter efectos diferenciados por nivel de renda ou xénero?

4. Como estima a Xunta de Galiza que está a afectar ao absentismo laboral o atraso da idade de xubilación na Galiza? Pode ter efectos diferenciados por nivel de renda ou xénero?

5. Como estima a Xunta de Galiza que está a afectar ao desemprego xuvenil e aos salarios dos primeiros empregos o atraso da idade de xubilación na Galiza? Pode ter efectos diferenciados por nivel de renda ou xénero?

Santiago de Compostela, 25 de setembro 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Brais Ruanova Vilas-Boas
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPRSDBDCxxxxxxxxxxxxxxxx
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:05:55
Nº Rexistro: 11916
Data envio: 25/09/2024 17:05:55.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/09/2024 17:04:03

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/09/2024 17:04:11

CSV: BOPSDBOG-xxxxxxxxxxxx
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:50
Nº Rexistro: 11951
Data envio: 26/09/2024 11:10:50.831

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte do goberno galego do *Informe de Fiscalización Fondos Europeos. Exercicio 2022* elaborado polo Consello de Contas e ás rectificacións que vai impulsar para que Galiza deixe de perder oportunidades de desenvolvemento económico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de setembro de 2022 o Pleno do Consello de Contas aprobaba o *Informe de Fiscalización Fondos Europeos. Exercicio 2022*, fiscalización ordinaria incluída no programa anual de traballo de 2023. Unha vez máis, podemos ler un informe demoledor sobre a falta de planificación e execución do goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galiza como son os europeos.

Este informe ten como finalidade proporcionar ao Parlamento Galego e á sociedade un informe no que se exprese o desenvolvemento da execución orzamentaria dos fondos por parte das entidades e organismos que dispoñen destes, a identificación dos Fondos Europeos percibidos polos organismos xestores e a execución dos orzamentos de ingresos, realizándose unha análise final dos diversos beneficiarios e receptores finais das distintas modalidades de Fondos Europeos identificadas. Cómpre recordar, así mesmo, que este informe atópase encadrado no novo marco financeiro

CSV: BOPGDSDBDGPVdKm8XdNK78
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:50
Nº Rexistro: 11951
Data envio: 26/09/2024 11:10:50.831

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

europeo 2021- 2027, o segundo deste marco, que xa comezou con importantes eivas froito do retraso na aprobación do novo regulamento do marco financeiro actual por mor das sucesivas crises: sanitaria, financeira e enerxética, tal como recolle o Consello. Así mesmo, é preciso sinalar que aínda hai execucións en marcha do período anterior.

Aínda que este informe presenta menos limitacións ao alcance do que outros recentes, como o do sobrecuste do Álvaro Cunqueiro, cómpre sinalar que o Consello observa diferentes deficiencias. Por exemplo, salienta que as entidades evidenciaron unha falta de protocolos documentais comúns que permitan unha análise comparativa e homoxénea da información facilitada por cada un deles; que A denominación das modalidades de financiamento de Fondos Europeos relacionadas na base de datos 2022, Contas da Administración Xeral, difire da recollida na táboa Xumco 2022; non existe un estado contable da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos e entes públicos que reflicta de forma consolidada a execución ou que non existe un procedemento que permita á Xunta o seguimento da participación dos seus organismos ou entes en proxectos cofinanciados con fondos da Unión Europea cuxo orixe de transferencias sexa distinto do da propia Administración Autonómica.

O Consello de Contas conclúe un retraso considerable xeral na execución efectiva dos proxectos europeos do novo marco 2021-2027, o que comporta a necesidade de efectuar reasignacións financeiras dende o exercicio 2021 a exercicios posteriores. O Consello sinala un atraso global na planificación, que impide a nivel de toda a UE que as axudas estean chegando de maneira efectiva á economía real, o que certifica a lectura que no seu día fixo o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como uns fondos mal enfocados.

Aínda así, amosa marxe de mellora para o goberno galego. Cómpre destacar que, relacionando a execución dos Fondos Europeos coa execución xeral do orzamento

CSV: BOPRSDBEGPVdxnt3XdVK78
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:50
Nº Rexistro: 11951
Data envio: 26/09/2024 11:10:50.831

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Comunidade, no exercicio 2022 mantense a tendencia histórica de diferenciais negativos; chegando neste exercicio a ser esta desfavorable para os Fondos Europeos en relación coa execución xeral en fase de obrigas de -43,44% e en fase de pagamentos de -49,27%. Por outra banda, a execución xeral da Comunidade Autónoma na fases "O" e "P" ambas as dúas sobre o crédito definitivo foi de 90,79% e 82,45% respectivamente, fronte ao 47,34% e 33,18% destes mesmos rateos nos fondos europeos.

Así, o Consello sinala literalmente que: Á vista dos datos cómpre adoptar as medidas necesarias para mellorar a execución dos fondos europeos co obxectivo de reverter a tendencia destes diferenciais negativos. O Informe tamén salienta que a execución do orzamento de ingresos do exercicio corrente mostra un distanciamento significativo entre as previsións definitivas e finalmente, canto a conclusións xerais, abonda no seguinte:

"Os índices de execución xeral avaliados amosan que cómpre adoptar medidas para axilizar con prontitude a xestión do novo marco 2021-2027. Deben terse en conta os retrasos xa acumulados, e que o financiamento europeo xestionado é o maior da serie histórica como consecuencia das crises económica, enerxética e sanitaria.

Estas medidas deberán ser adoptadas entre todos os axentes intervintes na execución dos proxectos, co obxectivo de que o financiamento europeo teña un impacto real na economía, a prol do tecido produtivo e da cidadanía que son os beneficiarios últimos dos recursos europeos."

Este informe vén constatar o fracaso do goberno galego na xestión dos fondos europeos post covid, un contexto no que rexeitou, malia as demandas da primeira forza da oposición e de distintos axentes da sociedade galega, un debate democrático sobre o destino, as prioridades e os procedementos a impulsar como país para un meirande

CSV: BOPRSDBCGPVdKnS3xdNK78
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:50
Nº Rexistro: 11951
Data envio: 26/09/2024 11:10:50.831

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aproveitamento. O resultado é, lamentablemente, máis profundo que unha evidente falta de execución, pois certifica a falta de transferencia ao tecido social e económico e a falta do impulso dunha verdadeira transformación económica e produtiva para atender os retos da transformación socioeconómica que vive o mundo e o noso país.

É preciso, polo tanto, que o goberno galego faga propósito de emenda e impulse as recomendacións do Consello e outras medidas para garantir que se corrixe a falta de planificación e execución do goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galiza como son os europeos.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai impulsar o goberno galego para rectificar o seu fracaso na xestión dos fondos europeos que sinala o Consello de Contas?

Que medidas vai impulsar o goberno galego para adoptar as medidas necesarias para mellorar a execución dos fondos europeos co obxectivo de reverter a tendencia destes diferenciais negativos?

Como valora o Informe respecto do ano 2022 e as súas conclusións?

Asume que as súas normas de "axilización administrativa" foron un fracaso?

Que vai facer o goberno galego ante a falta de protocolos documentais comúns que permitan unha análise comparativa e homoxénea da información facilitada polos distintos axentes?

Que vai facer o goberno galego ante a discordancia canto ás denominacións entre a base de datos de 2022 da Conta Xeral e Xumco?

CSV: BOPRSDBGPVdxnt3XdNK78
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:50
Nº Rexistro: 11951
Data envio: 26/09/2024 11:10:50.831

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai impulsar accións conducentes a que exista un estado contable da Xunta e os seus organismos autónomos e entes públicos que reflicta de forma consolidada a execución?

E algún procedemento que á Xunta o seguimento da participación dos seus organismos ou entes en proxectos cofinanciados con fondos da Unión Europea cuxo orixe de transferencias sexa distinto do da propia Administración galega?

Vai seguir sen abordar a falta de transferencia de fondos europeos aos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Ramón Fernández Alfonzo
Oscar Insua Lema
Brais Ruanova Vilas-Boas
Rosana Pérez Fernández
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2024 11:07:22

CSV: BOPRSDBCGPVdKnk3XdNK78
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:50
Nº Rexistro: 11951
Data envio: 26/09/2024 11:10:50.831

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/09/2024 11:07:29

Óscar Insua Lema na data 26/09/2024 11:08:37

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/09/2024 11:08:38

Rosana Pérez Fernández na data 26/09/2024 11:09:40

CSV: BOPRSDBOCPVdkrn8XdtK78
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:17:51
Nº Rexistro: 11991
Data envio: 26/09/2024 17:17:51.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa a solicitar ao Goberno español que dea marcha atrás na pretensión de encargar ás mutuas as probas e tratamentos sanitarios das persoas en situacións de incapacidade temporal por continxencias comúns.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 31 de xullo deste ano 2024 o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións anunciou un acordo da Mesa de Diálogo Social de Seguridade Social para "flexibilizar a xubilación, involucrar mellor ás mutuas nos tratamentos sanitarios e regular as profesións penosas".

A intención do Goberno español, que agora conta cos parabéns da CEOE, CEPYME, CC.OO e UGT, é promover a sinatura de convenios de colaboración entre os diferentes sistemas públicos de saúde autonómicos coas mutuas, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e máis o Instituto Nacional da Seguridade Social para que as mutuas poidan realizar cos seus medios probas diagnósticas e tratamentos a persoas en situación de Incapacidade Temporal por continxencias comúns afectadas por unhas determinadas patoloxías músculo esqueléticas, cando a xestión económica da súa prestación corresponda ás propias mutuas.

Avánzase algunha cuestión sobre como sería o procedemento para que as mutuas poidan efectivamente realizar esas probas ou tratamentos. Por exemplo, que o Servizo público de saúde manterá a determinación da diagnose e será quen emita os

CSV: BOPSTDBOG-Vaxxin3Zd-V-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:17:51
Nº Rexistro: 11991
Data envio: 26/09/2024 17:17:51.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

partes de baixa, confirmación e alta, que será preceptivo o consentimento previo da persoa, que as mutuas poderán denegar a solicitude de asistencia recibida, mais sempre que atendan unha porcentaxe mínima de derivacións, que cando acepten a derivación notificarán no prazo de 5 días a cita con día, lugar e hora para a realización da proba, que deberán poñer a disposición do Servizo público un informe sobre a situación médica da persoa doente a través do visor de historia de saúde dixital das mutuas, e que no prazo de 1 semana desde a realización da proba os servizos de atención primaria e especializada do servizo público de saúde realizará o "adecuado seguimento asistencial do interesado".

Esta proposta do Goberno español non deixa de ser unha constatación de como en lugar de mellorar o sistema público de saúde se opta por desviar recursos e fondos públicos ao sector privado.

A iniciativa para aumentar as derivacións cara a sanidade privada implica necesariamente que os asinantes contan con que a escaseza de medios e facultativ@s non afecta en igual medida ao sector privado, o que en si mesmo xa rebate o argumento da non existencia de médicos "no mercado", senón que implica tamén mellorar a posición do sector privado como competidor do sistema público á hora de contratar médicos especialistas, en radioloxía por exemplo, grazas ao aumento das derivacións cara a privada da realización destas probas.

Basicamente, o acordo asinado coas mutuas é para reducir a duración das baixas, a realización de probas diagnósticas e tratamentos terapéuticos e rehabilitadores en procesos de Incapacidade Temporal por continxencias comúns de orixe traumatolóxico.

Estes acordos derivarán cartos públicos cara a sanidade privada a través das mutuas, o que supón descapitalizar, aínda máis, a sanidade pública. Porén isto non mellorará a cobertura para as persoas traballadoras porque se renuncia a actuar sobre as

CSV: BOPGDBG-Hxxxkn3Zd-V-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:17:51
Nº Rexistro: 11991
Data envio: 26/09/2024 17:17:51.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

causas dos procesos de incapacidade temporal, limitándose a actuar sobre as consecuencias: o número de incapacidades temporais e a súa duración.

En definitiva, con este tipo de medidas asumen os argumentos da patronal sobre o absentismo laboral, culpabilizando ás persoas traballadoras por estaren en situacións de incapacidade temporal por continxencias comúns.

Por todo o exposto formúlanse a seguinte interpelación:

Que valoración fai o Goberno galego do Acordo da denominada Mesa de Diálogo Social de Seguridade Social para propiciar a sinatura de convenios de colaboración entre os diferentes sistemas públicos de saúde autonómicos coas mutuas, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e o Instituto Nacional da Seguridade Social para que as mutuas poidan realizar probas diagnósticas e tratamentos a persoas en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns por determinadas patoloxías músculoesqueléticas?

Está de acordo con esta decisión, que de levarse a cabo, vai supoñer desviar fondos públicos cara a sanidade privada?

Considera que vai supoñer algunha mellora na cobertura para as persoas traballadoras?

Non considera que estes recursos públicos debe destinarse a reforzar a sanidade pública?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

CSV: BOPRIS/DEG/Vaxfin3Zd/V0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:17:51
Nº Rexistro: 11991
Data envio: 26/09/2024 17:17:51.655

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2024 17:14:49

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/09/2024 17:14:52

CSV: BOPSDBOGdvaxkn3Zd-V-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación.**

Os datos oficiais publicados recentemente reafirman a crise marisqueira que esta sufrindo Galicia desde hai xa demasiado tempo. Esta situación foi reiteradamente denunciada por todos os sectores do sector do mar, concellos das zonas marisqueiras, os partidos da oposición, etc. e negados sistematicamente pola Consellería.

Esta crise pásalle factura sobre todo aos mariscadores e mariscadores, tanto os que faenan a pé como en embarcación, e tamén aos pescadores de baixura e litoral: desde xaneiro facturaron 33,45 millóns de euros, un 26 % menos que o ano pasado por estas datas e un 37 % menos que a media do que vai de século, nin o incremento de prezos compensa a drástica redución de capturas cando o prezo do quilo de marisco este ano é un 43 % superior á media desde o ano 2000.

Finalmente, a Consellería do Mar non pode máis que recoñecer o que, reiteradamente, levamos dicindo: A caída da produción marisqueira e sistémica, debéndose fundamentalmente a procesos vinculados ao cambio climático e á contaminación mariña, son os factores ambientais, naturais e/ou antropoxénicos, os que obxectivamente están influíndo na diminución de produción.

E por tanto claro que a acción humana e a xestión dos recursos naturais e industriais ten un efecto directo sobre a produtividade das nosas rias. Un dos parámetros que afecta aos bancos marisqueiros e a salinidade das augas,

CSV: BOPISDBDCFWGMRABZUW8-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sobre todo, en espazos como son as rias sometidos a procesos diarios de subida e baixada das mareas.

É critico, polo tanto, a incorporación de grandes volumes de auga doce en determinados momentos das mareas. Este aporte prodúcese polos rios, e nalgunhas rías, como é a de Arousa, o aporte neste caso do Ulla e moi importante. Está claro que a intensidade das choivas non poden ser reguladas, pero si que poden ser regulados e controladas a xestión que dos encoros realizan as empresas que xestionan esas infraestruturas hidráulicas.

As actuais tecnoloxías de comunicacións fan posible establecer sistemas de alerta e aviso para regular e comunicar aos sectores implicados cando se pode baleirar sen risco ambiental e regular e comunicar o proceso. A Xunta de Galicia ten competencias exclusivas de xestión da maioría das concas hidrográficas de Galicia e, por tanto, é competente para redactar esa normativa. A Consellería do Mar e a Xunta de Galicia levan moito tempo perdido, tempo que o sector Marisqueiro xa non ten.

Ante esta situación os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. En que estado se atopa a comunicación entre as empresas responsables e a coordinación entre distintos organismos competentes da Xunta de Galicia relativas á xestión dos encoros nas concas hidrográficas de competencia autonómica?
2. Que estudos se están a realizar pola Consellería do Mar para avaliar as consecuencias dun proceso de xestión do baleirado e mantemento do encoros nas rías galegas, con especial relevancia na Ría de Arousa?

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2024

CSV: BOPSDBCFKXNRA0X0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:35:06
Nº Rexistro: 11996
Data envio: 26/09/2024 17:35:06.845

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 26/09/2024 16:04:48

Carlos López Font na data 26/09/2024 16:04:58

CSV: BOPSDBCFKdXrabZU6-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
41000
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 18:03:14
Nº Rexistro: 12009
Data envio: 26/09/2024 18:03:14.964

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, **Secundino Fernández Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao fomento e mellora da produción ecolóxica en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción ecolóxica en Galiza demostrou ser un sector clave para o desenvolvemento sostible, a protección do medio ambiente e a xeración de emprego no ámbito rural. Porén, a actividade agroecolóxica enfronta múltiples desafíos que están a limitar a súa expansión e consolidación.

Entre as problemáticas máis urxentes atópanse a escaseza de solo dispoñible para a produción ecolóxica, a dificultade de acceso a terreos a prezos razoables, a falta de apoio institucional en termos de asesoramento técnico e formación, así como o atraso e a falta de pagamento das axudas comprometidas nos últimos anos. Esta situación xera unha clara desvantaxe competitiva para os produtores ecolóxicos galegos, dificultando a súa capacidade de planificación, investimento e crecemento. A falta de cumprimento no pagamento das axudas supón unha grave vulneración dos dereitos dos agricultores e gandeiros, e pon en perigo a viabilidade dos seus proxectos. Ademais, a falta de solo dispoñible e o acceso limitado a terreos de calidade axeitada a prezos accesibles impiden a expansión deste modelo produtivo, indispensable para a diversificación e sustentabilidade da actividade agraria en Galiza.

CSV: BOPIS[illegible]
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 18:03:14
Nº Rexistro: 12009
Data envio: 26/09/2024 18:03:14.964

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta realidade, faise urxente e necesario establecer medidas concretas e efectivas que promovan o desenvolvemento do sector ecolóxico, garantindo un entorno favorable para o seu crecemento e asegurando a protección dos dereitos dos produtores.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a estratexia da Xunta de Galiza para mellorar a comercialización e a distribución de produtos ecolóxicos locais, favorecendo o consumo de proximidade e evitando a dependencia de grandes distribuidoras?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Montserrat Valcárcel Armesto
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 26/09/2024 17:58:37

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/09/2024 17:59:02

CSV: BOPRSDBEGoXuNu3ZSK-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 18:03:14
Nº Rexistro: 12009
Data envio: 26/09/2024 18:03:14.964

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 26/09/2024 17:59:13

Secundino Fernández Fernández na data 26/09/2024 17:59:19

Luis Bará Torres na data 26/09/2024 17:59:26

CSV: BOPSDBOG-Xuxta2ZBK-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 11:19:40
Nº Rexistro: 11621
Data envio: 20/09/2024 11:19:40.512

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións a desenvolver polo goberno galego para a mellora da calidade educativa do CPI "Cernadas de Castro", de Lousame.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia a situación de normalidade absoluta na que a Consellaría de Educación insiste publicamente sobre o comezo do actual ano académico nos centros educativos do noso país, a realidade e moi outra en moitos deles, as mobilizacións e as protestas do persoal docente, dos pais e das nais persisten e os días avanzan sen que haxa solucións.

É o caso do Centro Público Integrado "Cernadas de Castro", do concello de Lousame, onde as familias do alumnado veñen facendo reclamacións á administración educativa e tamén reivindicando publicamente a dotación de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e dun coidador sen que, ata o momento, teñan recibido ningunha resposta.

Trátase do único centro escolar de todo o termo municipal e no que se imparten aulas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, cun total de máis de 240 escolares e con preto de 40 deles con necesidades específicas en audición e linguaxe, que no pasado curso xa contaban cunha insuficiente dotación desta especialidade, só un profesional a tempo parcial e que para o actual curso non contan con ningún especialista nesa área.

Ademais, a Consellaría tamén vén de suprimir un dos dous coidadores que houbo no centro ata o mes de abril, aínda habendo 3 alumnos que precisan de coidados

CSV: BOPISDBDCZMA9603XTV-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 11:19:40
Nº Rexistro: 11621
Data envio: 20/09/2024 11:19:40.512

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

durante toda a xornada escolar e que, diante deste recorte, non poden recibir o apoio na medida na que o necesitan.

En definitiva, outro centro cunha situación comprometida, onde o alumnado máis vulnerábel e que máis o necesita volve ser o principal damnificado da insensibilidade e dos recortes que se suceden no ensino público por parte da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar no inmediato a Consellaría de Educación para garantir a cobertura da necesidade dun especialista en Audición e Linguaxe no CPI "Cernadas de Castro", de Lousame e o incremento da de coidador/a?

Santiago de Compostela, 20 de setembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/09/2024 11:13:05

CSV: BOPRSDBOC2ej4e9631XT-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 11:19:40
Nº Rexistro: 11621
Data envio: 20/09/2024 11:19:40.512

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 20/09/2024 11:13:15

CSV: BOPSDBOC-ZA-9631XT-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno.**

Os representantes das ANPA e os grupos municipais da oposición veñen denunciando a falta de compromiso e de responsabilidade da consellería de educación cara á situación dos centros educativos da cidade.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de "deixamento absoluto" cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, atópase indignada ao non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir neste comezo de curso. Os recortes que está a aplicarse repercuten non só na calidade da docencia que reciben os nenos e nenas, senón tamén na carga do profesorado.

Nos centros da cidade de Ferrol atopamos distintas problemáticas que, en todos os casos, afectan a calidade educativa:

O IES Ferrol Vello comeza o curso con dous docentes menos, que trae como consecuencia a supresión dun itinerario en 4º da ESO, Ciencias Sociais e as Humanidades. Nun centro pequeno como é o IES Ferrol Vello, dous profesores representan un alto porcentaxe do cadro docente, polo que máis alá da perda das optativas de latín e de economía, significa a perda de moitas das horas que dedicaba o profesorado a programas educativamente tan interesantes como os recreos dinámicos, titorías entre iguais, os recunchos dá calma, ou a posibilidade de constituír grupos de aprendizaxe específico de linguas, etc., poñendo en risco unha serie de programas efectivos e fundamentais para un ensino integrador, equitativo e de calidade.

CSV: BOPISDBG3AfxmaZUA97
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No IES Canido tamén se reducen dous docentes e outros dous no IES Sofía Casanova, de maneira que tamén suprímense especialidades e as materias son impartidas por profesorado de areas afíns que teña dispoñibilidade.

O IES Catabois, cunha alta porcentaxe de familias en risco de exclusión social e de migrantes, que non teñen nin o español nin o galego como primeira lingua, non ten en este momento persoal para realizar o reforzo para a acollida lingüística necesaria para o seu progreso no sistema educativo.

No CEIP Ledicia, único centro de ensino público no barrio de Caranza, con 27 alumnos en 2º de primaria, catro dos cales teñen necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), non se concedeu até agora un desdobramento, unicamente concédese un profesor compartido co CEIP Isaac Peral, co que contando coas horas dos profesores de música e educación física que prestaban apoio noutros grupos, poderán facer desdobramento só os dous días que teñan asignado ese profesor compartido quedando desatendidos os outros grupos.

O conselleiro na súa comparecencia no Parlamento, manifestou que o Plan MEGA era un paso de xigante cara a educación do futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno, e vencellando a calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades, cando en realidade estase producindo, no caso do concello de Ferrol, unha redución de profesorado e dos especialistas, PT e AL, que son fundamentais, como é o caso do IES Ferrol Vello, que non poden ser substituídos polos reforzos do Programa PROA+, que son benvidos, pero que son profesores de apoio para aquelas aulas que teñan polo menos un 30% con NEAE.

A Consellaría de Educación di estar avaliando os datos para organizar as unidades escolares en función das matrículas centro a centro para tomar decisións sobre agrupamentos. Isto e inadmisible xa que realizase tardiamente

CSV: BOPSDEG-[illegible]
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

co curso comezado, provocando nos equipos directivos incertezas e ter que realizar novas programacións cando os datos de matriculación son coñecidas antes do verán.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

É consciente a Xunta de Galicia de que ou recorte de profesorado do IES Ferrol Vello significa a imposibilidade de que ou alumnado realice ou itinerario de Ciencias sociais de humanidades?

Santiago de Compostela, 19 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 20/09/2024 12:01:03

Silvia Longueira Castro na data 20/09/2024 12:01:12

CSV: BOPSDBG-8A4fa8ZA97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 13:20:04
Nº Rexistro: 11640
Data envio: 20/09/2024 13:20:04.962

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e do deputado **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á inclusión na nova licitación da concesión do transporte público do Barbanza dun servizo entre os concellos da zona e a estación de ferrocarril ubicada en Catoira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo, o conselleiro de Presidencia transmitiulle aos alcaldes da comarca do Barbanza que a concesión do transporte regular na zona sería obxecto dunha nova licitación.

Segundo se fixo público pola propia Consellaría, "a medida busca garantir a prestación do servizo segundo as demandas e necesidades das persoas usuarias, detectadas a través do labor de seguemento que está a realizar a Xunta … e cumprir o acordo unánime do Parlamento no que se instaba ao Goberno a empregar todas as ferramentas incluídas no Prego de cláusulas administrativas para a mellora na prestación do seu servizo público na comarca do Barbanza", que fora impulsado polo BNG e tomado na Comisión 2ª o 30 de novembro de 2023.

Sen dubida, unha decisión que satisface a este Grupo Parlamentar e, de seguro, ao conxunto da cidadanía da comarca, despois de anos denunciando as moitas deficiencias e incumprimentos por parte da empresa concesionaria do transporte no Barbanza.

CSV: BOPRSDBCGUqxm3Q4v-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 13:20:04
Nº Rexistro: 11640
Data envio: 20/09/2024 13:20:04.962

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, se o que se quere lograr por parte da Consellaría é precisamente dar resposta ás demandas e necesidades das persoas usuarias do transporte público nesa comarca, é imprescindíbel coñecer tamén que, ademais da mellora dos servizos que xa se prestan, existe unha alta demanda de ampliación dos mesmos.

Nomeadamente, resulta incomprensíbel que a conexión, a día de hoxe, entre a nosa comarca e a beira sur da ría de Arousa sexa practicamente inexistente, máxime cando hai un número importante de persoas, sobre todo estudantes mais non só, que se desprazan acotío á estación do ferrocarril ubicada en Catoira, por ser a máis cercana, para facer uso dos trens hacia Santiago, A Coruña, Pontevedra, Vigo ou outros destinos.

Un servizo de autobús que conecte a comarca do Barbanza con esa estación de ferrocarril é unha necesidade e, nun primeiro momento, pode consistir nunha liña Catoira-Ribeira as fins de semana, que permita voltar aos estudantes os venres á tardiña. Do mesmo xeito, os domingos en sentido Ribeira-Catoira, con paradas nos catro concellos da comarca.

En definitiva, de levarse a cabo, sería o comezo dun servizo de autobús ata o de agora inexistente e que, en función dos usuarios e usuarias do mesmo, podería ampliarse paulatinamente, tanto no referido aos horarios como ao número de paradas.

Se, tal e como recoñeceu a propia Consellaría de Presidencia no mes de xullo, "a importancia estratéxica do transporte público fai precisa unha actualización constante que atenda as demandas reais e se adapte ás características territoriais …", é máis acaído ca nunca considerar a necesaria conexión entre as dúas beiras da ría de Arousa, co obxectivo de facilitar a mobilidade e a accesibilidade á mesma no conxunto do territorio.

CSV: BOPISDBDGTUxkmQdv-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2024 13:20:04
Nº Rexistro: 11640
Data envio: 20/09/2024 13:20:04.962

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai contemplar o Goberno galego na nova licitación da concesión do servizo de transporte público na zona do Barbanza que ten anunciada as cláusulas necesarias para poder conectar esa comarca cando menos coa estación de ferrocarril de Catoira, na marxe sur da ría de Arousa e, en función dos usuarios e usuarias do mesmo, tamén a súa futura ampliación e mellora?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Montserrat Prado Cores
Paulo Ríos Santomé
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/09/2024 13:16:57

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2024 13:17:02

Paulo Ríos Santomé na data 20/09/2024 13:17:35

CSV: BOPRSDBCGTUXpxm3Q4v-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2024 11:03:15
Nº Rexistro: 11680
Data envio: 23/09/2024 11:03:15.519

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de mellorar o servizo de pediatría da Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Fisterra leva máis de cinco anos sen que se cubra o servizo de pediatría, unha praza de especialista, que segue vacante. O nenos e nenas de Fisterra seguen a ser desprazados ao centro de saúde de Cee, cando o PP afirmou en plena campaña electoral, que as prazas de pediatría na Costa da Morte, cubriríanse a través do procedemento extraordinario para prazas de difícil cobertura e comezarían a traballar o 18 de marzo, e despois desa data, a situación non variou.

Tampouco acertou a Consellería de sanidade a dicir a verdade, cando afirmaba que este verán pasado a praza vacante ía ser cuberta por unha pediatra. Un novo engano que só sirve para que as nais e pais teñan que seguir desprazándose ao centro de saúde de Cee.

Esta crise pásalle factura sobre todo ás mariscadoras e mariscadores, tanto os que faenan a pé como en embarcación, e tamén aos pescadores de baixura e litoral: desde xaneiro facturaron 33,45 millóns de euros, un 26 % menos que o ano pasado por estas datas e un 37 % menos que a media do que vai de século, nin o incremento de prezos compensa a drástica redución de capturas cando o prezo do quilo de marisco este ano é un 43 % superior á media desde o ano 2000.

Ante todo este panorama a Consellería do Mar non solo nega a realidade, senón que se esconde tras xustificacións puntuais, busca culpables noutras administracións e anuncia día tras día o Plan de competitividade e sostenibildiade do sector marisqueo 2023-2025, que nin os axentes do sector coñece, e afirma que toma todas as medidas necesarias para a protección do sector marisqueiro.

A realidade non é así: as medidas e axudas que se anuncian non se plasman en convocatorias e cando é así, a carga burocrática e a tramitación fai que non chegan ou tardan en recibir ás persoas afectadas, por exemplo as axudas como consecuencias dos peches dos bancos neste ano 2024 aínda non están

CSV: BOPRSDBC2v76ob3QBV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xestionadas totalmente e as axudas de 550 euros, que se aceleraron por razóns electorais do PP, cando para máis de 7.000 persoas beneficiarias escasamente chegaron a 4.000, quedando sen abonar aproximadamente 2 M€ dos 4,5 inicialmente asignados.

O propio conselleiro afirmou en sede parlamentaria, estar en contacto directo co sector e que toma todas as medidas de protección do medio e das persoas traballadoras do mar, sen embargo, as propias confrarías trasladan publicamente a súa preocupación pola "ausencia de solucións dilixentes e efectivas" ante os "graves problemas" que atravesa o sector do marisqueo galego.

É demostración do malestar do sector por como a Consellería está a xestionar as convocatorias para poder acollerse ás axudas pola paralización temporal do FEMPA (Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura), tanto polos criterios como pola cantidade total que finalmente percibe cada mariscador/a que nada ten que ver, afirman, co prometido pola Consellería do Mar. Para esas confrarías pontevedresas non hai dúbida de que «existe un incumprimento manifesto» do que había anunciado a Consellería do Mar.

A Consellería leva moito tempo perdido, pero o sector marisqueiro non ten tempo, a Consellería ten que actuar xa.

CSV: BOPRSDBCZ-v6qb3ZBV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que nivel de diálogo estableceu a Consellería co sector marisqueiro para a posta en marcha das axudas aos mariscadores/as do Plan de Competitividade e Sostenibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025?

Santiago de Compostela, 24 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/09/2024 17:00:01

Carlos López Font na data 24/09/2024 17:00:10

CSV: BOPSDBC2v6ob3QBV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 17:58:34
Nº Rexistro: 11822
Data envio: 24/09/2024 17:58:34.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Cristina Fernández Davila, Brais Ruanova Vilas-Boas e **Carmela González Iglesias**,, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas urxentes que vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade no CEIP Santa Mariña de Cabral e no CEIP Igrexa-Candeán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política do goberno de recortes dos servizos públicos está tendo consecuencias nefastas para o sistema educativo galego. A Xunta de Galiza, coñecedora da mala situación, deu comezo ao inicio de curso incrementando a propaganda co obxectivo de aplacar as críticas da comunidade educativa.

Porén, a realidade é que as consecuencias dos recorte son palpables e que se ceban, especialmente, nos recursos destinados a ofrecer unha atención e un apoio aos nenos e nenas con necesidades educativas e de apoio especiais. En concreto veñen de suprimir 80 docentes especialistas en Pedagoxía Terapéutica e en Audición e Linguaxe, que realizan unha labor fundamental, brindando oportunidades e promovendo o desenvolvemento dos nenos e nenas.

No concello de Vigo son numerosos os centros que iniciaron o curso escolar con graves problemas como consecuencia destes recortes. En concreto no CEIP Santa Mariña de Cabral e no CEIP Igrexa-Candeán vén de suprimirse do cadro de persoal o

CSV: BOPISDBGCAtxmaZRV47
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 17:58:34
Nº Rexistro: 11822
Data envio: 24/09/2024 17:58:34.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especialista en Audición e Linguaxe que viñan compartindo ambos centros en anos anteriores.

Ademais deste recorte, o curso comezou no CEIP Santa Mariña sen o Auxiliar Técnico Educativo que se encargaba de acompañar a un alumno con necesidades educativas especiais nas actividades de autonomía persoal e de hixiene, de ensinanza e aprendizaxe e dos desprazamentos.

Todo isto provocou que este neno vise vulnerado os seu dereito de acceso a unha educación con calidade que atenda as súas necesidades. O profesorado do centro está realizando un esforzo extra para tratar de paliar esas carencias, pero non poden suplir o apoio fundamental que representaban estes profesionais especialistas. Igualmente a familia está tratando de garantir o benestar do neno, tendo que acudir ao comedor do colexio a darlle de comer ao seu fillo. Unha situación absolutamente inaceptable que é contraria á ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que establece no seu artigo 79 que "os centros docentes contarán coas persoas profesionais especializadas que necesiten para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado que escolarizan."

Ademais este centro presenta graves deficiencias en cuanto ao persoal de orientación. Neste momento existe apenas un profesional a tempo parcial que debe atender a un número elevado de alumnos que presentan necesidades de atención e apoio especial. En concreto a ANPA do centro ten detectado ao redor dun 40% de nenos e nenas con estas características, porén o número de casos detectados con informe oficial é menor. Esta diferencia reflicte as dificultades por parte de orientación de detectar e

CSV: BOPISDBGCAtxmaZRV67
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 17:58:34
Nº Rexistro: 11822
Data envio: 24/09/2024 17:58:34.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuar con axilidade e eficiencia diante de todos os casos, polas escasas horas que se teñen asignadas a este centro.

En conclusión, é evidente que o cadro de persoal non está axustado ás necesidades de ambos centros. Por tanto, esiximos á Xunta de Galiza que reverta a súa política de recortes, daniño para a calidade educativa e cruel co alumnado que máis apoio precisa.

Por todo isto dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos a seguinte iniciativa sobre necesidade de incrementar os recursos humanos dos que dispoñen o CEIP Santa Mariña e o CEIP Igrexa-Candeán, para garantir o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas urxentes vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade no CEIP Santa Mariña de Cabral e no CEIP Igrexa-Candeán?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Cristina Fernández Davila
Brais Ruanova Vilas-Boas
Carmela González Iglesias
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPRSTBPG-Axxe2XR-67
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 17:58:34
Nº Rexistro: 11822
Data envio: 24/09/2024 17:58:34.219

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2024 17:56:49

Cristina Fernández Davila na data 24/09/2024 17:56:53

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/09/2024 17:57:33

Carmela González Iglesias na data 24/09/2024 17:57:34

CSV: BOPRSDBCGAbrse2JR47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 18:09:29
Nº Rexistro: 11826
Data envio: 24/09/2024 18:09:29.179

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Cristina Fernández Davila, Brais Ruanova Vilas-Boas e **Carmela González Iglesias**,, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas necesarias garantir o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade no IES de Valadares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política do goberno de recortes dos servizos públicos está tendo consecuencias nefastas para o sistema educativo galego. A Xunta de Galiza, coñecedora da mala situación, deu comezo ao inicio de curso incrementando a propaganda co obxectivo de aplacar as críticas da comunidade educativa.

Porén, a realidade é que as consecuencias dos recorte son palpables e que se ceban, especialmente, nos recursos destinados a ofrecer unha atención e un apoio aos nenos e nenas con necesidades educativas e de apoio especiais. En concreto veñen de suprimir 80 docentes especialistas en Pedagoxía Terapéutica e en Audición e Linguaxe, que realizan unha labor fundamental, brindando oportunidades e promovendo o desenvolvemento dos nenos e nenas.

No concello de Vigo son numerosos os centros que iniciaron o curso escolar con graves problemas consecuencia destes recortes. En concreto no IES de Valadares existe unha falla de persoal docente que fai con que na maioría de aulas se alcancen os 30 alumnos. Para alén desta saturación de alumnado hai que ter en conta o elevado número de alumnado NEAE que existe no centro, xa que é un centro de referencia para estes.

CSV: BOPRSDBCGdsm3KeV-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 18:09:29
Nº Rexistro: 11826
Data envio: 24/09/2024 18:09:29.179

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, en cada aula hai como mínimo 4 alumnos/as NEAE, chegando nalgúns casos aos 15 alumnos NEAE. Ademais 27 alumnos e alumnas deste centro teñen unha discapacidade superior ao 33%.

A pesar das grandes necesidades de recursos humanos para a atención á diversidade, a Xunta de Galiza recortou tamén neste centro a súa dotación. Se o ano pasado o centro tiña asignado 4 profesionais en Pedagoxía Terapéutica, este ano pasan a ser apenas 2. Ademais tamén se eliminou un Auxiliar Técnico Educativo que desempeñaba unha labor fundamental para garantir o dereito de nenos e nenas co necesidades de apoio importantes a poder acceder a un sistema educativo integrador. Ademais foi solicitada atención domiciliaria para un alumno que non podía acudir ao centro e que foi denegado

Tamén na área de orientación houbo recortes, co que se prexudica a todo alumnado, pero de xeito moi especial ao alumnado NEAE. Para entender o volume de traballo que soporta o persoal de orientación basta dicir que xa só no inicio de curso deben encargarse de 80 becas NEAE.

En conclusión, é evidente que o cadro de persoal non está axustado ás necesidades do centro. Por tanto, esiximos á Xunta de Galiza que reverta a súa política de recortes, daniño para a calidade educativa e cruel co alumnado que máis apoio precisa.

Por todo isto dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos a seguinte iniciativa sobre necesidade de incrementar os recursos humanos dos que dispón o IES Valadares para garantir o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade.

CSV: BOPRSDBDCGdsMqKdW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2024 18:09:29
Nº Rexistro: 11826
Data envio: 24/09/2024 18:09:29.179

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai impulsar a Xunta de Galiza para incrementar os recursos humanos dos que dispón o IES Valadares e garantir o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Cristina Fernández Davila
Brais Ruanova Vilas-Boas
Carmela González Iglesias
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2024 18:07:34

Cristina Fernández Davila na data 24/09/2024 18:07:39

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/09/2024 18:08:28

Carmela González Iglesias na data 24/09/2024 18:08:29

CSV: BOPRSDBPCGdsmqKdW-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11833
Data envio: 24/09/2024 19:28:35.587

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Conselleiro do Mar afirmou recentemente en sede parlamentaria, estar en contacto directo co sector para a definición e execución do, tanta veces citado como descoñecido, Plan de Competitividade e Sostenibilidade do Marisqueo de Galicia 2024-2025, no que basea a Consellería todas as medidas de protección do medio e dos traballadores do mar. Sen embargo, as propias confrarías trasladan publicamente, unha e outra vez, a súa preocupación pola ausencia, ou descoñecemento, de solucións dilixentes e efectivas ante os graves problemas que atravesa o sector do marisqueo galego, o que pon de manifesto a falta de comunicación é sensibilidade da Consellería as demandas do sector.

A Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) solicitou publicamente a creación de mesas técnicas de traballo para a mellora da xestión do marisqueo. Esta solicitude foi rexeitada polas confrarías de pescadores solicitando a convocatoria urxente dos pósitos de marisqueo da Federación Galega para analizar e acordar una posición común tras la solicitude da Comisión Mar-Industria, que cualifican de «intromisión» e pretensión de erixirse nos representantes do sector do marisqueo, xa que na Comisión Mar-Industria non existen representantes do sector extractivo do marisqueo.

Queda patente unha vez máis que a Consellería do Mar segue sen exercer as súas competencias no sistema de xestión do marisqueo en Galicia, regulado mediante o Decreto 153/2019, no que se determina que corresponde á Administración autonómica o establecemento e a regulación das medidas

CSV: BOPSDEG-BWXQQXU-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dirixidas á conservación, á xestión e á explotación responsable, racional e sostible dos recursos mariños vivos e que, entre estas medidas, encoméndalle a adopción, despois da “audiencia do sector afectado”, de plans de xestión, definidos como medidas reguladoras da actividade marisqueira», e dicir, a Xunta ten as competencia exclusivas para a xestión marisqueira e correspóndelle a toma das medidas necesaria e a audiencia ao sector afectado.

Ante esta situación de público desacordo entre os distintos axentes implicados no sector marisqueiro, o conselleiro adopta una posición ambigua, que non axuda nada a coordinación e unión necesaria para facer fronte a situación dramática que esta a vivir o sector marisqueiro en todas as súas vertentes.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que estratexia ten a Consellería do Mar para establecer o diálogo coas confrarías vinculas aos sector extractivo do marisqueo en Galicia para a xestión dos bancos marisqueiros da nosa costa?

Santiago de Compostela, 24 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 24/09/2024 19:23:02

Carlos López Font na data 24/09/2024 19:23:13

CSV: BOPSDEG-BWXXQ2X-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11844
Data envio: 25/09/2024 09:22:54.186

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, **Mercedes Queixas Zas**, **Iria Carreira Pazos**, **Montserrat Prado Cores** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o 6.º informe do Comité de Expertos da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias en relación coa lingua galega na atención sanitaria e ás persoas maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional ratificado polo Reino de España en 2001, ten un artigo dedicado á sanidade, que establece que os estados membros se comprometen a "asegurar que os servizos sociais como hospitais, residencias de anciáns e albergues ofrecen a posibilidade de recibir e atender na súa propia lingua empregando unha lingua rexional ou minoritaria a aqueles que precisen coidados por mor de enfermidade, a idade ou outras razóns".

O 6.º informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento no Estado español da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, publicado o 24 de setembro, indica no que se refire á área da sanidade:

"Nos centros sanitarios, o Servizo Galego de Saúde usa o galego en parte da sinalización e da documentación. Porén, a maioría do persoal sanitario non está formado para prestar a atención sanitaria en galego. Acontece algo semellante nas residencias de anciáns, nas que se usa o galego na meirande parte das actividades. O coñecemento do galego non é obrigatorio no proceso de contratación do persoal médico, ao contrario do que demandan os representantes dos falantes".

CSV: BOPISDBDGaWcXfm0ZJ6V-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11844
Data envio: 25/09/2024 09:22:54.186

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hoxe en día, aínda é imposíbel acceder a unha parte moi importante dos consentimentos médicos e outra documentación en galego, ademais de que non existe ningún mecanismo que permita que a cidadanía poida escoller a lingua de atención médica. A administración debería informar ao persoal dos servizos sanitarios de cales son os dereitos lingüísticos dos e das pacientes, e establecer mecanismos para que non sexa preciso facer un esforzo adicional para obter a atención e a información escrita en galego.

O feito de que o coñecemento de galego non sexa un requisito para acceder á función pública supón un importante atranco para a atención na lingua dos e das pacientes.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé levar a cabo o goberno galego encamiñadas a cumprir a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas no ámbito da atención sanitaria?

Santiago de Compostela, 25 de setembro 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPRSDBEG-yxfnbZJ6-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11844
Data envio: 25/09/2024 09:22:54.186

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/09/2024 09:14:45

Mercedes Queixas Zas na data 25/09/2024 09:14:55

Iria Carreira Pazos na data 25/09/2024 09:15:06

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2024 09:15:18

Daniel Castro García na data 25/09/2024 09:15:31

CSV: BOPRSDBCoy/cxfoBZ/J6-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:20:49
Nº Rexistro: 11850
Data envio: 25/09/2024 10:20:49.633

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Cristina Fernández Davila, Brais Ruanova Vilas-Boas e **Carmela González Iglesias**,, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas necesarias para mellorar as infraestruturas e os recursos humanos dos que dispón a Escola de Educación Infantil Rúa Aragón para garantir o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política do goberno de recortes dos servizos públicos está tendo consecuencias nefastas para o sistema educativo galego. A Xunta de Galiza, coñecedora da mala situación, deu comezo ao inicio de curso incrementando a propaganda co obxectivo de aplacar as críticas da comunidade educativa.

Porén, a realidade é que as consecuencias dos recorte son palpables e que se ceban, especialmente, nos recursos destinados a ofrecer unha atención e un apoio aos nenos e nenas con necesidades educativas e de apoio especiais. En concreto veñen de suprimir 80 docentes especialistas en Pedagoxía Terapéutica e en Audición e Linguaxe, que realizan unha labor fundamental, brindando oportunidades e promovendo o desenvolvemento dos nenos e nenas.

No concello de Vigo son numerosos os centros que iniciaron o curso escolar con graves problemas consecuencia destes recortes. En concreto na EEI Rúa Aragón vén de recortase a mestra de apoio. Ademais no inicio do curso nin tan sequera se nomearan ás persoas especialistas en Audición e Linguaxe, nin en Pedagoxía Terapéutica, nin á

CSV: BOPISDBGAVXnp8gZ3C0-g
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:20:49
Nº Rexistro: 11850
Data envio: 25/09/2024 10:20:49.633

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coidadora. Tal foi o despropósito por parte da Xunta, que o alumnado NEE non puido iniciar as actividades lectivas por falla de persoal que os atendera.

Esta improvisación e privación de recursos ten un efecto sobre os nenos e nenas afectadas, ás que non se lle respecta o principio de igualdade nin o seu dereito a contar co persoal de apoio necesario. Ademais, tamén supón un grave prexuízo para os pais e nais, en tanto que dificulta aínda máis a conciliación da vida familiar e laboral.

Este centro está sufrindo con especial intensidade os recortes, de forma que recae sobre as únicas 2 profesoras titulares a necesidade de realizar un esforzo extra, traballando máis horas lectivas das que lle corresponde, para minimizar o seu impacto.

Ademais en materia de infraestrutura a Escola de Educación Infantil Rúa Aragón presenta graves eivas. A Xunta de Galiza xa ten recibido solicitudes dende hai 5 anos para a reforma do centro, sen que se lle dese resposta. Incluso hai arranxos urxentes que seguen ás espera de que a Unidade Técnica actúe.

Por todo isto dende o Bloque Nacionalista Galego formulamos a seguinte iniciativa sobre necesidade de mellorar as infraestruturas e os recursos humanos dos que dispón a Escola de Educación Infantil Rúa Aragón para garantir o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade e á inclusión.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai impulsar a Xunta de Galiza para mellorar as infraestruturas e os recursos humanos dos que dispón a Escola de Educación Infantil Rúa Aragón para garantir o dereito dos nenos e nenas a recibir unha educación de calidade e unha correcta atención á diversidade?

CSV: BOPISDBGAVXnt8gSX0-g
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:20:49
Nº Rexistro: 11850
Data envio: 25/09/2024 10:20:49.633

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Cristina Fernández Davila

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/09/2024 10:18:20

Cristina Fernández Davila na data 25/09/2024 10:18:59

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/09/2024 10:19:00

Carmela González Iglesias na data 25/09/2024 10:19:40

CSV: BOPRSDBCGIXXprB7SJ0-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:39:17
Nº Rexistro: 11856
Data envio: 25/09/2024 10:39:17.431

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a escaseza de profesorado do CPI O Cruce de Cerceda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CPI O Cruce de Cerceda ten, desde o curso académico 2023-2024, dous profesores con praza definitiva no centro que se atopan en comisión de servizo na Consellería de Educación. O curso pasado, estas prazas, como é lóxico, foron cubertas con profesorado substituto, mais para o curso 2024-2025 a Inspección Educativa comunicou o día antes do inicio do curso que non ten previsto cubrilas, polo que o centro pasaría de 18 profesores a 16 na educación secundaria obrigatoria. Isto implicou unha complexa reorganización de horarios do centro, especialmente tendo en conta que a directora é orientadora e ten un centro adscrito (o CEIP Celso Emilio Ferreiro, da Silva), ademais do esforzo horario que neste caso supón o traballo de dirección, polos diferentes proxectos nos que está implicado o centro (moitos deles premiados e con recoñecementos internacionais) e polas súas propias características (servizo de comedor de xestión directa, 8 liñas de transporte escolar, por exemplo).

Aínda que, despois de xa comezado o curso, e despois de diversas solicitudes, se lle adxudicou ao centro un profesor a media xornada e se lle comunicou a desadscrición da Orientación do CEIP Celso Emilio Ferreiro, o recorte de un profesor e medio con respecto ao ano pasado é inasumíbel, sobre todo cando o centro aumentou no ensino secundario o seu alumnado en máis do 10 % até ter un grupo máis (pasou de 6 a 7 grupos).

CSV: BOPISDBGyXtpIm8zJV-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:39:17
Nº Rexistro: 11856
Data envio: 25/09/2024 10:39:17.431

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta redución do profesorado implica que algunhas materias teñan que ser impartidas por persoal non especialista, que se teñan que deixar de aplicar medidas de atención á diversidade necesarias (como moitos apoios na aula por parte de profesorado de Pedagoxía Terapéutica), que non se poida ofrecer un servizo de Orientación completo, que se teñan que deixar de atender moitos dos proxectos nos que participa o centro (co que isto implica de desatención de compromisos xa adquiridos e de oportunidades para o alumnado), ademais de que o número de horas do profesorado será insuficiente para atender as gardas ou a Biblioteca escolar de xeito adecuado. O centro precisa un mínimo de 85 horas para atender gardas de transporte, os patios, e as aulas, e este recorte do seu profesorado vai supor un grave prexuízo tanto para o alumnado como para a propia convivencia no centro.

Esta redución do persoal resultaría rexeitábel en calquera caso, mais aínda resulta máis preocupante se temos en conta que a matrícula de alumnado do CPI O Cruce de Cerceda aumentou na ESO para o curso 2024-2025 en máis dun 10 % e o alumnado con algún tipo de diagnóstico que necesita unha atención especial tamén se incrementou. Alén disto, o feito de que se comunicasen estes recortes á dirección do centro xusto no momento do inicio do curso fixo que se complicase aínda máis a súa xestión.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

O goberno galego ten previsto recuperar as dúas prazas que eliminou do CPI O Cruce de Cerceda para acompañar o crecemento do número do alumnado, ademais de facilitar o funcionamento normal do centro e o mantemento dos programas educativos?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

CSV: BOPISDEG-[illegible]-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:39:17
Nº Rexistro: 11856
Data envio: 25/09/2024 10:39:17.431

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/09/2024 10:38:04

Cristina Fernández Davila na data 25/09/2024 10:38:11

CSV: BOPIS/DBC/Ordinaria/2024/V-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:46:57
Nº Rexistro: 11861
Data envio: 25/09/2024 10:46:57.535

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, **Luís Bará Torres**, **Sonia Vidal Lamas**, **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Ariadna Fernández González** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a dotación de persoal na Oficina Rural de Castro Caldelas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Oficina Agraria Comarcal de Castro Caldelas, actualmente oficina rural dependente da Consellería do Medio Rural, da servizo aos gandeiros e agricultores dos concellos de Castro Caldelas, Montederramo, A Teixeira e Parada de Sil.

Por dar un dato a área xeográfica que abrangue esta oficina abarca uns 315 km2 e conta con numerosos núcleos de poboación e unha poboación duns 3000 habitantes. As distancias existentes entre algúns núcleos coa vila de Castro Caldelas, onde está situada a oficina, pode chegar aos 20 km e o tempo de desprazamento supera a media hora. Este datos poden explicar a magnitude da extensión superficial e as estradas que comunican esta zona montañosa do oriente ourensán

A comarca á que da servizo esta oficina ten unha grande cantidade de explotacións agrogandeiras que van dende o vacún, ovino, cabrún e apícola e tamén o sector vitícola; estamos nunha zona no que hai viñedos da DO Ribeira Sacra. Tramítanse polo tanto no ámbito desta oficina multitude de expedientes da PAC cada ano.

CSV: BOPARDO-PE-Ex-Ecl-Ma-69jA47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:46:57
Nº Rexistro: 11861
Data envio: 25/09/2024 10:46:57.535

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda tamén se tramitan un bo número de incorporacións de xente moza ao sector e plans de mellora de explotacións agrarias e numerosos expedientes de todo índole; así como trámites relacionados coa gandería e co sector vitícola.

A proximidade a xente é moi importante para o sector agrogandeiro que é fundamental para a economía destes concellos, creando postos de traballo e sendo dunha especial importancia para o mantemento do territorio e para que estes núcleos de poboación continúen poboados e con vida, pois sen o sector agrario as nosas parroquias morren e o abandono avanza

As prazas de funcionario-administrativo de atención ao público son dúas nesta Oficina, mais neste momento traballa unha persoa para dar servizo a todas as explotacións e o conxunto do sector. Así pois, falta cubrir unha praza de administrativo, e malia a importancia desta oficina para estes concellos arrástrase un déficit de persoal para atención ao público

Esta situación de falla de persoal administrativo leva consigo que nalgúns momentos non haxa administrativo, por exemplo nas vacacións, cando colle días etc., e nesta situación as persoas titulares de explotacións non son debidamente atendidas polo déficit de persoal.

A Xunta de Galiza do PP non pode condenar ás mulleres e homes de Castro Caldelas e da comarca a un servizo deficitario coa escusa dun falso aforro; xa que se xogan moitos postos de traballo e moita riqueza para esta zona. O que queda claro é que non se pode ter unha oficina administrativa con rexistro sen persoal de atención ao público. E diante desta situación o PP non pode escudarse en demagoxias e ten que dar unha atención adecuada a este sector económico tan importante para a esta comarca.

CSV: BOPSDBCP-PE4ED2A47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:46:57
Nº Rexistro: 11861
Data envio: 25/09/2024 10:46:57.535

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o Bloque Nacionalista Galego sempre defendemos os servizos públicos de proximidade, sempre entendemos que a Administración ten que estar para facilitar e dar un servizo adecuado a este sector agrario tan atacado e tan menosprezado, e neste sentido e diante das numerosas queixas dos usuarios, prolongadas e que parece que non teñen visos de solución, formúlase a seguinte pregunta para reposta oral en Pleno:

Vai cubrir a praza vacante de administrativo que hai na Oficina Rural de Castro Caldelas e solucionar o problema de persoal existente?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**
Luis Bará Torres
Sonia Vidal Lamas
Montserrat Valcárcel Armesto
Ariadna Fernández González
Noa Presas Bergantiños
Deputados e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPRSDBCP-Pbxn69jAV47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:46:57
Nº Rexistro: 11861
Data envio: 25/09/2024 10:46:57.535

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Secundino Fernández Fernández na data 25/09/2024 10:40:52

Luis Bará Torres na data 25/09/2024 10:41:20

Sonia Vidal Lamas na data 25/09/2024 10:41:30

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/09/2024 10:41:43

Ariadna Fernández González na data 25/09/2024 10:41:56

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2024 10:42:08

CSV: BOPG-DSPG-PE-11861-2024
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:56:15
Nº Rexistro: 11866
Data envio: 25/09/2024 10:56:15.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Brais Ruanova Vilas-Boas e **Iago Suárez Fernández**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a política de I+D en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para o Bloque Nacionalista Galego a ciencia, a investigación e a innovación son o eixo sobre o que debe pivotar o presente e o futuro económico de Galiza.

E para iso precísase unha política integral dirixida a fortalecer un ecosistema investigador galego que, con todas as dificultades (que son moitas), foi consolidándose nos últimos anos nun escenario altamente competitivo.

Para o BNG, son tres os elementos fundamentais que deben conformar a política de I+D:

• Un investimento estable e constante.

• Un programa de recursos humanos que garanta condicións laborais dignas e un horizonte profesional estable.

• Coordinación e cooperación entre e cos axentes do ecosistema investigador galego.

Porén, Galiza coxea en todos eles como evidencian os datos:

1) A respecto do investimento, o noso País (1%) continúa moi lonxe do marco europeo (2,2%) e tamén da media de investimento do estado (1,44%).

CSV: BOPRIS-DEG-Vermaz-2024-97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:56:15
Nº Rexistro: 11866
Data envio: 25/09/2024 10:56:15.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2) Galiza carece dunha carreira investigadora completa o que xera unha enorme inestabilidade laboral ao persoal científico galego especialmente nas etapas de consolidación ou profesionalización.

3) As competencias en materia de I+D+i no executivo galego estiveron, até a XII lexislatura que agora comeza, fraccionadas entre dúas consellarías (Educación e Industria) o que en si mesmo torpedeou a necesaria coordinación entre os axentes do ecosistema investigador que nin sequera tiñan un único organismo ao que se dirixir en materia de I+D.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para desenvolver unha política integral en materia de I+D+i?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iago Suárez Fernández

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPRSDBCsVFxmaZ0-97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 10:56:15
Nº Rexistro: 11866
Data envio: 25/09/2024 10:56:15.700

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2024 10:53:21

Iago Suárez Fernández na data 25/09/2024 10:54:32

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/09/2024 10:54:57

CSV: BOPG-DSDBCsVfxvrbaZ0-97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:10:26
Nº Rexistro: 11872
Data envio: 25/09/2024 11:10:26.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Cristina Fernández Davila, Brais Ruanova Vilas-Boas e **Carmela González Iglesias**,, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións que debe acometer a Xunta de Galiza no CEIP Altamar de Vigo para garantir a habitabilidade, seguridade e salubridade do centro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este grupo vén denunciado as deficiencias que presentan os equipamentos educativos como consecuencias dunha falla de investimentos na súa adecuación e reforma. No caso da cidade de Vigo son moi abundantes os centros educativos que presentan graves deficiencias. É por iso que recentemente presentábamos unha iniciativa, nesta mesma cámara, denunciando problemas en até 23 centros da cidade. Na maioría deles detectábanse problemas moi importantes en materia de seguridade, de accesibilidade e de habitabilidade, aos que a Xunta de Galiza non puña solución.

A este longo listado de centros educativos con graves problemas queremos sumar un novo caso de deficiencias que non se atenden nin resolven por parte da Xunta de Galiza. En concreto queremos denunciar a situación que se está a vivir no CEIP Altamar de Vigo.

A dirección do centro presentou xa o ano pasado un informe sobre a grave situación na que se atopaba o centro. No informe remitido á Xefatura Territorial da Consellería de educación e ordenación universitaria denunciábase a presenza de cascudas e roedores nas instalación do centro, o deterioro dos peches e das escadas do

CSV: BOPRSDBCAV5W8Z1X-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:10:26
Nº Rexistro: 11872
Data envio: 25/09/2024 11:10:26.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centro, a presenza de humidades, as habituais avarías nos baños ou os desprendementos na fachada. Non é aceptable que este centro educativo colapse cando hai choivas, por mor das pingueiras e inundacións que se repiten cada ano. Tampouco a situación de insalubridade que existe por mor das filtracións que producen presencia de mofos nos paramentos.

Ademais o espazo do salón de actos pertencente á Residencial Xuvenil Altamar, que o centro emprega durante o horario lectivo, presenta problemas de humidades serios que deben ser corrixidos. Porén a resposta da Administración foi trasladar ao centro a responsabilidade de afrontar este investimento.

O informe remitido por parte da dirección non foi atendida nin pola Xunta de Galiza nin polo Concello de Vigo. De aí que a comunidade educativa do centro apostase por denunciar publicamente todas estas carencias, con distintos actos reivindicativos.

Tampouco estas denuncias públicas parecen ter xerado resposta por parte da Xunta. Por iso dende este grupo parlamentario trasladamos a denuncia da dirección e da ANPA do centro para que a Xunta de Galiza atenda de forma urxente os graves problemas que presenta este centro.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai realizar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para atender as reclamacións da comunidade educativa do CEIP Altamar de Vigo e garantir a habitabilidade, seguridade e salubridade do centro?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

CSV: BOPRSDBGAV5WX8Z1X-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:10:26
Nº Rexistro: 11872
Data envio: 25/09/2024 11:10:26.001

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Cristina Fernández Davila

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/09/2024 11:08:06

Cristina Fernández Davila na data 25/09/2024 11:08:21

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/09/2024 11:09:15

Carmela González Iglesias na data 25/09/2024 11:09:18

CSV: BOPRSDBCAVF5WX8Z1X-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:59
Nº Rexistro: 11879
Data envio: 25/09/2024 11:30:59.048

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre para fomentar a cooperación e colaboración dos concellos na xestión dos servizos públicos e mellorar a eficiencia na xestión dos seus recursos e a súa financiación..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 19 de setembro, deuse a coñecer en Santiago de Compostela, nun acto da Consellería de Presidencia, a presentación do estudo non vinculante 'Reforma do mapa municipal de Galiza' para o impulso de procesos de fusión entre concellos, elaborado pola Fundación “Juana de Vega” e polas tres universidades galegas, e na que participaron varios autores dun equipo especializado na caracterización socioeconómica e demográfica dos municipios galegos. O estudo encargado polo propio presidente Alfonso Rueda hai dous anos, sendo vicepresidente, foi financiado inicialmente a través dun convenio de 72.600 € asinado no mes de outubro do 2021, e no ano 2022 por outro convenio de 1,5 millóns de euros asinado coa mesma fundación e con cargo aos orzamentos do ano 2022.

O estudo recolle a organización político-administrativa de Base local en Europa, Estado español e Galiza, así como a evolución da planta municipal ao longo da historia no noso país, dende a creación dos concellos como tales. Repasa as formas de cooperación municipal, como as comarcas, mancomunidades, áreas metropolitanas e consorcios desde unha perspectiva xeográfica, analizando as fortalezas e debilidades destas entidades, observando ao tempo o marco xurídico a manexar nesta materia, e en concreto nos procesos de fusións municipais. No texto publicado, os autores

CSV: BOPISDBDC73xsuMM2ZDJx-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:59
Nº Rexistro: 11879
Data envio: 25/09/2024 11:30:59.048

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

argumentan a conveniencia dos procesos de fusión dende a perspectiva económica, aportando un estudo comparativo dos orzamentos de ingresos e gastos dos concellos en Galiza e no estado Español en función do número de habitantes e a súa implicación en materia de fusións. Aportan un estudo sociolóxico de 1.000 entrevistas, realizado entre o 31 de xaneiro e o 17 de febreiro de 2022, para coñecer a opinión da cidadanía galega sobre as fusión municipais e outras alternativas de adaptación da planta local. Por último, os autores elaboran unha análise dos procesos de fusión en Galiza (Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade) e de outros potenciais procesos de fusión ou agregación municipal, en concreto as fusións de Santiago de Compostela e Teo, Noia e Lousame, Sanxenxo e Meaño, Alfoz e O Valadouro, O Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín, a fusión dos concellos da comarca do Deza, e a fusión de Lalín-Rodeiro-Dozón. Remata o traballo cunha relación de 14 propostas de actuacións para incentivar os procesos de redimensionamento da planta local galega.

O informe da fundación chega tarde, tendo en conta que os traballos xa estaban rematados a mediados do ano pasado, mais o PP decidiu facelo público, de forma interesada e calculada, nun momento no que o sistema de financiación dos concellos está en entredito por insuficiente, e debe ser superado despois da última reforma aprobada hai xusto vinte anos, pois é unha demanda unánime da FEGAMP, onde todos os alcaldes e alcaldesas, de todos os partidos políticos entenden que chegou o momento de adoptar os acordos necesarios para aumentar a financiación dos municipios galegos, e poidan ofrecer sen afogo económico os servizos que prestan á cidadanía, tanto os que son de competencia propia, como de competencias impropias que executan de forma obrigada por delegación doutras administracións. A proposta do goberno galego de fusionar concellos para mellorar a súa financiación é unha escusa, a cortina de fume perfecta, para evitar aumentar nos vindeiros orzamentos de 2025 a partida orzamentaria do Fondo de Cooperación Local, a través do cal se realizan as transferencias aos concellos, como resultado da obrigada participación destes nos impostos da Xunta. De feito, a conclusión n.º 5 recomenda abordar de maneira urxente e inaprazable a reforma

CSV: BOPISDBDC73vsuMM2ZDJx-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:59
Nº Rexistro: 11879
Data envio: 25/09/2024 11:30:59.048

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do financiamento local para reforzar a autonomía municipal e reducir a actual dependencia económica dos concellos das subvencións, unha proposta que durante anos ao PP galego parece entrarlle por unha orella e saírlle pola outra, ao negarse a aumentar o orzamento do FCL, de forma incondicionada e con cargo a eliminación das liñas de axudas destinadas aos concellos de carácter condicionado, polo que esperamos con inquietude a resposta do goberno galego: si acata as propostas dos expertos ou se limita simplemente a observar como convidado de pedra.

O PP xerou deliberadamente un debate para difuminar a cerna da problemática municipal, pois de todos é sabido que ata 2021, só Galiza protagonizou as únicas dúas fusións de concellos en España nas tres últimas décadas: Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade, fusións que non lograron ser exemplos de evolución demográfica nin de sostibilidade financeira, pois as arcas municipais melloraron pola inxección dos incentivos nas distintas axudas da Xunta, mais de non existir estas, a fusión non melloraría a súa financiación de forma autónoma.

As conclusións do informe amosan que a cidadanía ten unha predisposición favorable á fusión voluntaria dos concellos con ata un 83%, e considera que a redución do número destes melloraría a súa capacidade de prestación de servizos, mais a porcentaxe redúcese cando se pregunta polas fusións no propio concello. De feito, ante as primeiras declaracións negativas dos alcaldes dos concellos escollidos como cobaias, o propio conselleiro de presidencia apurouse o mesmo día da presentación a afirmar que "A Xunta non vai a fusionar a ninguén obrigatoriamente e que non se fixo o estudo para fusionar obrigatoriamente pois o camiño é a voluntariedade". Unha voluntariedade que a realidade e a historia demostra que non existiu nin parece existir, polo que a divertida aposta estratéxica do PP saíulle cara aos cidadáns, pois co custo dos mesmos ben podían sufragar 80.000 horas do SAF.

CSV: BOPISDBDCZWxxMM2ZDJx-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:59
Nº Rexistro: 11879
Data envio: 25/09/2024 11:30:59.048

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Si o propósito das fusións non é outro que optimizar recursos para mellorar a eficacia e eficiencia dos servizos, é indiscutible que ese mesmo fin se pode conseguir a través da creación e impulso de mancomunidades comarcais, áreas metropolitanas ou consorcios, transferíndolle competencias, persoal e financiamento para xestionar conxuntamente servizos e optimizar así recursos e gasto, e sen perder a identidade e idiosincrasia a que se lle teme cunha fusión municipal. Bo sería, que a tan pregonada reforma da Lei da Administración Local de Galiza, que parece que tamén chegará tarde, se centrara en potenciar e fomentar estas entidades supramunicipais, que axudarían dende logo a estruturar o territorio comarcal noutras áreas distintas dos servizos, e en resolver a delimitación de forma concreta e precisa das competencias de cada administración.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

No caso de que ningún concello galego opte por fusionarse de forma voluntaria nesta lexislatura, cal é o plan do goberno galego para mellorar a eficiencia na xestión dos recursos dos concellos e na reordenación do territorio?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPRSDBOG-3/mcdn3zDx-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 11:30:59
Nº Rexistro: 11879
Data envio: 25/09/2024 11:30:59.048

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 25/09/2024 11:28:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/09/2024 11:29:25

CSV: BOPISDBC-73/[illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:55:31
Nº Rexistro: 11891
Data envio: 25/09/2024 12:55:31.483

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Cristina Fernández Davila e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a previsión da Xunta de Galiza respecto das obras de ampliación do CEIP Plurilingüe Inmaculada de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reordenación do mapa escolar así como a ampliación das infraestruturas educativas son tarefas pendentes e constantemente atrasadas na cidade de Ourense. Nese contexto, o anuncio e posta en marcha do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica despois da covid-19 parecía unha oportunidade. Porén, este Plan, cuxa vixencia prevía rematar no 2024, arrastra constantes atrasos e demoras na concreción, polo que é necesario facer un exhaustivo control e fiscalización dos investimentos anunciados e programados.

Asemade, cómpre recordar que a Xunta de Galiza segue sen contemplar nin o estudo nin o posible impulso de dúas infraestruturas necesarias para a área metropolitana de Ourense, como podería ser un IES para O Pereiro e outro para Barbadás, que serían fundamentais para abordar a reordenación do mapa escolar desta zona do país e evitar masificacións.

Dentro das infrastruturas previstas, a Xunta anunciou a ampliación do CEIP Plurilingüe Inmaculada de Ourense por un montante total previsto de 1.270.000,00€. Así, o 3.05.2024 emitiuse a proposta de aprobación de expediente de contratación para o servizo de redacción de proxecto básico e de execución para dita ampliación cun

CSV: BOPIS[illegible]
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:55:31
Nº Rexistro: 11891
Data envio: 25/09/2024 12:55:31.483

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orzamento base de 64.930,77 con IVE. Finalmente, licitouse e difundiuse en xuño de 2024. Segundo consta na información pública de contratos de Galiza sucedéronse distintas mesas de contratación desde o mes de xullo, estando pendente no momento de asinar esta iniciativa aínda de formalización.

Esta primeira fase é necesaria para avanzar na concreción das obras, mais a demora no tempo fai necesario facer seguimento da súa evolución e da previsión de preprogramación do goberno galego, toda vez que é unha necesidade recoñecida polo propio goberno e que non fai aconsellable que o retraso na redacción do proxecto poida implicar que non se comecen as melloras xa no ano 2025.

Hai que ter en conta que este centro ten necesidades de espazo derivadas do aumento de matrícula, que se triplicou nos últimos anos, e que impide, xunto coas limitacións do edificio, ter espazo suficiente e adecuado para atender as necesidade de orientación e apoio educativo ou que carece de instalacións adecuadas para o servizo de comedor.

Por estes motivos, é necesario comprometer a reprogramación deste investimento para garantir que se demore os menores períodos lectivos e que non supoña un prexuízo para a comunidade educativa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a previsión de reprogramación da execución das obras de ampliación do CEIP Plurilingüe Inmaculada de Ourense?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

CSV: BOPRSDBOG-W95082J-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:55:31
Nº Rexistro: 11891
Data envio: 25/09/2024 12:55:31.483

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Cristina Fernández Davila

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2024 12:54:27

Cristina Fernández Davila na data 25/09/2024 12:54:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/09/2024 12:54:59

CSV: BOPRSDBCo-W95682Jv-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:56:17
Nº Rexistro: 11895
Data envio: 25/09/2024 12:56:17.248

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Iria Carreira Pazos** e **Ariadna Fernández González**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración que fai o Goberno Galego respecto ao impacto socieconómico do proxecto Gamma cuestionado polo Consello da Cultura Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto Gamma foi declarado unilateralmente como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) en 2022, así e todo, cando se deu a coñecer o calado real, a temática completa e o impacto de dito proxecto, xurdiu arredor de todo o país un rexeitamento maioritario á súa implantación.

Comezando por asociacións e organizacións na defensa ambiental até estudos das universidades dende diferentes eidos, o clamor pola paralización do proxectos percorreu o territorio, cristalizando en dúas mobilizacións masivas en Palas de Rei e San Caetano (Santiago de Compostela).

Así e todo, os estudos independentes sobre dito proxecto e o seu impacto seguen a continuar e, alén do prexudicial para o medio e para o patrimonio, está tamén o estudo, segundo os datos facilitados no propio proxecto, do suposto beneficio socioeconómico que traería o proxecto.

Con todo, o mes de setembro de 2024, viuse de coñecer o informe do estudo realizado polo Consello da Cultura Galega onde se analizou o impacto do proxecto de

CSV: BOPG-DSDG-Mx1ftRZ1Pv87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:56:17
Nº Rexistro: 11895
Data envio: 25/09/2024 12:56:17.248

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Altri dende unha ampla gama de eidos. Dende o medio ambiente até o turismo pasando, como xa se indicou nesta iniciativa, pola análise do impacto socioeconómico do proxecto.

Este informe, coñecido polo propio Goberno Galego, viu de concluír sobre varias cuestións que son de interese nun panorama puramente socioeconómico:

1) **Emprego:** A declaración de emprego directo e indirecto que se manifesta no proxecto non se axusta á realidade segundo a súa propia memoria. Como reflexa o informe do CCG non hai información cuantitativa que sosteña os datos de 500 empregos directos nin de 2500 empregos indirectos.

A este respecto os cálculos e as estimación que se derivan deste informe sitúan unha estimación á alza de empregos directos de 281 empregos, no caso de sumarlle os indirectos en toda Galiza elevaría ese número até os 544 empregos. Números que, entendendo que están suxeitos a desviacións por propagacións de erros, están moi lonxe dos anunciados pola propia empresa.

2) **Económico:** Neste sentido cabe separar dúas análises feitas polo informe, por un lado o relativo ao investimento previsto e aos resultados económicos do proxecto, e por outro o relativo á capacidade de arrastre do proxecto Gamma de xeito indirecto e inducido.

a) No relativo ao investimento previsto refírese unha carga moi elevada sobre que o 25% do investimento no proxecto estea condicionado a axudas públicas (arredor de 212-250 millóns de €).

Centrándose sobre o resultado económico derívanse catro consideracións:

CSV: BOPRSDBCGHAA1FHR2JPA87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:56:17
Nº Rexistro: 11895
Data envio: 25/09/2024 12:56:17.248

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1) O tamaño da industria do proxecto é moi elevado no que a activos se refire, duplica a a media das empresas do CNAE 17.11 no estado español.

2) A facturación é modesta en comparación ao tamaño cun ratio de ventas por volume de activos moi baixo

3) Consumos intermedios moi baixos cun ratio consumos/produción da orde do 48% (cando a media na Galiza para a rama R17 é do 74%), polo tanto ten un impacto indirecto moi baixo (encadeamento cara atrás).

4) Gastos de persoal moi baixos representando, para o proxecto Gamma, apenas o 6,5% do seu gasto (de aquí obtéñense as bases á hora de estimar os empregos que pode pagar, e polo tanto xerar, directamente a empresa).

b) Tendo en conta o resultado da análise da capacidade de arrastre da economía de xeito directo e inducido poden concluírse deste informe 3 cuestións:

1) Boa parte dos impactos indirectos irán a empresas afincadas fóra da Galiza**.**

2) O impacto indirecto na economía galega apenas sería de 0,30€ por euro de produción

3) No concreto das comarcas afectadas este impacto reduciríase até os 0,08€ por euro producido.

CSV: BOPRSDBOGHMM1FR2JPV87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:56:17
Nº Rexistro: 11895
Data envio: 25/09/2024 12:56:17.248

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3) **Proceso industrial e viabilidade da segunda fase do proxecto:** Hai unha discrepancia entre as dúas fases do proxecto, por unha banda os datos técnicos do proxecto refírense á produción máxima, no horizonte posterior ao 2030, e os datos económicos só á primeira fase de 2025 a 2030.

O informe do Consello da Cultura Galega pon de manifesto que "*o proxecto Gama desenvolveríase en dúas fases; porén, só é posible realizar unha análise do seu impacto socioeconómico limitada á primeira fase, á que se executaría no período 2025-2030, porque é a única da que existen datos económicos. Na documentación estudada non hai datos relativos aos compromisos, prazos nin financiamento do investimento que requiriría a segunda fase. Polo tanto, no plano económico unicamente existe o proxecto dunha planta que produciría 260.000 ADt/ano de celulosa soluble e 60.000 t/ano de Lyocell no horizonte de 2030*".

4) **Impactos negativos sobre outras actividades económicas:** Por último débense considerar os impactos negativos a nivel socioeconómico sobre o territorio no que se pretende implantar o proxecto. Así o informe do CGC establece varias consideracións:

a) Pode aumentar a competencia sobre o uso do solo que nas comarcas afectadas (Ulloa, Arzúa, Melide e Deza) ten unha implantación de uso agrícola e gandeiro consolidado, situando estas comarcas nunha tipoloxía de comarca rural activo.

b) Percíbese a posibilidade dun impacto negativo sobre a actividade turística e a DOP Arzúa-Ulloa.

c) Por último tamén fai fincapé na percepción negativa que se pode ter á hora de consumos agrícolas e gandeiros do territorio afectado co conseguinte descenso da demanda.

CSV: BOPISDBDGHM4FHRZIP87
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:56:17
Nº Rexistro: 11895
Data envio: 25/09/2024 12:56:17.248

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, este informe ven a sumar outra voz desfavorable á implantación da empresa Altri no corazón de Galiza. Nesta volta desmonta unha das partes máis importantes na defensa do proxecto, que é o seu impacto positivo para a economía e o emprego, rebaixando sobremaneira os datos facilitados pola empresa a este respecto, incluso poñendo de manifesto a falta de rigor en algúns deles.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Pensa o Goberno Galego tomar en consideración as análises e conclusións do informe realizado polo Consello da Cultura Galega sobre Altri no relativo ao impacto socioeconómico no territorio, e pular por reconsiderar a súa decisión de declarar o proxecto GAMA como proxecto industrial estratéxico e denegar autorización para asentar unha bomba medioambiental no corazón de Galiza?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**
Luis Bará Torres
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Valcárcel Armesto
Iria Carreira Pazos
Ariadna Fernández González,
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPARG-DEG-Hdl-1FRZP-87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 12:56:17
Nº Rexistro: 11895
Data envio: 25/09/2024 12:56:17.248

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/09/2024 12:46:14

Luis Bará Torres na data 25/09/2024 12:46:32

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2024 12:47:20

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/09/2024 12:47:30

Iria Carreira Pazos na data 25/09/2024 12:47:42

Ariadna Fernández González na data 25/09/2024 12:47:54

CSV: BOPRSDBOG-Mdxfrh2Zfv87
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11910
Data envio: 25/09/2024 15:59:09.920

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para que os e as profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas diagnósticas precisas e que estas sexan informadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas consultas de Atención Primaria resólvense por enriba do 80% dos procesos de saúde da poboación, a maioría dos mesmos son atendidos e resoltos sen que sexa precisa a realización de probas diagnósticas. A pesar diso, nunha parte dos casos é preciso o acceso a probas complementarias para aumentar a precisión diagnóstica, axeitar os tratamento ou axudar a realizar derivacións mellor dirixidas o que aforra tempo e mellora a efectividade.

A accesibilidade ás probas complementarias desde as consultas de atención primaria: solicitude, realización, recepción de resultados, tempos de demora... son determinantes para a práctica clínica, para o diagnóstico precoz, non cronificación, prescrición de determinados fármacos, derivación ao hospital.

A pesar do anteriormente mencionado, seguen sendo moitas as dificultades para que os e as profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas complementarias que consideren necesarias e en moitos casos, de poder solicitalas, o resultado das mesmas non vai acompañado do informe do/da especialista correspondente.

CSV: BOPRSDBCPVBJ1302X-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11910
Data envio: 25/09/2024 15:59:09.920

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai tomar a Xunta de Galiza as medidas precisas para que as e os profesionais de atención primaria poidan solicitar as probas diagnósticas dispoñíbeis na súa área sanitaria e a que estas sexan informadas polos especialistas correspondentes?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2024 15:50:35

Iria Carreira Pazos na data 25/09/2024 15:50:50

CSV: BOPRSDBCPVBLH3ZDX-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:08:11
Nº Rexistro: 11920
Data envio: 25/09/2024 17:08:11.945

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o acordo asinado polo ministerio de Seguridade Social, patronal e sindicatos españois relativo á xubilación do sector manufactureiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do sistema de pensións do ano 2011 marcou un punto de inflexión. Non foi a primeira, e non diremos tampouco que foi a de maior alcance, mais veu condicionar todo o discurso político posterior e até os nosos días a partir do mesmo momento no que se aprobou.

Foi o goberno do presidente Zapatero, do PSOE, quen asinou esta reforma premido pola situación económica provocada pola crise financeira e os mandatos da UE. Parecía, pois, unha reforma de circunstancias, unha reforma conxuntural que todos os partidos políticos da esquerda no estado español se comprometeron a derrogar campaña tras campaña electoral. O propio PSOE, incapaz de defender a súa reforma, ven lanzando desde aquela mensaxes calculadamente confusos.

Non podía ser de outro xeito tendo en conta que a reforma do 2011 foi especialmente agresiva para as clases populares, xa que atrasar a idade de xubilación en todas as súas as formas, ordinaria, anticipada e parcial, e aumentar as carreiras de cotización e as penalizacións, impacta especialmente nas persoas que realizan traballos máis duros, peor retribuídos, ou que realizan xornadas parciais, mulleres na maioría dos casos.

CSV: BOPGDSDBOGOMcdW9ZUV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:08:11
Nº Rexistro: 11920
Data envio: 25/09/2024 17:08:11.945

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais os feitos veñen constatar que nin o autodenominado goberno máis progresista da historia, nin o seu sucedáneo, tomaron ningunha medida dirixida a derrogar aquela reforma, senón que veñen empeñándose en acadar aqueles mesmos obxectivos que se explicitaban no ano 2011, atrasar a idade de xubilación, e aqueles outros non tan explícitos mais que tamén veñen marcando a axenda das sucesivas reformas do sistema público de pensións para favorecer o negocio das pensións privadas.

O acordo recentemente asinado entre goberno estatal, CEOE, CEPYME, CC.OO e UGT, e anunciado aos catro ventos, aínda a expensas de coñecer o que poida finalmente publicarse nos boletíns oficiais, vai mesma liña.

De feito, dunha primeira análise, apenas poden tirarse dúas conclusións. A primeira, a máis demoledora, que ningunha das medidas anunciadas significa recuperar o existente antes da reforma do 2011. A segunda, que ningunha das medidas anunciadas que significan mellorar o actualmente existente son claras e inequívocas, senón que precisan de importantes matizacións, caso da xubilación parcial para o sector manufactureiro e do novo sistema que se anuncia para establecer coeficientes redutores, moi demandado en certos sectores industriais importantes no noso país. Pola contra, aquelas medidas dirixidas a incentivar o atraso da idade de xubilación, por exemplo a través do que denominan xubilación activa, están xa bastante debulladas.

Para o BNG este novo acordo significa, polo tanto, consolidar aquela reforma do ano 2011 e os lesivos efectos que tivo para as clases populares, máis que comprobados nestes 13 anos que van desde a súa aprobación, redución da pensión media, atraso da idade efectiva de xubilación e a imposibilidade de establecer novos coeficientes redutores para ocupacións penosas, como por exemplo no sector naval. Sen que poidamos esquecer os efectos colaterais sobre o acceso ao primeiro emprego por parte da mocidade e mesmo sobre os salarios deses primeiros empregos.

CSV: BOPGDSDBD3MoaWW2ZUV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:08:11
Nº Rexistro: 11920
Data envio: 25/09/2024 17:08:11.945

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguintes pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opina a Xunta de Galiza do acordo da mesa de diálogo social de 31 de xullo deste ano sobre pensións?

Santiago de Compostela, 25 de setembro 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/09/2024 17:00:14

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/09/2024 17:00:22

CSV: BOPRSDBEC0xqlcxHWZZUV-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:15:04
Nº Rexistro: 11924
Data envio: 25/09/2024 17:15:04.877

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e **Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A día de hoxe, falando de inclusión e apoio ao estudantado máis necesitado, posiblemente sexa un dos poucos aspectos que xeran consenso entre os diferentes grupos políticos e comunidades educativas. Aínda que é evidente que existen diferencias na maneira de aplicar as medidas de apoio.

Unha parte importante para o desenrolo da Educación, inclusiva e axudando aos nenos e nenas con carencias e que necesitan un apoio extra, son os recursos de profesores e tamén dos departamentos de orientación. Orientación, que conxuntamente con outros profesionais, son os encargados de atender ao alumnado con necesidades especiais; como por exemplo profesionais de Audición e Linguaxe (AL). Sen unha dotación adecuada de estes profesionais o apoio non deixa de ser un papel mollado e hoxe, a dotación é claramente insuficiente.

Como consecuencia da redución dos recurso humanos por parte de Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Coristanco, e concretamente no CEIP CANOSA-RUS, non deixa de estar ao marxe da situación descrita; xa que na actualidade o profesional AL ten só asignado 19 horas cando en realidade hai alumnado suficiente que necesitaría apoio deste profesional a tempo completo ou varios profesionais a tempo parcial dificulta a mellora e o avance das nenas e nenos desde centro.

CSV: BOPSDEG-V3-0020-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A situación agrávase ante a falta deste profesional AL a tempo completo, xa que require unha maior dedicación por parte do profesorado ao alumnado con dificultades especiais, o que repercute tamén na atención ao demais alumnado.

Por outro lado, e no mesmo centro CEIP CANOSA-RUS, o Grupo Municipal Socialista tivo coñecemento dunha falta de mantemento múltiple, incluso con defectos estruturais no edificio que provoca a entrada de auga no centro; medidas que foros trasladadas en máis dunha ocasión ao Concello e que continuamente fan caso omiso dende finais do curso pasado.

Motivo pola cal e tendo en conta a cantidade das deficiencias que presenta o centro, é motivo de que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poña os recursos necesarios e actúe de inmediato.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai dotar a Xunta de Galicia dos recursos necesarios para aumentar de persoal especializado e profesionais de Audición e Linguaxe a xornada completa para que no CEIP CANOSA-RUS neste curso 24/25, poidan dar apoio ao alumnado con necesidades especiais que permita a verdadeira integración destes nenos e nenas?

Santiago de Compostela, 25 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 25/09/2024 16:41:53

Julio Abalde Alonso na data 25/09/2024 16:42:04

CSV: BOPSDEG-VSJ-3020-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2024 17:15:04
Nº Rexistro: 11924
Data envio: 25/09/2024 17:15:04.877

Grupo
Parlamentario
Socialista

Silvia Longueira Castro na data 25/09/2024 16:42:14

CSV: BOPSDEG-V3-n3020-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11936
Data envio: 26/09/2024 09:21:17.165

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e **Cristina Fernández Davila**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de reverter a política educativa de recortes na docencia nos centros de ensino da Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Comezou o curso escolar este mes de setembro e o Conselleiro de Educación da Xunta de Galiza gabábase de inicialo cunha "gran normalidade" e resaltando un récord de docentes afirmando que era "a cifra máis alta da historia no ensino da comunidade". Debeuse esquecer o señor Román de visitar a Costa da Morte, porque as asociacións de pais e nais nesta comarca non opinan o mesmo, todo o contrario, reclaman máis mestres nas aulas e mais investimentos para mellorar as instalacións dos colexios, e que rectifiquen na política de recortes de profesorado, sobre todo os referentes á supresión de especialistas para atender ás crianzas con necesidades específicas de apoio educativo.

O BNG reuniuse coas ANPAS dos diferentes centros para escoitalas e recoller as queixas polas carencias que teñen, co fin de reclamar que o alumnado da costa da morte poida ter unha educación na que non se incumpra a normativa galega, aprobada polo propio PP, que esixe que todos os centros conten con profesionais para atender as necesidades educativas.

No CEIP O Pindo, de Carnota, fixeron un recorte do 50% das horas que tiñan asignada do Mestre de Pedagoxía Terapéutica (PT), pasaron de contar con 10 horas o ano pasado que xa eran escasas a 5 horas neste curso, e no caso do Mestre de Audición e Linguaxe (AL) o eliminaron directamente, dado que o pasado curso contaban con 10

CSV: BOPISDBGaVtmp0ZuC0-B
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11936
Data envio: 26/09/2024 09:21:17.165

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

horas asignadas. Tampouco contan con Persoal Auxiliar Coidador, cando teñen un alumno en educación infantil que precisa de dito apoio.

No CEIP Plurilingüe de Carnota os pais e nais precisan dun mestre PT e un mestre de apoio en infantil, posto que no 2º curso sobrepasan a ratio ao ter dous rapaces con necesidades especiais.

O CEIP Mar de fora, en Fisterra, perdeu un profesor, e precisan un mestre de apoio en educación infantil, pois nun dos cursos existen dous rapaces con necesidades especiais, que cando se realizan excursións, nin poden ir a ela, nin poden acudir á escola, porque non teñen mestres para atendelos.

No caso do CEIP Areouta, no lugar de Sardiñeiro, tamén en Fisterra, a situación é moito peor, porque a Consellería eliminou directamente o especialista de PT, que compartían o curso pasado co centro do mar de fora, cando existen máis nenos e nenas con discapacidades que no curso pasado, algúns deles con necesidade de ser diagnosticados.

No CEIP praia de Quenxe, os pais e nais consideran que é necesario dotar de mais Persoal Auxiliar Coidador, porque só existe unha soa coidadora nun centro con 100 rapaces, cando entre o alumnado teñen 1 caso de grado 3, e varios de grado 2, polo que sen persoal de apoio, é difícil que os mestres titores poidan atender as necesidades educativas como deberan a todos eles.

No CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría, a ANPA considera que é preciso desdobrar a aula de 5º e 6º, ao sobrepasar as ratios establecidas pola propia consellería, dado que existe alumnado con necesidades especiais que computan dobre.

No CEIP dos Muíños, no concello de Muxía, a Consellería de educación recortou horas de PT, de 13 a 11, cando este ano incrementou notablemente o alumnado con necesidades especiais, e no caso dos especialistas de AL, tamén recortaron as horas, pasando de 18 a 12 horas

CSV: BOPISDBDGaVtmp0ZdC-B
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11936
Data envio: 26/09/2024 09:21:17.165

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No CEIP. Virxe da Barca, tamén en Muxía, os pais e nais informaron de que este curso tamén se lles reducira a atención ao alumnado con necesidades especiais a tan só catro horas de profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe que, ademais, se impartirían nun único día á semana deixando ao alumnado sen atención o resto dos días.

No CEIP de Camelle, en Camariñas, levan tres anos consecutivos, incluído este curso, sen docencia de música, e o alumnado non recibe nin unha soa hora de música por un mestre especializado. As nais e pais levan reclamando á consellería que solvente esta situación, pero non teñen resposta algunha.

No CEIP vila de Cee, os recortes da Consellería consistiron en eliminar un profesor de reforzo xa comprometido, e a eliminación dunha praza de PT, con respecto ao curso pasado.

Estes son exemplos de que o curso na costa da morte non comezou con normalidade, todo o contrario, comezou con recortes, e incluso con máis recortes que no curso pasado, polo que é necesario adoptar xa medidas de apoio educativo suficientes e efectivas para paliar a situación deficitaria neste centros de ensino. No caso do Pindo, os pais e nais decidiron non enviar aos seus fillos ás aulas como medida de protesta ata que repoñan o profesorado que recortaron neste curso escolar.

A toda esta carencia de mestres, hai que sumarlle a situación de penosidade na que se atopan algúns centros educativos, que precisan de reformas estruturais que debe resolver a Xunta de Galiza, como poden ser o cambio de fiestras e tellado no CEIP de Carnota, que teñen 40 anos de antigüidade, e resolver as filtracións e humidades no ximnasio ou o afundimento do piso nalgunhas aulas e corredores. Tamén é preciso cambiar máis fiestras no colexio de Dumbría, e solucionar as filtracións, goteiras e humidades no Colexio Praia de Quenxe en Corcubión, no que ademais as columnas de ferro do patio atópanse totalmente oxidadas. En Camelle o parque infantil, único patio ao aire libre que teñen atópase en moi mal estado, e ademais non está cuberto, polo que

CSV: BOPISDBDGaVtmp0ZdC-B
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11936
Data envio: 26/09/2024 09:21:17.165

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o alumnado os días de choiva ten que acudir a unha habitación de 20 metros cadrados, cando son 16 alumnos. Moitas destas necesidades puxéronse en coñecemento da Consellería, a través dos escritos tanto das ANPAS como da Dirección do centro, sen que a día de hoxe se solucionaran.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación para garantir os dereitos da comunidade educativa nos centros de ensino da Costa da Morte completando o cadro de persoal e de especialistas en Pedagoxía Terapéutica e así poder comezar o curso con normalidade, atendendo a todo o alumnado e sobre todo aquel con Necesidades Específicas de Apoio Educativo?

Santiago de Compostela, 26 de setembro 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Cristina Fernández Davila
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 26/09/2024 09:16:40

CSV: BOPRSDBEQ-hVtxmp0ZdV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 11936
Data envio: 26/09/2024 09:21:17.165

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 26/09/2024 09:16:49

CSV: BOPISDBEG-hv-tmp-0ed0-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 10:27:56
Nº Rexistro: 11940
Data envio: 26/09/2024 10:27:56.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as achegas da Xunta de Galiza ás entidades locais para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 31 de maio publicouse no DOG -núm. 105- a Orde de 27 de maio de 2024 pola que se establecen as base reguladoras das subvencións a concellos de Galiza, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos, naturais e instalacións acuáticas descubertas para o ano 2024.

O obxecto da convocatoria é a subvención dos custes salariais en que incorra o concello en relación co persoal destinado á prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento en instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal ou en espazos naturais situados dentro do seu ámbito territorial entre os días 1 de xuño e 30 de setembro de 2024.

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes -isto é, ate o 1 de xullo – e o prazo de resolución das solicitudes remata do día 30 de setembro. Xa que logo consonte as previsións da convocatoria e dada a data de publicación da mesma, a resolución do procedemento podería non producirse ate a total finalización da actividade subvencionable, obrigando a todos os concellos eventualmente beneficiarios a contar con recursos propios e anticipar os custes da prestación do servizo.

CSV: BOPIS0BDG-4ax0a32Dv-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 10:27:56
Nº Rexistro: 11940
Data envio: 26/09/2024 10:27:56.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A convocatoria das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e dirixida á vixilancia tanto en espazos acuáticos naturais como en piscinas descubertas de titularidade municipal, establece entre outros criterios de valoración:

- O número de zonas de baño do concello inscritas na sección I do Rexistro de Augas de Baño de Galiza na data de finalización de presentación de solicitudes, valorándose con 5 puntos por cada zona de baño, marítima ou continental, e ate un límite de 65 puntos, sobre os 100 que como máximo contempla a convocatoria.

- Número de bandeiras azuis concedidas ás praias incluídas no ámbito territorial do concello no an0 2023, ate un límite de 15 puntos.

- A declaración do concello como "municipio turístico galego" ou a poboación de dereito total, con ate 10 puntos son outros dos criterios a valorar na concesión das subvencións convocadas.

A extraordinaria demora na convocatoria das axudas cuxo prazo de resolución coincide co prazo de remate da actividade subvencionable, e os criterios utilizados vai dificultar, senón impedir, que moitos concellos do interior de Galiza podan beneficiarse das axudas da Xunta de Galiza e, xa que logo, podan abrir as piscinas municipais en condicións de total seguridade durante toda a tempada estival en territorios nos que cada vez é máis habitual acadar temperaturas superiores aos 40º.

Por todo o exposto, formúlase a seguintes pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón/s do cada vez máis elevado número de persoas afogadas en espazos acuáticos de Galiza e as medidas a adoptar para inverter tan preocupante evolución?

CSV: BOPISDBG-[illegible]
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 10:27:56
Nº Rexistro: 11940
Data envio: 26/09/2024 10:27:56.207

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/09/2024 10:24:13

Óscar Insua Lema na data 26/09/2024 10:24:29

CSV: BOPRSDBCq4xx0a3zDJv-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:35
Nº Rexistro: 11949
Data envio: 26/09/2024 11:10:35.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonzo, Oscar Insua Lema e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego do *Informe de Fiscalización Fondos Europeos. Exercicio 2022* elaborado polo Consello de Contas e ás rectificacións que vai impulsar para que Galiza deixe de perder oportunidades de desenvolvemento económico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de setembro de 2022 o Pleno do Consello de Contas aprobaba o *Informe de Fiscalización Fondos Europeos. Exercicio 2022*, fiscalización ordinaria incluída no programa anual de traballo de 2023. Unha vez máis, podemos ler un informe demoledor sobre a falta de planificación e execución do goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galiza como son os europeos.

Este informe ten como finalidade proporcionar ao Parlamento Galego e á sociedade un informe no que se exprese o desenvolvemento da execución orzamentaria dos fondos por parte das entidades e organismos que dispoñen destes, a identificación dos Fondos Europeos percibidos polos organismos xestores e a execución dos orzamentos de ingresos, realizándose unha análise final dos diversos beneficiarios e receptores finais das distintas modalidades de Fondos Europeos identificadas. Cómpre

CSV: BOPGDSDBDGabVxMGaZdA97
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:35
Nº Rexistro: 11949
Data envio: 26/09/2024 11:10:35.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recordar, así mesmo, que este informe atópase encadrado no novo marco financeiro europeo 2021- 2027, o segundo deste marco, que xa comezou con importantes eivas froito do retraso na aprobación do novo regulamento do marco financeiro actual por mor das sucesivas crises: sanitaria, financeira e enerxética, tal como recolle o Consello. Así mesmo, é preciso sinalar que aínda hai execucións en marcha do período anterior.

Aínda que este informe presenta menos limitacións ao alcance do que outros recentes, como o do sobrecuste do Álvaro Cunqueiro, cómpre sinalar que o Consello observa diferentes deficiencias. Por exemplo, salienta que as entidades evidenciaron unha falta de protocolos documentais comúns que permitan unha análise comparativa e homoxénea da información facilitada por cada un deles; que A denominación das modalidades de financiamento de Fondos Europeos relacionadas na base de datos 2022, Contas da Administración Xeral, difire da recollida na táboa Xumco 2022; non existe un estado contable da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos e entes públicos que reflicta de forma consolidada a execución ou que non existe un procedemento que permita á Xunta o seguimento da participación dos seus organismos ou entes en proxectos cofinanciados con fondos da Unión Europea cuxo orixe de transferencias sexa distinto do da propia Administración Autonómica.

O Consello de Contas conclúe un retraso considerable xeral na execución efectiva dos proxectos europeos do novo marco 2021-2027, o que comporta a necesidade de efectuar reasignacións financeiras dende o exercicio 2021 a exercicios posteriores. O Consello sinala un atraso global na planificación, que impide a nivel de toda a UE que as axudas estean chegando de maneira efectiva á economía real, o que certifica a lectura que no seu día fixo o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como uns fondos mal enfocados.

CSV: BOPGDSDBDGabVxxMGaZdv97
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:35
Nº Rexistro: 11949
Data envio: 26/09/2024 11:10:35.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda así, amosa marxe de mellora para o goberno galego. Cómpre destacar que, relacionando a execución dos Fondos Europeos coa execución xeral do orzamento da Comunidade, no exercicio 2022 mantense a tendencia histórica de diferenciais negativos; chegando neste exercicio a ser esta desfavorable para os Fondos Europeos en relación coa execución xeral en fase de obrigas de -43,44% e en fase de pagamentos de -49,27%. Por outra banda, a execución xeral da Comunidade Autónoma na fases "O" e "P" ambas as dúas sobre o crédito definitivo foi de 90,79% e 82,45% respectivamente, fronte ao 47,34% e 33,18% destes mesmos rateos nos fondos europeos.

Así, o Consello sinala literalmente que: Á vista dos datos cómpre adoptar as medidas necesarias para mellorar a execución dos fondos europeos co obxectivo de reverter a tendencia destes diferenciais negativos. O Informe tamén salienta que a execución do orzamento de ingresos do exercicio corrente mostra un distanciamento significativo entre as previsións definitivas e finalmente, canto a conclusións xerais, abonda no seguinte:

"Os índices de execución xeral avaliados amosan que cómpre adoptar medidas para axilizar con prontitude a xestión do novo marco 2021-2027. Deben terse en conta os retrasos xa acumulados, e que o financiamento europeo xestionado é o maior da serie histórica como consecuencia das crises económica, enerxética e sanitaria.

Estas medidas deberán ser adoptadas entre todos os axentes intervintes na execución dos proxectos, co obxectivo de que o financiamento europeo teña un impacto real na economía, a prol do tecido produtivo e da cidadanía que son os beneficiarios últimos dos recursos europeos."

Este informe vén constatar o fracaso do goberno galego na xestión dos fondos europeos post covid, un contexto no que rexeitou, malia as demandas da primeira forza

CSV: BOPISDBGabVxMGazAv97
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:35
Nº Rexistro: 11949
Data envio: 26/09/2024 11:10:35.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da oposición e de distintos axentes da sociedade galega, un debate democrático sobre o destino, as prioridades e os procedementos a impulsar como país para un meirande aproveitamento. O resultado é, lamentablemente, máis profundo que unha evidente falta de execución, pois certifica a falta de transferencia ao tecido social e económico e a falta do impulso dunha verdadeira transformación económica e produtiva para atender os retos da transformación socioeconómica que vive o mundo e o noso país.

É preciso, polo tanto, que o goberno galego faga propósito de emenda e impulse as recomendacións do Consello e outras medidas para garantir que se corrixe a falta de planificación e execución do goberno galego e o desaproveitamento de fondos vitais para o desenvolvemento económico e social de Galiza como son os europeos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai impulsar o goberno galego para rectificar o seu fracaso na xestión dos fondos europeos que sinala o Consello de Contas?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPRSDBCGNXY1632d97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 11:10:35
Nº Rexistro: 11949
Data envio: 26/09/2024 11:10:35.675

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2024 11:05:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/09/2024 11:07:52

Óscar Insua Lema na data 26/09/2024 11:08:30

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/09/2024 11:08:48

Rosana Pérez Fernández na data 26/09/2024 11:09:38

CSV: BOPRSDBOGdvYcxMGzdv97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11982
Data envio: 26/09/2024 16:25:41.305

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a que Augas de Galiza asine un convenio para colaborar no financiamento da nova EDAR no concello da Illa de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Illa de Arousa é un concello mariñeiro de menos de 5.000 habitantes enclavado no centro da Ría de Arousa. Conta cunha EDAR que foi posta en marcha no ano 2003 por Augas de Galiza na zona de Testos. O modelo e a tecnoloxía escollidas provocaron desde o inicio do seu funcionamento o incumprimento da Directiva 91/271/CEE sobre o tratamento das augas residuais urbanas.

Como consecuencia das reiteradas vulneracións da directiva europea de tratamento da augas residuais urbanas o Estado español vese inmerso en varios expedientes sancionadores. Debido a isto, declarouse de interese xeral do Estado a construción dunha nova EDAR na Arousa pola Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, Disposición adicional centésima sexaxésima primeira "Depuración y Saneamiento de A Illa de Arousa".

No mes de maio asinouse o convenio entre ACUAES e o Concello para a construción da depuradora de Niño de Corvo.

As únicas inversións do Estado na Demarcación Hidrográfica Galiza-Costa, declaradas de interese xeral, foron a EDAR e colector de Ribeira, xa executada, a da Arousa en Niño de Corvo, en licitación, e a de Santiago de Compostela. No caso de

CSV: BOPISDBGPV0KMJ0230VR75
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11982
Data envio: 26/09/2024 16:25:41.305

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ribeira asinouse un convenio entre o Estado (ACUAES) e Augas de Galiza e financiaron o 100% da inversión. No caso de Santiago de Compostela acábase de asinar un convenio a tres partes ACUAES, Augas de Galiza e Concello.

A colaboración co financiamento por parte da Xunta de Galiza coas obras declaradas de interese xeral acordouse xa no ano 2020 entre a Conselleira Ethel Vázquez e o Secretario de Estado de Medio Ambiente Hugo Morán a cambio de que o Estado realizase inversións no tramo estatal dos fondos europeos en Galiza.

No Informe da Xunta de Galiza sobre a estratexia para mellorar o saneamento e depuración das Rías galegas 2023-2027 no apartado Modelo competencial e o papel da Xunta de Galiza destácase:

"A administración galega tamén ten competencias na colaboración técnico-administrativa coas corporacións municipais, co obxectivo de apoiar aos municipios na dotación de infraestruturas necesarias para a prestación dos servizos de saneamento e depuración da súa competencia".

Ademais tamén asume a programación, proxección e execución e/ou explotación de actuacións que se declaren de interese da Comunidade Autónoma, e participa no financiamento das grandes infraestruturas hidráulicas executadas polo Goberno Central.

A pesar de todo o exposto, no caso da EDAR da Arousa, despois de reiteradas solicitudes e reunións, Augas de Galiza négase a colaborar no financiamento, o que para o BNG é a todas luces un trato discriminatorio.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPSDBCPUCK0C3JVR75
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 11982
Data envio: 26/09/2024 16:25:41.305

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón de que Augas de Galiza non colabore no financiamento da nova EDAR da Illa de Arousa en Niño de Corvo?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2024 16:24:06

Luis Bará Torres na data 26/09/2024 16:24:12

CSV: BOPRISDBCPUCKK1G3UR75
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:17:37
Nº Rexistro: 11989
Data envio: 26/09/2024 17:17:37.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a solicitar ao Goberno español que dea marcha atrás na pretensión de encargar ás mutuas as probas e tratamentos sanitarios das persoas en situacións de incapacidade temporal por continxencias comúns.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 31 de xullo deste ano 2024 o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións anunciou un acordo da Mesa de Diálogo Social de Seguridade Social para "flexibilizar a xubilación, involucrar mellor ás mutuas nos tratamentos sanitarios e regular as profesións penosas".

A intención do Goberno español, que agora conta cos parabéns da CEOE, CEPYME, CC.OO e UGT, é promover a sinatura de convenios de colaboración entre os diferentes sistemas públicos de saúde autonómicos coas mutuas, a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social e máis o Instituto Nacional da Seguridade Social para que as mutuas poidan realizar cos seus medios probas diagnósticas e tratamentos a persoas en situación de Incapacidade Temporal por continxencias comúns afectadas por unhas determinadas patoloxías músculo esqueléticas, cando a xestión económica da súa prestación corresponda ás propias mutuas.

Avánzase algunha cuestión sobre como sería o procedemento para que as mutuas poidan efectivamente realizar esas probas ou tratamentos. Por exemplo, que o Servizo público de saúde manterá a determinación da diagnose e será quen emita os

CSV: BOPRSDBCP-VZN6820g-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:17:37
Nº Rexistro: 11989
Data envio: 26/09/2024 17:17:37.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

partes de baixa, confirmación e alta, que será preceptivo o consentimento previo da persoa, que as mutuas poderán denegar a solicitude de asistencia recibida, mais sempre que atendan unha porcentaxe mínima de derivacións, que cando acepten a derivación notificarán no prazo de 5 días a cita con día, lugar e hora para a realización da proba, que deberán poñer a disposición do Servizo público un informe sobre a situación médica da persoa doente a través do visor de historia de saúde dixital das mutuas, e que no prazo de 1 semana desde a realización da proba os servizos de atención primaria e especializada do servizo público de saúde realizará o "adecuado seguimento asistencial do interesado".

Esta proposta do Goberno español non deixa de ser unha constatación de como en lugar de mellorar o sistema público de saúde se opta por desviar recursos e fondos públicos ao sector privado.

A iniciativa para aumentar as derivacións cara a sanidade privada implica necesariamente que os asinantes contan con que a escaseza de medios e facultativ@s non afecta en igual medida ao sector privado, o que en si mesmo xa rebate o argumento da non existencia de médicos "no mercado", senón que implica tamén mellorar a posición do sector privado como competidor do sistema público á hora de contratar médicos especialistas, en radioloxía por exemplo, grazas ao aumento das derivacións cara a privada da realización destas probas.

Basicamente, o acordo asinado coas mutuas é para reducir a duración das baixas, a realización de probas diagnósticas e tratamentos terapéuticos e rehabilitadores en procesos de Incapacidade Temporal por continxencias comúns de orixe traumatolóxico.

Estes acordos derivarán cartos públicos cara a sanidade privada a través das mutuas, o que supón descapitalizar, aínda máis, a sanidade pública. Porén isto non mellorará a cobertura para as persoas traballadoras porque se renuncia a actuar sobre as

CSV: BOPGDSDBC-PZN6820g-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:17:37
Nº Rexistro: 11989
Data envio: 26/09/2024 17:17:37.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

causas dos procesos de incapacidade temporal, limitándose a actuar sobre as consecuencias: o número de incapacidades temporais e a súa duración.

En definitiva, con este tipo de medidas asumen os argumentos da patronal sobre o absentismo laboral, culpabilizando ás persoas traballadoras por estaren en situacións de incapacidade temporal por continxencias comúns.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está de acordo o Goberno galego coa pretensión do Goberno español de encargar ás mutuas as probas e tratamentos sanitarios das persoas en situacións de incapacidade temporal por continxencias comúns?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Ramón Fernández Alfonzo
Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2024 17:14:10

CSV: BOPRSDBCPVZN6820g-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:17:37
Nº Rexistro: 11989
Data envio: 26/09/2024 17:17:37.953

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 26/09/2024 17:15:27

CSV: BOPISDBC-PVZN6820g-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

Os datos oficiais publicados recentemente reafirman a crise marisqueira que esta sufrindo Galicia desde hai xa demasiado tempo. Esta situación foi reiteradamente denunciada por todos os sectores do sector do mar, concellos das zonas marisqueiras, os partidos da oposición, etc. e negados sistematicamente pola Consellería.

Esta crise pásalle factura sobre todo aos mariscadores e mariscadores, tanto os que faenan a pé como en embarcación, e tamén aos pescadores de baixura e litoral: desde xaneiro facturaron 33,45 millóns de euros, un 26 % menos que o ano pasado por estas datas e un 37 % menos que a media do que vai de século, nin o incremento de prezos compensa a drástica redución de capturas cando o prezo do quilo de marisco este ano é un 43 % superior á media desde o ano 2000.

Finalmente, a Consellería do Mar non pode máis que recoñecer o que, reiteradamente, levamos dicindo: A caída da produción marisqueira e sistémica, debéndose fundamentalmente a procesos vinculados ao cambio climático e á contaminación mariña, son os factores ambientais, naturais e/ou antropoxénicos, os que obxectivamente están influíndo na diminución de produción.

E por tanto claro que a acción humana e a xestión dos recursos naturais e industriais ten un efecto directo sobre a produtividade das nosas rias. Un dos parámetros que afecta aos bancos marisqueiros e a salinidade das augas,

CSV: BOPISDEG-cvbdaeaa2MW47
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sobre todo, en espazos como son as rias sometidos a procesos diarios de subida e baixada das mareas.

É critico, polo tanto, a incorporación de grandes volumes de auga doce en determinados momentos das mareas. Este aporte prodúcese polos rios, e nalgunhas rías, como é a de Arousa, o aporte neste caso do Ulla e moi importante. Está claro que a intensidade das choivas non poden ser reguladas, pero si que poden ser regulados e controladas a xestión que dos encoros realizan as empresas que xestionan esas infraestruturas hidráulicas.

As actuais tecnoloxías de comunicacións fan posible establecer sistemas de alerta e aviso para regular e comunicar aos sectores implicados cando se pode baleirar sen risco ambiental e regular e comunicar o proceso. A Xunta de Galicia ten competencias exclusivas de xestión da maioría das concas hidrográficas de Galicia e, por tanto, é competente para redactar esa normativa. A Consellería do Mar e a Xunta de Galicia levan moito tempo perdido, tempo que o sector Marisqueiro xa non ten.

Ante esta situación, os deputados que asinan preguntan:

En que estado se atopa a comunicación entre as empresas responsables e a coordinación entre distintos organismos competentes da Xunta de Galicia relativas á xestión dos encoros nas concas hidrográficas de competencia autonómica?

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 26/09/2024 16:07:40

CSV: BOPSDBCwdp3Fa2W47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:35:18
Nº Rexistro: 11997
Data envio: 26/09/2024 17:35:18.486

Grupo
Parlamentario
Socialista

Carlos López Font na data 26/09/2024 16:07:48

CSV: BOPSDBC-vgbxfrazW47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:48:47
Nº Rexistro: 12003
Data envio: 26/09/2024 17:48:47.569

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Manuel Golpe Acuña e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a tramitación do proxecto eólico Hedreira, de competencia estatal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico está a tramitar o proxecto do parque eólico Hedreira, de 75MW, e da súa infraestrutura de evacuación asociada, situado nos concellos de A Lama, Beariz e Avión.

O proxecto prevé a instalación de 13 aeroxeradores, catro deles con un diámetro de rotor de 150 m e unha altura de buxe de 90 m, e dos nove restantes con un diámetro de rotor de 162 m e unha altura de buxe de 119 m. As infraestruturas de evacuación, compartidas con outros proxectos, están integradas pola subestación eléctrica colectora (SET) Suido, desde a que se proxecta unha liña de alta tensión (LAAT) de 132 kV, con unha lonxitude aproximada de 11 km, até a segunda SET denominada "SET Colectora Paraño 132/400 kV, desde a cal partirá unha LAAT 400 kV, de 186 m de lonxitude, ata a SET "Beariz" 400 kV, titularidade de REE.

No mes de abril de 2024 fíxose público o informe de determinación ambiental do proxecto no que se advirte da afección a hábitats e especies de interese comunitario, a especies protexidas ou ameazadas catalogadas, ao medio hídrico, ao patrimonio cultural, á paisaxe, etc.

CSV: BOPISDBOSVHHKDZAV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:48:47
Nº Rexistro: 12003
Data envio: 26/09/2024 17:48:47.569

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A respecto das afeccións sinérxicas con outros proxectos próximos, o informe de determinación ambiental sinala a existencia nun radio de 25 km de 17 parques eólicos en funcionamento, que suman 421 aeroxeradores; 22 proxectos autorizados, que suman 116 aeroxeradores; e 2 parques eólicos autorizados sen acceso e conexión (7 aeroxeradores).

Sinala o informe de determinación ambiental que "O grande número de parques eólicos en funcionamento, en obras, autorizados e en tramitación na zona podería superar a capacidade de acollida do territorio".

O parque eólico Hedreira resulta ser un novo proxecto, con cambio de nome e ampliación de potencia, do parque eólico Alto da Puza, tramitado pola mesma promotora e que contou con unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta de Galiza.

Esta declaración desfavorable baseouse nun informe negativo do Instituto de Estudos do Territorio, qu sinalaba que "os oito xeradores do parque eólico Puza, sumados aos correspondentes parques eólicos en tramitación e os parques eólicos xa existentes en funcionamento, producirían un moi intenso impacto visual (neste sentido crítico, para os efectos do artigo 33.1.d) do Regulamento da Lei 7/2008), por canto serían visibles desde amplas superficies incluidas na delimitación da AEIP Serra do Suido, afectando de forma irreversible o carácter dunha área de especial interese paisaxístico, a paisaxe da Serra do Suido, sen que esa afección visual poida ser reducida nin mitigada mediante ningunha medida correctora".

A maior abondamento, na tramitación deste proxecto e noutros como o do parque eólico Carballoso, na mesma zona, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural fai referencia a que "no lugar están en estudo distintos espazos ben conservados que reúnen valores ambientais pola presenza de turbeiras e hábitats asociados insuficientemente representados na Rede Galega de espazos naturais". E tamén a Dirección Xeral de

CSV: BOPARG-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:48:47
Nº Rexistro: 12003
Data envio: 26/09/2024 17:48:47.569

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Patrimonio Natural salienta a "existencia de numerosas construcións etnográficas relacionadas coa presenza histórica dun sistema de explotación gandeira de carácter extensivo que foi a actividade principal da zona desde a época medieval e que constitúen elementos singulares e únicos da Serra do Suido". Indicáse tamén que "Estas construcións presentan estruturas realizadas con pedra seca, en perfecta harmonía co medio natural. A técnica de construción en pedra seca figura incluida no Censo do patrimonio cultural de Galiza como manifestación do patrimonio cultural inmaterial".

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego informar desfavorablemente o parque eólico Hedreira, situado nos concellos de A Lama, Beariz e Avión, en coherencia cos informes no mesmo sentido aprobados en relación co parque eólico Puza?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Noa Presas Bergantiños
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/09/2024 17:47:28

CSV: BOPRSDBCSV/ZHHKZBN-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 17:48:47
Nº Rexistro: 12003
Data envio: 26/09/2024 17:48:47.569

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 26/09/2024 17:47:33

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2024 17:48:05

CSV: BOPIS/DBOCSV/HUBEN-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 18:03:23
Nº Rexistro: 12010
Data envio: 26/09/2024 18:03:23.714

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, **Secundino Fernández Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao fomento e mellora da produción ecolóxica en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción ecolóxica en Galiza demostrou ser un sector clave para o desenvolvemento sostible, a protección do medio ambiente e a xeración de emprego no ámbito rural. Porén, a actividade agroecolóxica enfronta múltiples desafíos que están a limitar a súa expansión e consolidación.

Entre as problemáticas máis urxentes atópanse a escaseza de solo dispoñible para a produción ecolóxica, a dificultade de acceso a terreos a prezos razoables, a falta de apoio institucional en termos de asesoramento técnico e formación, así como o atraso e a falta de pagamento das axudas comprometidas nos últimos anos. Esta situación xera unha clara desvantaxe competitiva para os produtores ecolóxicos galegos, dificultando a súa capacidade de planificación, investimento e crecemento. A falta de cumprimento no pagamento das axudas supón unha grave vulneración dos dereitos dos agricultores e gandeiros, e pon en perigo a viabilidade dos seus proxectos. Ademais, a falta de solo dispoñible e o acceso limitado a terreos de calidade axeitada a prezos accesibles impiden a expansión deste modelo produtivo, indispensable para a diversificación e sustentabilidade da actividade agraria en Galiza.

CSV: BOPISDBDCAB8MG03ZNVCF9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 18:03:23
Nº Rexistro: 12010
Data envio: 26/09/2024 18:03:23.714

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta realidade, faise urxente e necesario establecer medidas concretas e efectivas que promovan o desenvolvemento do sector ecolóxico, garantindo un entorno favorable para o seu crecemento e asegurando a protección dos dereitos dos produtores.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a estratexia da Xunta de Galiza para mellorar a comercialización e a distribución de produtos ecolóxicos locais favorecendo o consumo de proximidade e evitando a dependencia de grandes distribuidoras?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Montserrat Valcárcel Armesto
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 26/09/2024 18:01:55

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/09/2024 18:02:07

CSV: BOPRSDBCGMBMO03NV7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 18:03:23
Nº Rexistro: 12010
Data envio: 26/09/2024 18:03:23.714

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 26/09/2024 18:02:17

Ariadna Fernández González na data 26/09/2024 18:02:25

Secundino Fernández Fernández na data 26/09/2024 18:02:33

CSV: BOPG-DSDBCGAB-MDG3NV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 18:10:25
Nº Rexistro: 12015
Data envio: 26/09/2024 18:10:25.818

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Cristina Fernández Davila, Brais Ruanova Vilas-Boas e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á inundación producida na planta de cardioloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na tarde noite de onte, 25 de setembro, produciuse unha inundación no Hospital Álvaro Cunqueiro, que afectou principalmente á planta de cardioloxía, máis todo indica que non só.

Durante varias horas estivo correndo grande cantidade de auga, que se crepitaba na planta de cardioloxía, anegando varias dependencias nas que había grande cantidade de material e medicación. Parece ser que a inundación foi consecuencia da rotura dunha válvula de un fancoil (equipo de refrixeración auga-aire).

Diante desta situación é preciso que o Sergas dea explicacións do sucedido, a causa da rotura, cal foi o alcance dos danos, e a responsabilidade da empresa concesionaria do Álvaro Cunqueiro, toda vez que é a propietaria da infraestrutura e responsábel do seu mantemento, até que no 2035 pase a propiedade do Sergas, despois de ter pagado un sobrecuste polo hospital de máis de 470 millóns de euros.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

CSV: BOPG-[illegible]
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 18:10:25
Nº Rexistro: 12015
Data envio: 26/09/2024 18:10:25.818

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales foron as causas da inundación producida o 25 de setembro na planta de cardioloxía do hospital Álvaro Cunqueiro?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Cristina Fernández Davila

Brais Ruanova Vilas-Boas

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2024 18:06:15

Iria Carreira Pazos na data 26/09/2024 18:06:21

Carmela González Iglesias na data 26/09/2024 18:07:20

Alexandra Fernández Gómez na data 26/09/2024 18:07:22

Cristina Fernández Davila na data 26/09/2024 18:08:09

CSV: BOPRSTDBOG-PCET3LKV97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2024 18:10:25
Nº Rexistro: 12015
Data envio: 26/09/2024 18:10:25.818

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 26/09/2024 18:08:17

Paulo Ríos Santomé na data 26/09/2024 18:09:01

CSV: BOPRSDBOG-p0CETBJK0v97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12115
Data envio: 30/09/2024 14:04:32.232

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á intención da Xunta de Galiza de suprimir o departamento de lingua portuguesa no IES San Paio de Tui.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación xerada na comunidade educativa no IES San Paio de Tui trala notificación da Xunta de Galiza de suprimir o departamento de lingua portuguesa no centro.

Exposición de motivos

A Consellaría de Educación anunciou que vai eliminar o departamento de portugués do IES San Paio de Tui. Trátase dun dos primeiros centros en implantar a ensinanza do portugués na educación secundaria en Galiza, hai varias décadas.

Esta supresión resulta incomprensíbel por varios motivos:

- As cifras de matrícula desta lingua están máis que consolidadas e, de feito, para este curso a matrícula é máis elevada que nos anos anteriores (en 1.º da ESO, 30 alumnos e alumnas, por exemplo).
- A proximidade xeográfica de Tui, a só un quilómetro de Portugal, fai que a oferta desta lingua para o alumnado deba ser unha aposta estratéxica. Ademais, Tui forma parte da Eurocidade Tui-Valença, polo que eliminar o departamento parece unha decisión pouco lóxica.

CSV: BOPRIS0BOCapvc0e8ZJN-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12115
Data envio: 30/09/2024 14:04:32.232

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O alumnado de ESO que enviou ao centro aos exames do CAPLE (Centro de Avaliação de Português Língua Estrangeira) nos últimos anos obtivo uns resultados moi positivos, cun 100% de aprobados e demostrando o nivel de competencia que obteñen no centro.

- A adquisición dunha lingua adicional fai que a oferta de portugués sexa especialmente útil para o futuro profesional do alumnado do centro, e para toda a localidade.

- A existencia do departamento permite unha mellor organización e planificación pedagóxica, ademais de elaborar unha programación específica para a realidade social e lingüística do centro.

Un dos obxectivos da Lei 1/2014, do 24, denominada Lei Paz-Andrade, aprobada hai dez anos no Parlamento Galego, é o de introducir a lingua portuguesa no ensino: "É preciso fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta tamén o crecente papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa".

Non é a primeira vez que a Consellaría de Educación tenta eliminar o Departamento de Portugués do IES San Paio de Tui, mais a oposición da comunidade educativa e da sociedade de Tui fixeron que non fose así, o que demostra que a oferta desta lingua conta cun importante apoio social. Tanto é así que dende o Bloque Nacionalista Galego presentouse este mesmo mes de setembro unha iniciativa instando a dar marcha atrás na eliminación do departamento de portugués do IES San Paio que foi aprobada por unanimidade de tódolos grupos.

O Goberno Galego manifestou, en diversas ocasións e contextos, que concorda cos obxectivos da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coñecida como Lei Paz-Andrade, aprobada en 2014

CSV: BOPGDSDBDGapVd0eB3ZJlv-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12115
Data envio: 30/09/2024 14:04:32.232

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por unanimidade no Parlamento Galego, derivada dunha Iniciativa Lexislativa Popular que chegou ao Parlamento co apoio de máis de 17.000 sinaturas.

Hai uns meses debateuse no Pleno do Parlamento Galego o cumprimento desta Lei, no décimo aniversario da súa aprobación. Neste debate, dous membros do Goberno Galego afirmaron concordar cos obxectivos da Lei e puxeron en valor os esforzos do mesmo para cumprila e avanzar nos seus obxectivos.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Vai manter o Goberno galego o departamento de lingua portuguesa do IES San Paio de Tui?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 30/09/2024 14:04:13

CSV: BOPRISDBOGaPvt0eBZJN-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 12118
Data envio: 30/09/2024 14:17:54.143

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e **Carmen Rodríguez Dacosta**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** urxente en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola espera que está a ter o sector para que o Goberno galego lle dea solución ao stock de viño e a falla de recollida de uva dado o avance da vendima.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Que efectos ten previsto acadar a Xunta de Galicia co paquete de medidas anunciado que a día de hoxe segue sen estar publicado no Diario Oficial de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 30/09/2024 14:16:21

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/09/2024 14:16:29

CSV: BOPSDBCG3EXIP3ZJ1V-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2024 18:25:04
Nº Rexistro: 12132
Data envio: 30/09/2024 18:25:04.293

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que medidas pensa implementar nas políticas do Goberno galego para afrontar os principais problemas que vive a mocidade galega na actualidade?

Santiago de Compostela, 30 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/09/2024 18:06:08

CSV: BOPSDEG-Vrdm8ZUK97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2024 18:26:47
Nº Rexistro: 12133
Data envio: 30/09/2024 18:26:47.901

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr Rueda, como valora a ampliación do contrato da concesión da AP-9 realizada polo goberno do Estado en 2000?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2024 18:22:48

CSV: BOPRSDBEGAMKMDW6ZXV47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-Vcxm3ZJV-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/